87 xaneiro
febreiro
marzo
Tomo XXIII-1985

GRIAL

XOAN X. ALFAIA: Ser galegos: Identidade e solidaridade.

M. MANDIANES: A matanza na rexión da Limia.

X. R. BARREIRO: A conspiración liberal galega de 1817.

M.ª CARME ARES: Unha aproximación a «Os biosbardos» de Blanco Amor.

F. F. DEL RIEGO: O cego de Pumardedón.

X. LANDEIRA: Galicia e o momento estelar de «La Barraca».

LIBROS DE NARRACION EDITADOS POR "GALAXIA"

Anxel Fole / A LUS DO CANDIL (4.ª ed.).
Alvaro Cunqueiro / MERLÍN E FAMILIA (6.ª ed.).
Anxel Fole / TERRA BRAVA (3.ª ed.).
Alvaro Cunqueiro / AS CRÓNICAS DO SOCHANTRE (2.ª ed.).
Alvaro Cunqueiro / ESCOLA DE MENCIÑEIROS (4.ª ed.).
Alvaro Cunqueiro / SI O VELLO SIMBAD VOLVESE AS ILLAS (2.ª ed.).
Castelao / COUSAS (6.ª ed.).
Eduardo Blanco-Amor / OS BIOSBARDOS (5.ª ed.).
Alvaro Cunqueiro / TESOUROS NOVOS E VELLOS (2.ª ed.).
Castelao / OS DOUS DE SEMPRE (8.ª ed.).
Xosé Fariña Jamardo / CO SORRISO NOS BEIZOS.
Alvaro Cunqueiro / XENTE DE AQUÍ E DE ACOLÁ (3.ª ed.).
Eduardo Blanco-Amor / XENTE AO LONXE (4.ª edición).
Xosé Gayoso Veiga / COA NOSA XENTE.
Xosé M.ª Castroviejo / MEMORIAS DUNHA TERRA (2.ª ed.).
X. L. Méndez Ferrín / ELIPSIS E OUTRAS SOMBRAS (2.ª ed.).
Carlos Casares / XOGUETES PARA UN TEMPO PROHIBIDO (6.ª ed.).
Eliseo Alonso / A RÚA DO NOXO.
Alvaro Cunqueiro / A COCIÑA GALEGA (3.ª ed.).
Camilo Gonsar / CARA A TIMES SQUARE.
Neira Vilas / ENCRUCILLADAS (2.ª ed.).
Carlos Casares / ILUSTRÍSIMA (2.ª ed.).
Xavier Alcalá / FÁBULA (2.ª ed.).
Carlos Casares / VENTO FERIDO (3.ª ed.).
Víctor F. Freixanes / O TRIÁNGULO INSCRITO NA CIRCUNFERENCIA (2.ª ed.).
X. L. Méndez Ferrín / PERCIVAL E OUTRAS HISTORIAS (3.ª ed.).
X. L. Méndez Ferrín / ARRABALDO DO NORTE (2.ª edición).
Paco Martín / NO CADEIXO.
R. Otero Pedrayo / ARREDOR DE SÍ.
R. Otero Pedrayo / O MESÓN DOS ERMOS.
Xosé Fariña Jamardo / TIROLIRO A SETE VOCES.
Carlos Casares / OS ESCUROS SOÑOS DE CLÍO.
Xosé Neiras Vilas / XENTE NO RODICIO.
M.ª Xosé Queizán / A ORELLA NO BURACO.
Alfredo Conde / XA VAI O GRIFÓN NO VENTO.

EDITORIAL GALAXIA, S. A. Reconquista, 1
Apartado 1569 - Telfs. (986) 43 21 00 - 43 32 38
VIGO

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** Codirectores: **Ramón Piñeiro López** e **Francisco Fernández del Riego.** Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN: EDITORIAL GALAXIA - Reconquista, 1 - VIGO
Imprime: «A. G. Galicia, S. A.» - Segovia, 15 - VIGO / Dep. Legal: VG 99-1963

SUMARIO

Páxinas

ENSAIOS

Ser galegos: Identidade e solidaridade, por XOAN XULIO ALFAIA 3

A matanza na rexión da Limia, por MANUEL MANDIANES CASTRO 15

A conspiración liberal galega de 1817, por XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ 32

Unha aproximación a "Os biosbardos". Contos prá xente de Eduardo Blanco Amor, por M.ª DO CARME ARES VÁZQUEZ 47

ESCOLMA

O cego de Pumardedón, por FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO 61

A noite no crátere, por CÉSAR ANTONIO MOLINA 71

4 Poemas, por RAMIRO FONTE 73

In memoriam do poeta Feliciano Rolán Vicente, por DICTINIO DE CASTILLO-ELEJABEYTIA 75

PENEIRA DOS DÍAS

Galicia e o momento estelar de "La Barraca", por XOSÉ LANDEIRA YRAGO 76

Un epílogo desde fóra, por CAMILO GONSAR 89

A propiedade da terra en Galicia: Do antigo ao novo réxime, por XOSÉ R. QUINTANA GARRIDO 93

Ousa, Ouselle, Ousille, Ousón: Notas histórico-etimolóxicas, por NICANDRO ARES 99

Meditación sobre o Haiku, por ROMÁN RAÑA LAMA 103

Un romance de Santiago das Illas Feroé, por VICENTE ALMAZÁN 108

O cineclubismo en Galiza: De onte para mañán, por MARCOS VALCÁRCEL 111

LIBROS, por *X. L. Axeitos, S. Lorenzana, Violeta Castro* e *S. L.* 117

O REGO DA CULTURA 124

Tomo XXIII • N.° 87 • xaneiro - febreiro - marzo, 1985


Lapomio

SER GALEGOS: IDENTIDADE E SOLIDARIDADE

> "O nacer a sí mesmo supón un movimento de *saír de sí,* como o neno sae do ventre materno. Polo tanto, os homes non nacen nunca dunha vez por todas. Teñen que construirse, crearse."
>
> MICHEL RICHARD [1]

O NACIMENTO HISTÓRICO

Un pobo nace como tal no momento no que sae dun estado de dependencia e indiferenciación para asumir a súa propia identidade e desenrolar as súas potencialidades: unha cultura propia, unha maneira de enfrentar a vida, unha organización política, en definitiva, un modo peculiar de ser, de sobrevivir e de convivir. Pero igual que sucede coas persoas, os pobos pasan por un período de dependencia e indiferenciación, unha infancia tutelada, no que se van conformando as súas características esenciais e preparándose para esa separación, nunca isenta de dór e rebeldía, que constitúe o nacimento histórico.

Por poñer un exemplo, o pobo de Israel vive esta infancia tutelada en Exipto e é alí onde se vai conformando a súa conciencia colectiva e os seus anceios de libertade, preparándose así para *ex-sistir,* para saír de, para iniciar o seu propio camiño a través da historia. O paso do Mar Vermello é a auténtica ruptura do cordón umbilical que mantiña a Israel nun estado de dependencia infantil, o desprendimento e separación da nai (Exipto) que lle permitirá, despois de atravesar o deserto, asumir a súa identidade e realizar a súa misión específica.

¿Cándo viviu Galicia esa infancia na que se conformou sociolóxicamente como pobo? Dí Barreiro Fernández: "Gracias a Roma os pobos de Galicia descobren o que sempre os unira, *e constitúen así o pobo galego*" [2]. Pero ao contrario de

---

[1] Michel Richard, *El nacimiento,* Ed. Sal Terrae, Santander, 1983.

[2] Xosé R. Barreiro Fernández, *Historia política* en *Los Gallegos,* Ed. Istmo, Madrid, 1976.

Israel, en Galicia non se deu esta ruptura do cordón umbilical. Existimos sociolóxicamente, ocupamos un lugar no mapa, pero necesitamos nacer históricamente para ocuparmos un lugar na historia.

Hai persoas que naceron biolóxicamente, pero que permanecen nun estado de dependencia e indiferenciación infantil, inconsciente, que non lles permite chegar a ser elas mesmas. E aos pobos sucédelles como ás persoas. Poden ir pasando dunha dependencia a outra sin chegar nunca a cortar o cordón umbilical que os une á Gran Nai. Non hai posibilidade de maduración se non hai ruptura e rebeldía, é decir, autoafirmación. Non abonda con nacer biolóxicamente, compre nacer existencialmente, ex-sistir, saír de, separarse de, romper cun estado de dependencia e indiferenciación.

Existir non é algo que se realiza dunha vez por todas, senón un proceso que compre vivir cada día, aínda que teña fitos, momentos estelares que serven de referencia e aos que hai que retornar de vez en cando para non perderse no camiño da historia persoal ou colectiva.

IDENTIDADE E SOLIDARIDADE

Un pobo pode vivir durante séculos unha vida vexetativa, ocupar un lugar no mapa sin entrar na historia. Pode *estar ahí,* existindo sociolóxicamente, como un obxeto pasivo que vive en función do uso que outros lle dan. Pode ter unha persoalidade potencial, subterránea, que non chega a exercer. Para pasar deste *estar ahí* ao *ser* compre madurar, crecer e, chegado o momento, desprenderse, romper cun estado de dependencia fetal e comezar a existir.

O crecemento do neno ten dous polos: o egocentrismo e a alteridade *(alter,* outro). O seu egocentrismo permítelle sobrevivir nunhas condicións de total dependencia da nai. Se o neno nacese pensando nos demáis, tratando de non molestar, non lograría sobrevivir moito tempo. O paso á alteridade non é posible cando existen grandes carencias que obrigan ao novo ser a seguir centrado en sí mesmo. Estas carencias poden ser alimenticias, afectivas, cognitivas, de reconocimento da propia identidade, etc., e, cando son graves, poden interrumpir ou alterar o proceso de convertirnos en seres-para-os-demáis. O noso destino é a alteridade. "A persoa, di Leonardo Boff, é *esencialmente* comunión, relación e diálogo. O eu únicamente existe e subsiste se se abre a un ti. A palabra orixinaria non é 'eu', senón 'eu-ti-nós'. Soio a través do 'ti', se descobre o 'eu' en canto tal. A persoa é, evidentemente, autonomía e libertade. Pero non libertade *con respecto* aos demáis, senón *para* os demáis. Canto máis

libre é unha persoa para os outros, e especialmente para o Gran Outro (Deus), máis se fai persoa"[3].

Os homes somos seres en tensión cara aos outros, pero a persoa non pode deixar de amarse a sí mesma, de coidarse, de gostar de sí, pois eso a levaría ao desequilibrio. Ignorarnos a nós mesmos como obxeto do noso coidado non facilita para nada a alteridade. "Amarás ao próximo como a ti mesmo" é o equilibrio, pero tamén a tensión do amor.

Os dous polos de crecemento dun pobo son a *identidade* e a *solidaridade*. Estes dous polos deben potenciarse mutuamente. Canto máis seguro estou da miña identidade, máis solidario podo ser, máis capacitado estou para vivir unha relación de igual a igual cos demáis e non unha relación de dependencia ou de dominación. Cando a identidade está ferida ou non medrou dabondo, a solidaridade é imposible. Non se pode amar a partir do non-ser. A posibilidade de existir, de saír de min, de ser-para-outros, é tanto maior canto máis sólida sexa a miña identidade.

A identidade dun pobo é a conciencia de "nós", o idioma, a cultura, a terra, a sensibilidade colectiva, a maneira peculiar de organizar a supervivencia e a convivencia. E a solidaridade ten unha doble orientación: a solidaridade cara adentro, entre nós mesmos, e a solidaridade cos demáis, debendo atinguir tanto pola súa profundidade como pola súa extensión unha dimensión universal. Así como o eu existe e subsiste abríndose a un ti, a identidade existe e subsiste abríndose á solidaridade. A identidade fai posible a solidaridade, e a solidaridade á súa vez reforza e profundiza a identidade.

A IDENTIDADE FERIDA

Domenico Casera no seu libro sobre os psicóticos[4] fala dunha das orientacións máis interesantes da psicoterapia hoxendía, a existencialista, recorrindo a tres palabras-conceptos da terminoloxía alemana: o *Umwelt*, o *Mitwelt* e o *Eigenwelt*.

O *Umwelt* é o ambiente, o mundo físico: a natureza, o clima, o hábitat. "Non é no plano do ambiente, di Casera, onde se sitúan os verdadeiros problemas do home, senón máis ben no do *Mitwelt*, o mundo da relación cos outros, o mundo constituido polos que son os meus próximos, que se misturan na miña vida e que eu non podo evitar nin ignorar". O clima, por exemplo, pode explicar certas peculiaridades psicolóxicas dun pobo, pero non explica a esencia do seu ser colectivo.

---

[3] Leonardo Boff, *Jesucristo el Liberador*, Ed. Sal Terrae, 1980.
[4] Domenico Casera, *Mis hermanos los psicóticos*, Ed. Paulinas, Madrid, 1983.

Frente ao *Umwelt* podo adaptarme, frente ao *Mitwelt* teño que establecer unha relación satisfactoria. "Pero as meirandes dificultades, segue decindo Casera, según os terapeutas existencialistas, danse no mundo propio de cada ún, no que os alemáns chaman o *Eigenwelt,* o mundo das relacións consigo mesmo... Debo establecer unha relación válida comigo mesmo. Debo ver claro na fraga que é o meu foro interno, se quero ver claro no mundo que me rodea".

Sin dúbida, o estudio do mundo interior e o análise das relacións do individuo consigo mesmo nos descobren un horizonte novo e esperanzador e multiplican por mil as posibilidades de comprender e remediar a infelicidade humana. A moitos lles parecerá increíble que os seres humanos teñamos tan graves dificultades para coñecernos, aceptarnos e coidarnos a nós mesmos, para ser simplemente, e totalmente, o que somos. "A neurose é a discordia consigo mesmo", escribía Jung a principios de século. E a esquizofrenia é, dentro da psicopatoloxía clásica, a forma máis extrema de división do home contra sí mesmo. Etimolóxicamente esquizofrenia quere decir "mente dividida", anque na realidade a escisión non se limite á función intelectual, senón que afecte á totalidade do ser.

A partir desto, eu definiría o amor como a actitude relacional capaz de despertar no outro o sentimento de dignidade, a confianza, o coidado e o gosto de sí mesmo. Esta actitude require unha grande madureza afectiva. Este amor é fundamentalmente un *amor de re-creación.* Eu síntome recreado cando son aceptado, comprendido e respetado por outro ate o máis fondo de min mesmo. É a complacencia no ser do outro, a capacidade de re-crearse no outro, a que pode despertar a forza da vida latente nel.

Cando unha persoa se sinte aceptada, comprendida e respetada sin ter que representar un papel ou poñerse unha máscara, cando atopa ese outro que é capaz de re-crearse nela, esa persoa aprende a confiar en sí mesma e a sentirse segura no mundo. O seu ser-no-mundo adquire así unha base de seguridade, confianza e gosto pola vida. A ausencia desta aceptación (a fría indiferencia, ou o rechazo) provocan polo contrario o sentimento de indignidade e a vergoña de existir.

O sentimento de indignidade obriga a moitos seres humanos a perseguir un ideal imposible (heroísmo, santidade, éxito económico, prestixio social, etc.) que lles permita sentirse importantes e, polo tanto, merecentes da aceptación dos demáis. Esta loita pola aceptación en base a un ideal imposible conduce irremisiblemente ao fracaso e á impotencia. A frustración histórica de Galicia (este existirmos sociolóxicamente, pero non históricamente), que nos conforma como un pobo ontolóxicamente inseguro, é a que nos move a procurar no

pasado o Gran Mito compensador capaz de devolvernos o gosto de ser nós mesmos: a orixe celta, os Irmandiños...

Pero o pasado non nos libera nin nos condena. "Auga pasada non move muiño", di o refrán. Non nos liberan os grandes mitos, sobre todo cando non son certos, pero tampouco nos condenan os grandes fracasos, as grandes frustracións. "Non é xusto dar ao pasado un poder fatal sobre o presente, dí Rollo May. Volver cara atrás remoendo fracasos pretéritos supón un gasto de enerxías enorme e inútil... Non é o pasado o que debo resolver, senón o presente, e o resolvo avanzando, tendo os ollos fixos cara adiante" [5].

A identidade ferida procura unha compensación nas falsas ilusións ou nas fantasías propias do pensamento máxico-infantil, ou na aspiración a un ideal imposible. Frente a esto, a alternativa é enfrentarse dun modo realista á propia realidade cunha actitude de esperanza no sentido positivo da vida e da historia. A vida é máis forte ca morte. A vida é un principio dinamizador que actúa por sí mesmo en canto deixa de ser bloqueado polo noso medo e polas nosas inseguridades.

A IDENTIDADE ADULTA

Ter unha identidade adulta é ter a seguridade de ser ún mesmo, un ser único e irrepetible, e sentirse digno de respeto, comprensión e amor por parte dos demáis sin ter que representar un papel ou levar unha máscara que nos faga máis aceptables. É *sentir* que ún é digno de ser amado e capaz de dar amor polo simple feito de estar vivo e existir.

Na nenez a identidade é pasiva. O neno necesita recibilo todo de seus pais. Do mesmo xeito que recibe alimento e coidados corporais, o neno necesita ser recoñecido e chamado polo seu nome ao mesmo tempo que atopa na resposta positiva e coherente (verbal e afectiva) á súa pregunta "¿quéresme?" a raíz da súa seguridade.

Na adolescencia a afirmación da propia identidade vai acompañada dunha actitude de rechazo ou contradependencia respecto á autoridade familiar e ao sistema de valores do mundo adulto.

Finalmente, o home adulto atopa en sí mesmo o eixo do seu ser. É capaz de confiar nos seus sentimentos e na súa experiencia. Non hai nel dependencia, como no neno, nin contradependencia, como no adolescente, senón serea e firme autoafirmación. Bonhoeffer expresouno así: "Pero ¿non é ún dos rasgos esenciais do home, en contraposición ao adolescente, que o centro de gravedade da súa vida se atope sempre alí onde el se atopa, e que a nostalxia de ver incumplidos os

[5] Citado por Domenico Casera.

seus desexos non sexa capaz de impedirlle ser totalmente o que é alí onde a vida o situou?"[6].

A actitude relacional do neno é de dependencia; a do adolescente, de rebeldía e contradependencia. No adulto, autónomo e responsable, as relacións cos demáis son de igual a igual. Os pobos adultos, igual que as persoas adultas, non viven nunha infancia tutelada por calquer forma de poder político superior de cuias decisións dependería o seu destino. Tampouco viven unha contradependencia adolescente na que a propia identidade afírmase como un ser-en-contra-de. Pois para o adolescente a autoridade que tanto combate é necesaria precisamente para poder opoñerse a ela. Se esta desaparecese totalmente do seu horizonte, veríase abandonado a sí mesmo e desorientado.

Un pobo adulto é aquel que, seguro de sí mesmo, actúa tomándose a sí mesmo como ponto de referencia. Non aliena o seu ser a unha ideoloxía importada, a unha organización política máis forte, a unha cultura máis relevante ou a un sistema económico máis poderoso. Un pobo adulto busca en sí mesmo as directrices do seu actuar, trata de organizarse como mellor convén ás súas peculiares características, acepta e ama á súa cultura precisamente por ser súa e trata de construir unha economía acorde coas súas necesidades e non cos intereses de outros. As súas relacións cos demáis pobos serán de igual a igual e non aceptará a integración nunha unidade política ou económica máis ampla se eso supón calquer forma de explotación ou desigualdade.

Ter unha identidade adulta esixe tamén unha boa dose de realismo, o que supón o recoñecimento dos propios valores e dos propios límites. Ser esixente consigo mesmo alén da propia capacidade sitúa aos nosos esforzos nun calexón sin saída e detén o próceso de crecemento. No caso contrario, a fixación obsesiva nos nosos límites e a ignorancia ou infravaloración das nosas riquezas e potencialidades conduce ao fatalismo, ao pesimismo, á incapacidade de actuar positivamente.

SOLIDARIDADE E ANTROPOLOXÍA

Con frecuencia confundimos axuda e solidaridade. O obxeto da axuda é proporcionar ao outro algo que necesita para superar unha situación de sofrimento, menesterosidade ou dependencia. Podo dar diñeiro, ciencia, cultura ou consellos e permanecer fora do outro, non comprometerme coel. Dou "algo", pero non me dou. A axuda crea dependencia e sumisión. As "axudas" dos países industrializados ao Terceiro Mundo non logran acurtar o abismo que os separa; polo con-

[6] Dietrich Bonhoeffer, *Resistencia y sumisión*, Ed. Ariel, Barcelona, 1971.

trario, os países ricos son cada vez máis ricos e os pobres son cada vez máis pobres. Na axuda non hai unha relación de igual a igual. O que recibe é *menos* que o que dá.

A axuda pode ser necesaria en certos casos urxentes, pero debe ser sustituida por outra forma de relación en canto sexa posible. A solidaridade é unha actitude máis profunda, pois me leva a comprometerme co outro asumindo a súa causa. Na axuda podo permanecer totalmente fora do outro, na solidaridade non [7].

A base da solidaridade é, ao meu entender, a capacidade de ver ao outro alén das apariencias. Polo xeral, nas nosas relacións cos demáis funcionamos a base de clichés psicolóxicos ou pre-xuicios. Sin preocuparnos de coñecer ao outro en profundidade, resumimos a nosa experiencia relacional cun cliché: "É un tal", "É un cal", "Pertenece a tal", "Está casado/a con tal", etc., etc. A partir do cliché, a relación non ten posibilidade de progresar. O cliché que eu teño do outro é tamén unha defensa contra el e sitúame nun plano de seguridade de tal xeito que *non me arrisco* a un intercambio humanizante. O cliché cosifica ao outro. Somentes podo romper con esto vivindo a experiencia de descobrir a realidade do outro oculta polas apariencias e os convencionalismos, achegándome a el sin clichés, sin prexuicios, sin defensas psicolóxicas.

Pero o meu interés en descobrir a realidade oculta dos demáis depende da miña concepción do home, da miña experiencia do que é o ser humano. Unha antropoloxía negativa ou pesimista levarame a determe nos aspectos máis contradictorios, superficiais ou negativos das persoas, as cales, condicionadas pola miña actitude, daranme unhas respostas que reforzarán as miñas convicciòns. Cada ún atopa nos demáis o que busca. William Golding, premio Nóbel de literatura, poderá decir que o home destila maldade como a abella destila mel. Se el soio ten ollos para a maldade existente no home, *non verá* a bondade, o desinterés, a empatía ou a calidez das persoas. No polo oposto, Carl Rogers escribirá: "Un dos conceptos máis revolucionarios que se desprenden da nosa experiencia clínica é o recoñecimento crecente de que a esencia máis íntima da natureza humana, os estratos máis profundos da súa persoalidade, a base da súa 'natureza animal' son positivos, é decir, básicamente socializados, orientados cara ao progreso, racionais e realistas" [8]. Cada ún de nós

---

[7] Charles Maccio, *El complejo de Edipo,* Sal Terrae, 1983.

[8] Carl R. Rogers, *El proceso de convertirse en persona,* Ed. Paidós, Barcelona, 1982. Recomendo este libro, publicado en inglés co título *On becoming a person,* a tódolos que se interesen por unha comprensión positiva da natureza humana e desexen coñecerse mellor a sí mesmos e relacionarse empáticamente cos demáis. Outros libros importantes de Carl Rogers son *Psicoterapia centrada en el cliente,* Ed. Paidós, e *Persona a persona,* editado en Latinoamérica.

leva consigo unha idea do home positiva ou negativa, unha antropoloxía esperanzada ou pesimista que coincide, en boa medida, coa imaxe que temos de nós mesmos. Non é nada doado aprender a ver co corazón, aprender a ter unha visión cordial (de *cor, cordis,* corazón) do home. Pero non esquezamos as palabras do principiño de Saint-Exupéry: "Somentes se ve ben co corazón. O esencial é invisible para os ollos".

Unha antropoloxía cordial, empática e esperanzada do home galego deberá ter como obxetivo descobrir, como se dunha excavación arqueolóxica se tratase, a nosa persoalidade máis verdadeira subxacente aos clichés convencionais. Esta nova antropoloxía contribuirá a mellorar a imaxe que temos de nós mesmos. Non se trata de sustituir mecánicamente un cliché negativo por outro positivo ou facer unha restauración da imaxe ao estilo do que fan moitos homes públicos hoxendía. Non se trata de maquillar, senón de descobrir, de re-crear.

Descobrir o que existe detrás das apariencias supón tamén a capacidade de discernir entre a persoa e a súa conducta. Anque admitimos que os homes somos libres e responsables, tamén é certo que *non somos a nosa conducta.* A nosa conducta pode chegar a ser a negación de nós mesmos, a alienación, pois a libertade e a responsabilidade do home non son un bloque de granito inalterable ante os condicionamentos externos e internos. Hai circunstancias que poden chegar a minguar a nosa libertade e polo tanto a nosa responsabilidade. A conducta é algo relativo ou, mellor dito, relacional. Variando as coordenadas relacionais do individuo, pode variar tamén a súa conducta nun sentido ou noutro. Existe unha interacción persoa-estructura, individuo-sistema que non debemos esquencer.

Cando non me deixo alienar pola conducta do outro e trato de relacionarme de persoa a persoa, non aceptando os feitos como algo consumado e inalterable, senón procurando comprender á persoa en profundidade, estou sentando as bases para unha transformación da conducta do outro nun sentido máis positivo e socializado.

Hai aspectos do ser galego que son aceptados normalmente como esenciais, como se formasen parte da nosa identidade profunda, pero que en realidade son aspectos reactivos e polo tanto transformables a partir dunha comprensión empática dos mesmos. Existe un ser-galego-cosificado que é un producto cultural dunha relación de explotación, infravaloración e desprecio. Moitos dos nosos hábitos psicolóxicos considerados cómo esenciais (a retranca, a morriña, o fatalismo, o sentimento de inferioridade, etc.) son, na realidade, meros elementos reactivos e non constitúen de ningún modo a esencia da nosa persoalidade profunda. Para desfacer meigallos

e posibilitar esa solidaridade entre nós mesmos compre excavar capa por capa a nosa realidade humana, persoal e colectiva, para des-cobrir ao ser galego real, histórico, creativo e esperanzado.

SOLIDARIDADE E PLURALISMO

Despois desta antropoloxía negativa que trata de ofrecernos a alienación-do-ser-galego como se fose a nosa esencia, a segunda dificultade para a solidaridade, na miña opinión, é a diversidade cultural e ideolóxica das sociedades modernas en xeral e da sociedade galega en particular. Anque o conflicto básico deuse ate agora entre galego e castelán por causa da relación desigual e marxinante que sofre a nosa lingua e a nosa cultura, esta cuestión pode chegar a ser desbordada por outras influencias culturais cada vez máis fortes e protexidas. Penso, por exemplo, na influencia dos medios de comunicación que hoxe chegan —e invaden— a tódolos fogares por medio sobre todo da TV.

Existe unha "cultura das multinacionais" elaborada nos países máis industrializados e capitalistas que nos transmite os seus valores, a súa maneira de entender a vida, a súa "ética" ao servicio sempre duns intereses concretos de dominación económica e política. Esta cultura das multinacionais crea un modelo de home e de muller que teñen unha influencia real en sectores cada vez máis extensos da poboación.

¿Qué pode facer a cultura marxinada dun pobo pequeno e empobrecido como o galego frente a esta cultura das multinacionais que conta con tódolos medios económicos e técnicos e co beneplácito do poder político estatal? A loita é desigual, pois non se trata somentes dunha confrontación a nivel cultural, senón dun auténtico imperialismo económico e político. Nós somos o pequeno David frente ao mastodóntico Goliat. Frente a esto a única defensa é a solidaridade. Pero ¿cómo afondala? ¿Cómo lograr unha solidaridade que bote as súas raíces na libertade do pobo? Propoño algúns pontos para a reflexión:

1.º *O fanatismo e a intolerancia non afondan a solidaridade.* O fanatismo pode crear, en determinadas circunstancias de opresión, unha cohesión máis ou menos forte, pero que non é ampla, fonda nin duradeira como ven demostrando a historia máis recente. A única solidaridade capaz de conquistar espacios cada vez maiores de libertade e autonomía é a que nace do profundo sentir de todo un pobo e non da exaltación e a intransixencia dunha élite.

2.º *Non debemos confundir pluralismo con invasión cultural.* A coexistencia do galego co castelán e da nosa cultura marxinada coa cultura das multinacionais non se dá, de ningún xeito, nunha relación de igualdade. A nosa cultura máis

que convivir o que fai é conmorrer esmagada polas outras. Non é unha cultura a carón de outras, senón debaixo delas.

3.º *O poder estatal é a vía de entrada da cultura das multinacionais.* As institucións do Estado, por medio da súa política de importacións, son as que permiten e potencian esta invasión cultural que sementa entre nós a "ética" da insolidaridade, da competencia a calquer precio, da agresividade e a violencia, da utilización erótica da muller, etc.

¿Qué podemos facer frente a esto?

1.º *Ser creativos.* Crer realmente nos nosos valores, afirmalos, cultivalos, non deixar que ninguén nos infravalore ou desprecie. Ser creativos a tódolos niveis e en tódalas áreas. Levar a cabo unha auténtica *revolución da creatividade,* da orixinalidade, da sinxeleza. Non sementar a "mala conciencia" nos que non pensen coma nós, pois deste xeito se farán irreversiblemente insolidarios.

2.º *Non ser inxenuos.* Sofrimos unha auténtica invasión cultural. Chamémoslle ao pan, pan e ao viño, viño. O pluralismo somentes se dá en condicións de igualdade. Cando hai desigualdade non podemos xa falar de pluralismo, senón de asoballamento.

3.º *Ser coherentes.* Se afirmamos a nosa identidade frente ao poder estatal, centralista, non esquezamos que detrás del existe outro poder moito máis forte. A identidade galega non está ameazada somentes pola relación desigual co castelán, senón, ademáis, pola cultura das multinacionais que é a cultura e a ética do imperialismo capitalista coa súa concepción insolidaria, competitiva e cosificadora das relacións humanas.

A SOLIDARIDADE UNIVERSAL

Cos pés na terra firme dunha identidade adulta, estaremos en condicións de ex-sistir, de saír de nós mesmos cara aos outros. Sendo plenamente nós mesmos, poderemos ser plenamente solidarios cos demáis. Sin identidade non hai solidaridade, pero tampouco hai creatividade, pois sobre a base dunha identidade ferida a creatividade é utilizada, como víamos no caso de Van Gogh [9], para autoafirmarse existencialmente. A verdadeira creatividade presupón os cimentos ontolóxicos da persoalidade, é como o froito dunha árbore ben arraizada. O primeiro é a árbore, o tronco e as polas, logo ven o froito. Poñer a creatividade antes que a identidade é como poñer o carro antes ca os bois. O eixo da persoalidade é a identidade, a seguridade ontolóxica. A creatividade sana e auténticamente enriquecedora nace a partir de aquí.

---

[9] Xoan Xulio Alfaia, *Vincent Van Gogh: a ferida de non-ser,* revista Grial núm. 81, Vigo, 1983.

O primeiro nivel da solidaridade universal é a participación de igual a igual na vida política, económica e cultural cos outros pobos do Estado e do mundo. Unha identidade adulta e unha solidaridade interna "sólida" permitirannos participar sin timideces nin complexos na vida colectiva, como un pobo seguro de sí mesmo, coñecedor dos seus valores e dos seus límites. Xa non terán razón de ser as inhibicións, as actitudes reaccionarias de refuxio no pasado, a apatía ou o fatalismo. Nós somos un pobo igual aos outros en dignidade e en dereitos, e diferentes a calquera en canto a identidade, estando chamados a participar na construcción dun mundo novo que xurdirá das ruinas dunha civilización decadente.

Temos o dereito a participar na vida colectiva porque nos sabemos dignos de existir e estamos interesados en todo o que acontece no mundo. Sabemos que a vida é relación, apertura, existencia, e que se nos pechamos en nós mesmos, engruñados sobre as feridas do noso pasado, estamos condenados á morte.

Temos o deber de participar porque non soio nos imos enriquecer nunha relación de igual a igual cos outros pobos, senón porque, ademáis, temos moito que ofrecer. Nesta relación fraternal cos outros pobos de España e do mundo, non soio podemos pensar na nosa participación como nun feito pasivo (recibir, enriquecernos), senón como algo activo, existencial (dar, aportar).

Esta solidaridade cos demáis pobos terá unha densidade especial cando se refira aos condenados da terra: o Terceiro Mundo sumido na fame e na miseria que as "axudas" dos países industrializados tratan de disimular, esquecendo que non se trata de "axudar" paternalistamente, senón de distribuir con xusticia as riquezas que pertenecen a tódolos homes; os pobos que se debaten nunha loita desigual co imperialismo (Nicaragua, O Salvador, Polonia, Afganistán); os pobos de España que comparten con nós as mesmas inxusticias e ameazas: o paro, a emigración, a invasión cultural, a reconversión industrial sin alternativas, a contaminación radiactiva, a contaminación industrial, o terrorismo, a tontura...

Finalmente, participemos e sexamos solidarios coas grandes causas da humanidade ameazada na súa supervivencia: a causa da paz mundial, do desarme real das nacións, pois o armamento, e sobre todo o armamento nuclear, está ahí para ser utilizado algún día cando a "disuasión" se convirta en agresión, e eso non é unha posibilidade tan lonxana como nos gostaría crer; a causa do ecoloxismo, da protección da natureza, da construcción dun hábitat realmente humano e duns hábitos de vida sanos e naturais. Pero loitemos con coherencia: non se pode ser pacifista ou ecoloxista e desinteresarse pola sorte dos máis pobres: os parados, os emigrantes,

os famentos... Non convirtamos o pacifismo e o ecoloxismo nunha causa de "progres" pequenoburgueses que buscan o seu recuncho de felicidade, o seu pequeno paraíso pechado a espaldas dos que sofren a inxusticia e a desigual distribución das riquezas.

Identidade e solidaridade son a base para construirmos unha Galicia nova, sin meigas, sin fatalismo, sin caciquismo, sin complexos de inferioridade nin inhibicións, unha Galicia creativa, chea de vida, aberta, participativa e solidaria.

XOAN XULIO ALFAIA
Gójar (Granada)



A MATANZA NA REXIÓN DA LIMIA

A Viviana Páques, mestra

Precuro a praza que a matanza ocupa na organización semántica do universo e na representación que se fan do mundo os habitantes da rexión da Limia, e máis concretamente a xente de Loureses, porque a etnoloxía non se pode entender sinón como o estudio profundo e pacente de comunidades moi pequenas (cfr. M. Panoff, 1977, p. 35). Un sistema social non pode reducírese nin á suma nin á xustaposición dos seus elementos, pero en etnoloxía como en lingüística ademítese xeralmente que "toda unidade sirve ao mesmo tempo de contexto a outras unidades máis simples e atopa o seu propio contexto noutras unidades máis complexas" (R. Jakobson, 1963, p. 48). A relación entre estas unidades son termos e os termos hai que os considerar como relacións (C. Levi-Strauss, 1963, p. 12) que xeneran conflitos e cambios que caracterizan aos sistemas.

A matanza é para os Limiaos un xesto mítico global (Greimas, 1976, p. 182) que ten connotacións poéticas e relixiosas, e establece relacións directas entre os actores, que os comprometen, e o medio. No estudio non reterei tódolos detalles observados sobre a matanza, sinón os necesarios para precisar o seu significado de xeito que non se confunda con ningún outro acontecemento sin recargalo de determinismos que non engadan nada novo.

Atopei diferentes grupos socio-semióticos dentro en cada aldea con niveis de coñecimento e de aceitación do fondo cultural tradicional diversos que se traducen en informacións diverxentes e, mesmo, contraditorios. As enquisas prolongadas e repetidas e a participación en moitas matanzas durante moitos anos, a derradeira vez no 1984, permitíronme superar as dificultades. O ter nado e pasado a nenez na rexión e voltar máis tarde a ela con frecuencia, fanme sentir ao mesmo tempo dentro e fóra da comunidade, e case obxeto do estudio. A realidade é sempre máis ricaz e excede calquera esquema metodolóxico; os "cuadros" están aínda máis lonxe de poder pechala e empréganse soamente como indicativos.

I. O CALENDARIO

Nunha cultura agraria a simbiose entre a xente e o mundo é tan intensa que o propio corpo fai parte do medio, e

"os grandes acontecementos dramáticos da cosmogonía son sempre postos en relación cos fenómenos astrolóxicos" (v. Paques, 1977, p. 104). O home sinte necesidade de se situar no tempo, como sinte necesidade de se situar no espacio. Os ritos e os xestos toman significado dentro do calendario. O calendario dos habitantes da rexión da Limia regulamenta as súas actividades agrícolas e pastorais en función das estacións e das realidades da terra e da meteoroloxía: é un calendario cíclico; hai un tempo para cada cousa e unha cousa para cada tempo.

Para os celtas o ano agrario comezaba o 1.º de novembro coa festa do "sanhain" que se prolonga, aínda nos nosos días, en moitas cidades do mundo saxón baixo o nome de "hallowean" (cfr. A. Veragnac, 1978, p. 39). Para os Limiaos o ciclo anual divídese en dous períodos: o primeiro comeza coa sementa do centeo cara finais de setembro, o 29 é San Miguel, festa do viño novo e das noces. "O ciclo produtivo arrinca da conceición e non do nacemento" (A. Veragnac, 1978, p. 39). Durante este período os habitantes dos dous aspectos do mundo, "este e o outro mundo", están afastados e os seus encontros prodúcense de forma ritualizada. O segundo período comeza cara finais de abril, coa festa de San Pedro Mártir e o 1.º de maio, tempo no que emprincipian as recolleitas (cfr. Mandianes, 1983, a.p. 17-53). Vou tratar, a seguido, de situar a matanza dentro deste calendario.

1. *San Antón*

"O tempo da matanza é do Nadal ao San Antón (17 de xaneiro), os porcos queren ouvir cantar os reises", "a zorza é dos reises ao San Antón", dise na Limia; "do que notaban antes era porque non tiñan que darlles de comer". Pero, dentro deste período "en martes nin te cases, nin te embarques, nin o teu porquiño mates". "Débese matar entre lúas" (Taboada Chivite, 1969, pp. 24-25), porque "a lúa nova cría bichos e a vella fai menguar a carne". Os antigos habitantes de certas rexións de Europa evitaban internárese nos bosques durante estas épocas do ano por medo aos espíritos viaxeiros e aos cazadores salvaxes, celosos dos seus dominios (cfr. A. Veragnac, 1978, p. 43).

"O San Antón é o patrono dos porqueiros". A súa imaxe venérase na capela que ten o pobo de Loureses adicada a San Antón (13 de xunio); á esquerda do que mira ao altar; está vestida cun hábito morado, ten na man dereita un caiado en forma de T; signo dos signos (Ez. 9,4) é "un porco deitado aos seus pés". O santo parece a personificación dunha desas deidades de antroido que ao momento da matanza asegura a sobrevivencia da especie dos porcos (cfr. C. Gaignebet, 1974, p. 63). "O día de San Antón, aínda que é tamén o pa-

trón do pueblo, solo hai festa de pote, cáseque nunca hai música. Nunca se traballa, nin homes nin ánimas, pero a festa grande é a de San Antonio".

"En Loureses había unha cofradía das ánimas que comprabа un bacoriño alá polo mes de setembro. Aquil alimentábase de porta en porta, comendo o que lle daban como un hermanito dos que andaban a pedir. Traía un chocallo ao pescozo, a xente que estaba na cociña sentíao e decía: ahí vai o bacoriño de San Antón. Dormía en calquera corte, onde o pillaba a noite. O día de San Antón vendíase á entrada ou saída da misa, o diñeiro dábaselle ao cura para misas polo eterno descanso das ánimas, especialmente polas da cofradía". Nalgunhas partes de Galicia o "porco de San Antón", que segundo algún autor non sería máis que unha sustitución do que os romanos ofrecían á Terra Mater (Taboada Chivite, 1949, p. 20), ía na procesión celebrada en honra do santo o día da súa festa (Taboada Chivite, 1969, p. 94); noutros pobos non se vendía sinón o que se rifaba (N. Tenorio, 1914, páxs. 138-139).

Durante a súa estada no deserto, San Antón foi varias veces tentado polo demo que, segundo as visións do eremita, tiña a figura dun xigante que impedía a entrada das almas no ceo e que era, segundo os primeiros cristiáns, o enmascarado en persoa. Algúns autores ollan nesto unha evocanza, en clave haxiográfica, das escenas reais do antroido (Gaignebet, 1974, pp. 58-60); segundo outros o Santo tería sido tentado polo porco, "encarnación de Nosa Señora da Noite, temerosa da luz do día", personificación "do sexo innobre, de mal gosto, fedorento, perigoso e infernal" (J. Markale, 1976, pp. 130-131), que conduce a Guindamor ao "outro mundo" onde se queda moitos anos embaucado polos praceres sexuais (J. Markale, 1975, pp. 52-59). A lenda de Guindamor ten a súa versión piedosa na persoa dun monxe que viaxa ata "o outro mundo", seguindo, fascinado, os cantos dun paxaro (cfr. Filgueira Valverde, 1982, pp. 74-121).

2. *Consumo*

Pode decírese que a carne de porco sigue a ser unha das bases da alimentación das xentes da Limia; "hastra moitos anos despois da guerra (1936-1939) a xente non podía mercar nin unha gota de aceite, arranxábase co pingo do porco. As cousas cambiaron moito, agora a maoría das casas tiran co pingo ou fan xabón dil". As únicas fontes de proteínas eran a carne da matanza e o leite (García Fernández, 1975, pp. 277-280). Os vexetais foron e siguen a ser importantes na dieta da rexión; o recurso que se facía a produtos de fóra do ciclo era insignificante: "Para os traballos do verán algunhas casas podentes mataban un año, pero o touciño era

propiamente a carne. Moita xente non conocía outra"; "cando morría un porco era unha desgracia irreparable, non había cartos para mercar outro. Entón non se conocían os veterinarios por aquí, e oxe cáseque tampouco. Non sabemos quén é o dos blancos (axuntamento), nunca se vé polo axuntamento".

A importancia funcional hai que lle engadir a ritual; certas partes do porco son de consumo obrigatorio en momentos determinados. "Tradicionalmente non se comía nada de porco a Noite Boa", noustante noutras rexións de Galicia era plato obrigado o lacón con grelos e outros (cfr. Taboada Chivite, 1959, p. 103). "O día de aninovo cómese a soá cocida e a costela guisada para celebrar o santo dos Manués". "O día da matanza é obrigado almorzar con chourizos, touciño e cachola; ao xantar outra vez cachola, chourizos, touciño máis o fígado e o sangue guisados e o coiro da barriga cocido. O bandullo pódese comer cocido nesta ocasión, ou deixalo pró San Manuel. Céase o que sobrou do mediodía máis os rixós das molexas, feitos de grasas sacadas das tripas e carnes mortas da papada. Ao xantar e á cea cómense moitos cachelos e bébese viño tinto e rangalleira". "A verdadeira festa dos porcos celébrase o día da desfeita, un ou dous días despois da matanza. Solo é unha comida, trátase, polo xeneral, da cea e cómese costela, corazón e rís guisados, soá cocida e frebas asadas nas brasas da lareira; cachelos e viño tinto a fartura". "Os comensales son os do día da matanza e pode haber algún máis como o cura, o maestro". "No Mosteiro de Abaixo comíase arró da soá o día da desfeita".

"A festa de pote de San Antón era a base de porco; comíase lacón con grelos, cachola, chourizos, rixós e filloas. Todas as casas tiñan invitados aínda que non tantos como pró San Antonio". "No Entroido cómese moito porco. O xoves de compadres (de septuaxésima) os compadres invítanse, e as comadres invítanse o xoves de comadres (de sexaxésima) e comían chourizos gordos con grelos e filloas. O gran banquete do entroido faise o domingo lardeiro (quincuaxésima), cómese lacón con grelos, o pedro (a tripa máis gorda do porco), filloas (cfr. Leandro Carré, 1959, pp. 170-171), e o lus e o martes seguintes cómese cáseque o mismo". "Polo tempo do entroido e dos fiadeiros os homes iban prá forxa ás tardiñas, asaban un chourizo nas brasas da fragua, mandaban a un rapaz comprar un cuartillo e comían alí todos xuntos falando case sempre de mulleres. Tamén se xuntaban pra comer na taberna e despois botaban a partida". "As mulleres san, ás veces, da casa comendo pan con carne igual cos rapaces; os homes non fan eso nunca".

"Ao saír do enterro moita xente xuntábase na casa do morto e comían xamón, lacón, chourizos e cachola con gre-

los e cachelos e viño tinto a manta de dios"; "o día do enterro iban comer á casa do difunto os que o levaran, os dos faroles, xente que viña de lonxe e algúns veciños. Faguían a comida as mulleres que tiñan a casa porta con porta ca do en paz descanse"; "a casa do morto non comía carne de porco durante os cuarenta primeiros días de luto". "As mulleres cando dan a luz comen pita e non comen porco hastra que se van arrecoller, que é, máis ou menos, aos cuarenta días de parir". "Nas bodas é máis importante o asado (año ou cabrito) co porco; pódese comer porco pero pódese pasar sin il". "Os malos non poden comer porco; non fai falta que o diga o médico, sábeo todo o mundo. Antes o médico nunca viña por eiquí e aínda agora pouco ven (fala un home de Loureses)". Á entrada dun ser humano no mundo cómese galiña, e á saída porco, cocidos; cómese cordeiro asado á hora da boda, rito de pasaxe sobre o mundo. Nos momentos nos que a casa necesita purificárese, as cuarentenas que siguen ao nacimento, á morte e á enfermedade, non se come carne de porco.

As datas de consumo ritual de carne de porco caen todas dentro dos límites fixados ao primeiro período do ano. Os consumos rituais que poidan ter lugar durante o segundo período, van unidos a acontecementos e non a datas. Consúmese touciño cocido e xamón crú durante todo o ano, pero esas partes do porco "son carne normal", sin significado especial. A época de consumo de porco coincide, ao menos teóricamente, coa de consumo de peixe: "meses sin R, nin pescado nin mulleres"; os meses con R son, práticamente, os do primeiro período.

Anos	Casas	Vacas	Ovellas	Porcos	Burros
1960	45	80	200	60	30
1978	42	61	161	84	5
1983	44	45		85	3

II. HOMES, MULLERES E PORCOS

Entre os habitantes da Limia e os seus animais domésticos existe unha estreita relación, que se traduce nun profundo coñecimento por parte dos "limiaos" dos costumes e da morfoloxía daqueles. Este coñecimento non é soamente fruto da mera utilización pragmática, porque, en moitas ocasións, "as partes son decretadas uteis ou interesantes porque se coñecen con anterioridade" (Levi-Strauss, 1962, p. 15). Os membros de casa captan decontado os diferentes estados de ánimo dos cans, os gatos, as vacas, os porcos: "Os cadelos están remolós", "as vacas están tristes", "as pitas presinten tormenta", "os porcos están aparvallados pola calor", "os gatos andan espantados".

Qué \ Cómo		Ritualmente					Funcional	Cándo		Asado	Cocido	Guisado
		Matanza	S. Manuel	S. Antón	Entroido	Enterro		1.º P.	2.º P.			
Chourizos	Gordos			X	X			X			X	
	Delgados						X			X	X	
Sangue		X						X				X
Costela e soá		X	X					X			X	
Rixós		X						X				
Frebas		X								X		
Filloàs		X			X			X				
Cachola		X	X			X		X	X		X	
Lacón			X	X	X	X		X	X		X	
Outras partes							X				X	

1. *Coidados*

Os porcos comen de todo, berzas, nabos, grans e toda cras de restos da cociña. "Os homes acarran os nabos", "no tempo dos nabos é cando neva e os homes están máis afeitos a ela cas mulleres", "sin embargo o home acomeda ás vacas, e aos porcos acomédaos a muller". Tres veces ao día, "almorzo, comida e cea", a muller baixa en caldeiros a comida aos porcos. "Bótalla na maseira. Antes, as maseiras eran de pedra, faguíanas os canteiros; tamén as había de madeira, feitas polos homes da casa ou os carpinteiros. Agora son de cimento, e cómpranse feitas". "Antes dábaselles todo cocido, agora comen todo crú. Os vellos decían que o cocido sentáballes millor co crú, pero eso eran cousas de antes".

Nalgunhas partes de Galicia os porcos pastoreábanse como as vacas ou as ovellas (Taboada Chivite, 1969, p. 92). "En Loureses antes tamén se levaban para o monte, hastra se levaban cas vacas", pero "só iban para o monte mentras eran pequenos; desde que se empezaba a cebalos xa non saían máis, desde que se encortellaban xa ninguén de fóra da casa lles vía o pelo". "O porco é un animal moi propenso ao mal de ollo, hai que tratar de o ocultar á mirada dos extraños e dos veciños. Os de lonxe non se conocen e os de perto poden ter envidia" (cfr. Lisón Tolosana, 1971, pp. 114-116, 124). Para librar ao animal mercado do mal de ollo, facíaselle entrar de costas na corte, facendo unha cruz no chan e derramando sal (cfr. Taboada Chivite, 1969, p. 92) e úntaselle cun allo (V. Risco, 1947, p. 392). "A noite de San Xuan sacábanse os porcos e os outros animais da casa para que colleran o rocío desa noite. Éralles bó. Tamén o collía a xente que se espía e andaba ás borcalliñas polos prados de Casaldoufes (en Loureses)". "Aos bacoriños hai que lles cuspir no rabo ao naceren para que non lles caia". "Cando se vendía un porco na leira había que gardar a corda coa que se levaba atado, se se perdía daba mala sorte para despois comprar" (cfr. Taboada Chivite, 1969, p. 92). Nalgunhas partes de Galicia tamén se arresponsaba aos porcos (Lisón Tolosana, 1974, p. 159); nunca ouvín falar desa prática na rexión da Limia. "Había moitos males que non tiñan cura, o mal rubio, o xollo, o ranilla...". "Desde que estaban encortellados xa non se volvía estrumar a corte. Soio os vían as mulleres da casa. De vez en cando enseñábanselles a algúns veciños ou xente de fóra".

"Sábese que unha porca anda ao castizo porque lle crece a castaña e pónselle colorada; e morde nas outras como unha desesperada". "Os homes levan a vaca ao boi, pero son as mulleres quenes van achegar a porca, e iso que os porcos son moito máis escandalosos cas vacas", "dos cadelos, dos burros e dos gatos naide fai caso; fan o que queren". "Cando unha

cadela anda aos cás, é unha alevosía no pobo. Aínda non fai moito tempo, os outros cadelos esgazaron vivo a un dos Garrido"; "cando unha burra anda daquela maneira, a veces, os burros escapan das cortes, van onda burra e pasan trouleando toda a noite polo camiño arriba e abaixo. A señora Pilar, cando xa era velliña, decía que viña o fin do mundo, cando os oulvía". "As ovellas non fan barafunda ningunha", "os gatos son moi escandalosos pero teñen vagar". "Os homes atenden ás vacas e ás burras na paridela, e as mulleres ás porcas". "Cas porcas hai que ter moito xeito porque poden comer os bacoriños e morder á xente; inmediatamente que bota os bacoriños fóra, hainos que coller e retirar dalí". Cando unha vaca ten pintas "é porque comeu as súas libracións". Dise nalgunhas rexións de Galicia, que cando un animal come as súas libracións vaise co leite (Rodríguez López, 1974, p. 140). Nesta rexión é normal que as porcas coman as súas e ata as das mulleres.

De vez en cando "pasaba o capador tocando o seu chiflo, viña de Santiago (aldea a uns catro kilómetros de Loureses, cara o sur). Capaba os bacoriños e as porcas". "Aos bacoriños capábanos de pequenos e ás porcas xa sendo grandes, despois de saírse a primeira vez". "Os testículos quedan durante vintecatro horas en auga limpa para que ao animal capado non se lle infecte a ferida" (Taboada Chivite, 1969, p. 92). "Antes case todas as casas deixaban unha porca para parideira; agora non, todo mundo compra a cría". "Cando aínda son pequenos hainos que ferrar para que non focen na corte. Se non se ferran tran a corte sempre levantada".

Os cans e as vacas teñen nome propio, pero os porcos non. É sabido que os nomes son, como todo o fenómeno da lingua, arbitrarios, e dependen máis da leitura que a sociedade fai do real que da natureza lingüística dos mesmos, e dos límites variables que a sociedade lles asigna en función das clasificacións (cfr. Levi-Strauss, 1962, p. 283). Ao non ter cada porco un nome propio non existen relacións propias entre o home e cada individuo, sinón entre clases. Como nunca se matan tódolos porcos sinón que sempre quedan representantes da clase, as relacións home/porco nunca se rematan. As relacións que o home establece cos cans e coas vacas que son denominados cada individuo polo seu nome propio, son concebidas como termo de clase: trátase dunha relación con tal individuo, co seu nome propio que presenta toda unha síntese de ideas e costumes tan exclusivas e irrepetibles como a operada por toda unha especie. Esto non se dá no caso do porco por non ter nome propio.

Os paxaros, namorados e bébedos de libertade, forman unha comunidade independente da humana e en razón desta independencia aparece como unha sociedade homóloga da

dos homes. A sociedade dos paxaros é como unha sociedade humana metafórica. Os cans non forman unha sociedade independente da humana, pero fan, dalgún xeito, parte dela inda que seña ocupando unha praza tan humilde que non nos atrevamos a chamalos con nomes de home. Por estas razóns, tamén a relación entre cans e home é metafórica (cfr. Levi-Strauss, 1962, pp. 271-273). En troque os porcos dependen da sociedade humana, pero non forman parte dela como os cans, nin teñen sociabilidade intrínseca nin están orgaizados como os paxaros. Quezais a morte que lle agarda a cada un dos porcos pesa sobre o nome de cada un como un tabú. Entre os animais, o porco é o que está máis ao límite de ser considerado como un mero obxeto económico.

As xentes da rexión sírvense de diferentes partes do porco para curar diversas doenzas. O "unto" é a parte máis empregada na medicíña popular para curar doenzas que afectan, na súa maoría, ás vías respiratorias. En xeral, cada habitante coñece a utilidade e a significación de cada parte do porco, o momento do seu consumo e os seus efeitos alimenticios e curativos, e as prohibicións que pesan sobre cada un. A profusión e precisión lingüísticas ao redor de cada momento do ciclo do porco son probas da súa importancia.

2. *O espacio*

"O espacio é unha sociedade de lugares ditos, son, como as persoas, puntos de referencia no seo do grupo. Os lugares e os individuos son igoalmente designados por nomes propios que, en circunstancias frecuentes e comúns a bastantes sociedades, poden ser sustituidos os uns polos outros. Hai unha correspondencia entre a individualización xeográfica e a individualización biolóxica" (Levi-Strauss, 1962, p. 222). A corte dos porcos é a máis escura de todas, "quezais o lugar máis escuro de toda a casa", "alá no fondo, onde non hai ningunha ventana nin chega case luz", "para velos hai que botalos fóra".

A corte dos porcos cai, mesmamente, debaixó da lareira, que é "o recuncho máis escuro da cociña e de toda a casa". "As ánimas da casa veñen con frecuencia á cociña, especialmente nas noites do inverno". "De noite non se pode barrer a cociña", porque se corre o risco de botar fóra ás ánimas, o que carrexaría a mala sorte sobre a casa. A cociña bárrese polo día, "por un buratiño para a corte dos porcos". As augas suxas do fregadeiro vérquense nun recanto escusado da horta, onde, con frecuencia, medra un sabugueiro, que cheira mal e non sirve para nada, nin xiquera para queimar na lareira, bótase ao forno. Os rapaces fan os cichos dil para botar auga os días do Entroido". "Na horta entérranse todos os animais que morren na casa, e quéimanse as cousas vellas;

tamén se enterraban alí os meniños que morrían sin bautismo". Tanto a cociña como a horta son lugares máis frecuentados polas mulleres que polos homes, o mesmo que a corte dos porcos.

O día da matanza, "os homes son os que pegan e matan o porco, mentras as mulleres miran desde o alto da escaleira"; "tamén é o home quen lava, frega e desfai o porco e o sala". Trátase dun contacto co exterior do porco, nun espacio exterior e frío. "O día da matanza as mulleres recollen as tripas e estrémanas na corte", máis tarde "vannas lavar ao río". Cando chegan do río toman viño quente con mel ao pé do lume da lareira. Os homes "pican a papada e outras menudencias para os chourizos gordos na cociña (agora no patio), e as mulleres baixan de novo á corte (nunca á dos porcos) para encher os gordos".

"Os homes desfán os porcos no patio ou nunha habitación fría que dá ao patio e salan a carne nunha dependencia do patio. Pican a carne; antes na cociña, agora nunha corte. As mulleres fan os chourizos nunha corte, onde os homes picaron a carne. Un home sobe os lareiros desde a corte á cociña, e cólgaos por riba do lume da lareira".

O espacio do porco é o da muller, e especialmente o da muller en cuarentena por parto, así como o do neno ata a edade de seis-sete anos: o espacio doméstico. O espacio doméstico para o neno é unha prolongación do ventre materno, soio ahí está seguro, ao abrigo de toda envexa e do mal de ollo. Cando sae pendúraselle ao pescozo un dente de allo, un anaco de pan ou pónselle un gorro na cabeza, e, aínda así, só sairá con xente da casa. Os porcos e os nenos agáchanse ás miradas indiscretas e envexosas; non están ao amparo dentro dos muros da casa, ventre materno. A nai parida está ao amparo da lareira, centro do mundo (cfr. Mandianes, 1983, a, pp. 65-90). Dentro do espacio doméstico o porco habita o de abaixo, "a corte dos porcos está por baixo da lareira, por un buratiño bótanse pra ela as barreduras da cociña". É a muller quen baixa á corte dos porcos, así como participa nos movimentos de baixada das recolleitas do verán e está excluida dos de subida (ascensión) (cfr. Mandianes, 1983, b, pp. 293-294).

O espacio do home é o exterior (tomando como punto de referencia a casa), o do can que pasa a maior parte do tempo fóra, e, cando está na casa, quédase no patio (fóra con relación á cociña e ás cortes). "Como o home sempre anda por fóra, é o que trai as amistades á casa, o que invita á xente prá festa. Na cociña está pouco tempo, solo as noites do inverno, cando a xente se xunta para xogar, falar e contar contos; hastra os cadelos están tamén nesas ocasiós".

3. *A alma do porco*

"A víspora da matanza, pola noite, non se dá de cear aos porcos", "o porco debe estar en aiunas desde vintecatro horas antes da matanza. Debe tratarse dun auténtico rito de purificación que data da prehistoria" (Taboada Chivite, 1969, p. 96). "O día da matanza os meniños son os que madrugan máis e van despertando a todo o mundo. Chegan os homes que veñen de fóra e despois as mulleres". "O xefe da casa determina o orden en que han de morrer os porcos". "O matón está afilando os coitelos mentras os outros homes preparan o carro". "Un home entra na corte, bota ao primeiro fóra, os que o están esperando cando aquil asoma as orellas, bótanlle mao á cabeza, ás orellas; os rapaces ao rabo. Cando un rapaz pega ben pódese decir que é un home". "As mulleres están no alto da escaleira. O matón clávalle o coitelo. Unha muller baixa cun caldeiro na mao para recoller o sangre, algúns matóns fan de tal maneira que lle salte á muller, e pona perdida. A muller dalle voltas ao sangre cunha roca. Os cadelos novos non poden comer o sangre porque lles pode faguer mal, os vellos pódena lamber". "É a muller que recolle o sangre quen lle mete uns dentes de allo ao porco nas narices para que a carne teña bó sabor"; pero xa se sabe que o allo protexe contra o mal de ollo, e contra toda cras de perigos que poidan vir de fóra da casa; "tamén poideran ter carácter de amuleto luar pola súa forma os dentes de allo, que se levan sempre no peto para evitar os maleficios das meigas" (López Martínez, 1960, p. 125). "Hai que meterllo antes de que pegue as últimas boqueadas".

"Ao acabar de almorzar os homes chamoscan e lavan os porcos, as mulleres mentras tanto están na cociña e solo baixan cando xa está o porco preparado e lle van sacar as tripas; entón dúas mulleres veñen para as recoller nunha sabá branca, lévanas á corte e alí estrémanas". "Os homes non teñen nada que ver cas tripas do porco, eso é cousa de mulleres. As tripas fumegan e cheiran ao bravío. Arráncanlles as grasas e prepárannas para levalas ao río, a lavar. Danlle as voxigas aos rapaces que lles sacan o moxe, ínchanas e póñenas ao fume do lume da lareira. Alí quedan; unha vez secas, o vento móveas dun lado a outro hastra os días do entroido que os rapaces outra vez as collen para bater con elas nas mulleres casadas que non teñen fillos; agora danlle con elas a calquera, pero antes non era así".

As mulleres van ao río lava-las tripas, "non se poden lavar en ningún outro sitio, hai que ir ao río". Ao río van as cobras cando son vellas, as ánimas non poden atravesar o río, a muller encinta perde a criatura si o atravesa, as treboadas que se forman á outra banda del non son perigosas para Loureses, e o mellor xeito de se ver libre dunha serpe

que persigue a ún, é cruzar o río. Tamén pode ser fonte de fertilidade. En todo caso parece ser que esas augas están habitadas por algunha clase de seres (cfr. Mandianes, 1983, a, pp. 99-106). Esto non sucede únicamente en Galicia, noutros moitos lugares van lavar tamén as tripas dos porcos ao río (Verdier, 1979, p. 33). Cando as mulleres e os nenos que as acompañaron ao río para botarlles auga chegan á casa, toman viño quente con mel á beira do lume da lareira como o día "da limpa e da deseiba"; ás veces "a muller parida toma viño quente con mel ao pé do lume" (cfr. Mandianes, 1983, a, pp. 295-296).

"As mulleres enchen os chourizos na corte (nunca a dos porcos)". É unha tarea de mulleres, "un home pode calcar a máquina e nada máis". "O home mete ca máquina o bitello na tripa", é a acción activa, a que lle corresponde ao home no acto sexual; "o home fai saír a zorza pola parte estreita do embudo ao calcar a máquina. Unha muller está de xoellos onda máquina pegando na tripa". As tripas cheas caen nunha fonte; outras mulleres as "ameran" (facer partes sin cortar), e outras atan os chourizos nos "lareiros", "paus de amieiro que crece solo nos lugares húmedos, cáseque sempre ao lado dos ríos". Estes lugares húmedos son moito máis frecuentados por homes que por mulleres. "Mentras están enchendo as mulleres dicen moitas palabras que solo elas entenden. Unha vez estaban en Loureses unha rapaza arxentina e outra de Porto Rico, e as mulleres que enchían decíanlles: os chourizos e os lareiros da vosa terra son tan grandes como os de eiquí?". "Istes son grandes, duros e moi pesados". Trátase de alusións sexuais: os "lareiros" e os "chourizos" son considerados como obxetos fálicos.

"As mulleres que andan daquela maneira (coa regla), non poden tocar nin xiquera achegarse aos chourizos. Unha muller ca regla é como unha tormenta, proponse a derramar o viño no pipote, o leite...", por eso unha muller nese estado é perigosa para unha serie de alimentos, ao mesmo tempo que son moi sensibles ás tormentas, espello delas mesmas. A vulnerabilidade da muller aumenta "cando están daquela maneira, pódelles faguer mal a auga fría, unha corrente de aire, non poden faguer a colada" (cfr. Verdier, 1979, pp. 41-42).

"Algúns días despois da desfeita o xefe da casa fai as filloas, que teñen, de ordinario, unha forma redonda", polo que, segundo algúns autores, evocarían a lúa (C. Gaignebet, 1974, pp. 150-151), lugar de onde veñen "as almiñas" en forma de abellas; por eso, dise en Galicia, que quen mata a unha delas "ten cen anos de pena". "Fanse de sangre do porco, fariña e ovos; tamén se poden faguer sin sangre, pero unha tantiña estalles ben". "As filloas son prós da casa aín-

da que se poida invitar a un par de amigos; cómense a misma noite que se fan, emboutadas con mel ou azucre". "O mismo día das filloas ou algún día despois, fanse os rixós; tamén os fai a dueña da casa. Tanto os rixós como as filloas requiren un bon lume de carballo na lareira para que haxa brasas dabondo. Os rixós fanse do redeño e do sovientre e gárdanse moito tempo, son un bocado fino e de moito aprecio". "Os rixós fanse nun pote de barriga ancha e boca estreita, e as filloas nunha filloeira con patas e rabo moi longo domeado na punta para pousar no chao. O pote e a filloeira son de ferro". "Comer un rixón aínda verde (a medio facer) é siñal de que se é home; cando así o fai un rapaz é siñal de que xa se pode considerar un home. Comendo rixós bébese moito viño tinto".

As mulleres fan a cociña e os homes meten a carne no sal. O efeito da muller é a disociación, como noutras ocasións (cfr. Mandianes, 1983, b, p. 299) rompe a cadea dos elementos que deben combinarse por fusión e enxendrar un novo estado: chourizos, rixós, filloas. A acción da muller leva consigo un cambio cualitativo, de natureza; como si dúas forzas da mesma natureza (os sabores fortes e o sangue menstrual) destruiran a cadea.

"As mulleres deben tirar ao río as pallas que levan no fondo do cesto das tripas; se as tran prá casa, morre a cría". Segundo este dato e outros coñecidos con anterioridade, a alma do porco reside nas vísceras e debe ser levada e deixada no río para purificar e defender a casa, como noutros casos de morte (cfr. Mandianes, 1983, a, pp. 166-169, 181-189), e para protexer a especie. Son só as mulleres quen entran en contacto con esas partes interiores e quentes do porco, sede da alma.

Dentro da xeografía da cultura "castrexa" atopáronse esculturas de carácter tosco que representan porcos, xabarís, e quezais ovellas; lembran a cultura dos verracos que tivo o seu núcleo na Meseta Norte, sendo un dos xacimentos máis importantes o das Cogotas (cfr. Tuñón de Lara, 1980, t. I, pp. 155-169) e entraría en Galicia por Tras-os-Montes de Portugal (cfr. Taboada Chivite, 1949, p. 5), e segundo algúns autores galegos tería orixe celta (cfr. Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, p. 358). A finalidade destas esculturas era enmarcar os camiños do gando (cfr. Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, pp. 350-351) e protexer o mesmo (cfr. Tuñón de Lara, 1980, t. I, p. 155; Cuevillas, 1980, p. 445), ou terían relación co culto dos mortos (Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, pp. 350-351; J. de Vries, 1977, p. 352). Segundo algúns autores galegos o deus romano Mercurio, o Hermes grego condutor de almas, tivo a súa traducción na cultura castrexa no deus Moccus, que non é máis que a forma antiga do bretón moc'h, porco (cfr. Cue-

COIDADOS

Qué \ Quén			Homes	Mulleres
Acomedar	Acarrar	Nabos	X	
		Berzas		X
	Botarlles			X
Estremar			X	
Levar a porca ao castizo				X
Atender á porca na paridura				X
Capar				X

MATANZA

Tareas \ Quén		Homes	Mulleres
Matar		X	
Chamoscar		X	
Fregar		X	
Estremar			X
Lavar as tripas			X
Picar		X	
Salar		X	
Faguer	Chourizos		X
	Rixós		X
	Filloas		X

villas e Serpa Pinto, 1933, pp. 352-353; J. Markale, 1976, pp. 121-134). Hai autores que falan do porco como animal totémico para os celtas (Cuevillas e Lorenzo Fernández, 1946, pp. 54 ss.) e hainos que o negan (J. de Vries, 1977, p. 190). En todo caso bótase de ver que o porco fala e evoca o alén, "o outro mundo".

III. INTERCAMBIOS

"O día da desfeita vaise a mitai do porco; entre o que se come e o que se dá vai a mitai, pero o que se dá non se perde. Máis tarde ou máis cedo volve á casa". "O día da desfeita unhas casas envían ás outras frebas para asar", especialmente aos parentes que, por unha causa ou outra, non veñen á festa, "os que veñen á festa xa o comen na casa. Tamén se mandan a certas amistades aínda que non sean da familia". "Case sempre son os rapaces os que van levar as frebas ás outras casas, ou senón as mulleres; un home nunca anda con esas cousas". "O que se dá é do millorciño do porco; nunca se manda ás outras casas nin o fígado, nin o coiro, nin ningunha cousa das que se comen no propio día da matanza". "Aos meus fillos e netos (fala unha muller de sesenta e cinco anos) que están en Barcelona, mándolles chourizos, rixós e cachos de xamón, e iles mandan zapatos, camisas para o meu home, calcetís, e tamén teñen mandado chaquetas prél e pra min. De boa gana lles mandaría frebas pero nise tempo hai pouco por quen e non se poden mandar a non ser por unha persoa conocida e de confianza; non se van mandar frebas por correo". "Antes tamén se lle daban as frebas ao cura e ao maestro, pero agora non. Había que lles dar do millor ou non lles dar nada". "Para as outras aldeas non se manda nada de porco. Home, pode haber alguén que mande algunha cousa, pero, en xeneral, non se manda nada. Esas cousas quedan entre a xente do pobo".

O intercambio de partes do porco (nunca vísceras que podan estar en contacto coa alma do animal) fan máis fortes as relacións no seo do grupo aldeano, unidade exogámica (cfr. Mandianes, 1983, a, pp. 112-142), o que vai en perxuicio da articulación das diferentes unidades que compoñen o grupo endogámico, a parroquia (cfr. Mandianes, o. c., pp. 149-155). "Agora xa non, pero hastra non fai moito tempo, os casados seguían vivindo cada un na casa dos seus pais; solo se xuntaban de vez en cando. Os meniños vivían ca súa nai na casa dos pais dela". As aldeas celebran as súas festas patronais, os entroidos, "os fiadeiros", que si ben propician os diálogos patrimoniais entre os mozos das diferentes aldeas da parroquia, tamén reforzan a conexión interna dos grupos exogámicos que os reafirma frente aos outros grupos parro-

quiais. A maioría das celebracións nas que o consumo de porco é ritual e das que xa se falou, miran cara dentro, non "só" para o grupo exogámico.

"As sociedades rurais europeas están dominadas por unha estricta endogamia local (no noso caso parroquial) que está en relación cos alimentos e o intercambio dos mesmos" (C. Levi-Strauss, 1962, pp. 61-62). Os costumes alimenticios lévannos ao campo das políticas matrimoniais por relación metafórica (cfr. R. Jakobson, 1963, pp. 61-63): os grupos que realizan intercambios matrimoniais non intercambian partes do porco. En moitos lugares dise que "tal home comeuse a tal muller" cando tivo con ela relacións sexuais.

CONCLUSIÓN

Moitos detalles da matanza cambearon ao longo dos derradeiros vinte anos, pero os rasgos fundamentais que permiten recoñecer e apreciar eses cambios, siguen invariables. Os diferentes grupos socio-semióticos interpretan de xeitos diferentes algúns detalles e o seu coñecimento do que se agacha tras das apariencias non é o mesmo, pero hai un fondo cultural común a todos que lles permite ve-la matanza "cos mesmos ollos"; os límicos son máis sensibles á "intención" que á expresión.

Aquí non me planteo o problema de si "esto é verdade", sinón de constatar que "tales xestos" únense a "tales efeitos". Cada un dos detalles da matanza é un soporte simbólico de realidades que deben descobrírese coidadosamente saltando arreo do nivel relixioso ao técnico, de este ao outro mundo, do social ao económico. A matanza é unha caixa de resonancia das técnicas, das relacións sociais, das creencias relixiosas que non son dogmas escritos sinón algo flexible, sin problemas de continuidade entre o pensamento e a vida cotiá.

MANUEL MANDIANES CASTRO
Loureses

BIBLIOGRAFÍA

CUEVILLAS e LORENZO FERNÁNDEZ, *Las habitaciones de los castros*, in C.E.G., núm. 2, fasc. 5, 1946.

CUEVILLAS e SERPA PINTO, *Estudos sobre a edade do ferro no noroeste da Península*, in A.S.E.G., t. VI (1933), pp. 295-367.

FILGUEIRA VALVERDE, J., *Tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*, Vigo, Ed. Xer. de Galicia, 1982, 244 p.

GAIGNEBET, C., *Le Carnaval*, París, Payot, 1974.

GARCÍA FERNÁNDEZ, J., *Organización del espacio rural en la España Atlántica*, Madrid, S. XXI, 1975, 333 p.

GREIMAS, A. J., *Semiotique et Sciences Sociales*, París, Ed. du Seuil, 1976, 219 p.

JAKOBSON, R., *Essais de linguistique général*, París, Ed. de Minuit, 1963, 257 p.

LEVI-STRAUSS, C., *La pensée sauvage*, París, Plon, 1962, 395 p.

LEVI-STRAUSS, C., *Le regard elogné*, París, Plon, 1983, 399 p.

LISÓN TOLOSANA, C., *Antropología cultural de Galicia*, Madrid, S. XXI, 408 p.

LISÓN TOLOSANA, C., *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*, Ed. Akal, Madrid, 1974.

LÓPEZ MARTÍNEZ, M., *Las religiones prehistóricas de Galicia*, in C.E.G., t. XV, 1960, pp. 121-142.

MANDIANES, M., *Loureses, un village de la Galice*, Strasbourg, Association des Publications près les Universités de Strasbourg, 1983, 219 p.

MANDIANES, M., *A seitura na rexión da Limia*, in Grial (Spain), 81 (1983), pp. 287-300.

MARKALE, J., *La tradition celtique*, París, Payot, 1975, 335 p.

MARKALE, J., *La femme celte*, París, Payot, 1976, 415 p.

PÁQUES, V., *Le roi pecheur et le Roi chasseur*, Strasbourg, Travaux de l'Institut d'Anthropologie de Strasbourg, 1977, 238 p.

RISCO, V., *Creencias y tradiciones referentes a algunos animales*, in RDTP, t. III, 1947, pp. 371-400.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, J., *Supersticiones de Galicia*, Lugo, Ed. Celta, 1974 (1895), 276 p.

TABOADA CHIVITE, J., *Folklore astrológico y metereológico de la comarca de Monterrey*, in RDTP, t. V (1949), pp. 110 ss.

TABOADA CHIVITE, J., *La leyenda de la Laguna de Antela*, in C.E.G., t. XXIV, 1969, pp. 101-112.

TENORIO, N., *La aldea gallega*, Cádiz, 1914, 167 p.

VARAGNAC, A., *Les traditions populaires*, París, P.U.F., 128 p.

VERDIER, Y., *Façons de dire, façons de faire*, París, Gallimard, 1979, 386 p.

VRIES, J. de, *La Religion des Celtes*, París, Payot, 1977.

A CONSPIRACIÓN LIBERAL GALEGA DE 1817

I. INTRODUCCIÓN

1. *Unha conspiración descoñecida*

Nos repertorios máis completos de conxuras, conspiracións e pronunciamentos liberais[1] non se fala da conspiración compostelana de 1817, que se integra plenamente no ciclo revolucionario do período 1814-1834.

Galicia participa no fervor liberal, primeiro, co pronunciamento de Porlier (1815), máis tarde coa conspiración de 1817 e, finalmente, co pronunciamento de febreiro de 1820 que fixo posible o trunfo de Riego e Quiroga, abrindo o Trienio Constitucional.

Neste artigo tentaremos desenguedellar a trama conspiradora, situar ós seus protagonistas e salientar o carácter marcadamente liberal dalgúns sectores de Galicia.

2. *A documentación*

A conspiración, abortada en marzal do ano 1817, deu orixen a un longo proceso[2] que se inicia o 14-III-1817 e non rematará até 1834. O proceso está formado por 23 pezas ou ramales que conteñen 1.779 folios. En realidade no decurso do proceso ábrense tres: o primeiro[3] é a sumaria iniciada polo xuez militar, teniente Coronel don Francisco Scasso, por encárrego do xeneral Pescy, gobernador militar de Santiago, e na que aparecen as primeiras confesións e testificacións.

O segundo proceso[4] iníciase en xulio de 1817 cando se fai cargo da causa, por delegación do Capitán Xeneral (en canto Presidente da Real Audiencia de Galicia) o xuez don José Salelles y Palos[5]. Actuará como fiscal o coñecido don Vicente

---

[1] O repertorio máis completo aparece en dúas obras, a "alucinante" *Historia de las Sociedades Secretas antiguas y modernas en España y especialmente de la francmasonería,* da autoría de Vicente de la Fuente, imprentada en Lugo, Soto Freire, 1870 e que posteriormente tuvo varias edicións, e o libro de Comellas, *Los primeros pronunciamientos en España,* Madrid, 1958, con copiosa información.

[2] Atópase no Arquivo do Reino de Galicia, Sección Causas, VIIª, leg. 139/1 e ss.

[3] Comprende a primeira peza e 113 folios.

[4] Consta de 18 pezas e de 1.441 folios.

[5] O tribunal colexiado presidíao o Capitán Xeneral de Galicia, don Felipe Agustín Caballero de Clement de Saint Marchet, que foi Capitán Xeneral de Galicia dende 1814 a 1818. Con el actuaron don José Joaquín de Iriberry, nomeado Alcalde Maior da Real Audiencia de Galicia en 1802; don Miguel An-

Fernández Villares[6]. Remata este segundo proceso o 25 de outubro de 1819 cun auto ou sentencia do tribunal colexiado, do que era ponente o precitado Salelles.

O terceiro proceso[7] iníciase o ano 1826 e ten como principal obxeto pór en execución o auto do 25 de outubro de 1819 que quedara prácticamente en suspenso gracias ó pronunciamento de 1820.

Ó ter que utilizar exclusivamente a documentación xudicial por carecer de prensa Galicia nestes anos[8] e por non téremos outras noticias, obríganos a exercer nalgúns casos unha especie de intuición hermenéutica para atopar baixo a prosa curial e as declaracións xustificadamente parciais, o discurso lineal deste acontecimento.

II. O PLAN DA CONSPIRACIÓN

1. *A conspiración*

O núcleo inicial da conspiración era civil e todo parece indicar que a cabeza era o abogado compostelano don Francisco Ferro Caaveiro.

O plan era sinxelo: tratábase de xuntar un grupo de 40 ou 50 personas que, no momento do golpe, arrestarían ó gobernador militar de Santiago, o xeneral don José Pescy[9] e ós seus inmediatos colaboradores. Asimesmo, nos primeiros momentos compría desfacer a articulación absolutista arrestando ós seus líderes: ó conde de Maceda, a varios coengos, ó ex-diputado don Manuel Freire Castrillón[10], etc. Ferro Caaveiro deu seguridades de que o Axuntamento non sería obs-

---

tonio Vigil de Quiñones e don José Salelles y Palos, que ó longo de todo este período exerceu unha política represora contra os liberais, como o demostra, entre outras súas actuacións, a presidencia da Xunta de Purificación creada no ano 1823, para "purificar" do ensino a toda persona con chata de liberal, cfr. Barreiro Fernández, *El Carlismo Gallego*, Santiago, 1976, pp. 43-4. O seu absolutismo sería premiado cunha maxistratura na Audiencia de Madrid.

[6] O abogado don Vicente Fernández Villares é un curioso personaxe que exerce na Coruña de abogado, polo menos dende 1805, que escribe entre 1808-1814 páxinas patrióticas, que adica os seus ocios a traducir obras francesas e inglesas, que nestes anos do absolutismo sirve ó réximen con fidelidade, como o demostra o seu dictamen nesta causa e que no Trienio parece ser que se pasou ós liberais que o premiaron con certos cargos de responsabilidade xudicial.

[7] Consta de 4 pezas e 225 folios.

[8] Non soio en Galicia senón prácticamente en toda a España non se podían imprimir periódicos. Soio funcionaba a Gaceta...

[9] Don José Pescy era un absolutista declarado. No pronunciamento de Porlier tuvo unha contundente actuación. Os poderes clerical e aristocrático considerábano insustituible e por eso, despois da execución de Porlier, solicitan ó Rey honores para Pescy, como o manifestan as Actas do Cabídoo compostelano.

[10] Freire Castrillón foi diputado nas Cortes de Cádiz pola provincia de Mondoñedo da que procedían seus pais pero que el nin coñecía, como expresamente o manifestou nun escrito. Foi autor dunha serie de folletos antifranceses e antiliberais (cfr. Barreiro Fernández, *Liberales y absolutistas en Galicia*, Vigo, 1982, in finem), foi asimesmo editor da obra de Alvarado *El Filósofo Rancio*, do periódico *La Estafeta de Santiago* e colaborador de va-

táculo para o trunfo do pronunciamento [11]. Asimesmo outro sector ocuparíase de incautarse das tesoureirías do Cabídoo, da Mitra, dos mosteiros e conventos [12], da Administración de rentas, xuntando arredor de 6 a 8 millóns de reais.

Para o arresto dos xefes militares e para impedir a inmediata reacción absolutista precisaban do apoio militar. Para esto os conspiradores contactaron con algúns cadetes da Academia Militar de Santiago e co corpo de subtenentes e sarxentos do Reximento de Granada, do cuartel de Santa Isabel de Santiago ó traveso do capitán Aldea que foi o seu instrumento. Creían que este corpo de subalternos, maltratado económica e socialmente, podía ser máis sensible a un pronunciamento que lles aseguraría ascensos e mellores retribucións [13].

Sin embargo, os conspiradores non estaban moi seguros da reacción militar e tiñan preparada unha estratexia en orden a que, unha vez que se conseguiran os fondos necesarios, si aparecía a resistencia militar na cidade, constituirían na zona rural unhas "guerrillas constitucionales". Para esto os 40 ou 50 iniciais desplegarían de inmediato unha intensa actividade na zona rural, explicándolles ós paisanos verbalmente e por escrito a razón do seu levantamento. Contaban para esto cunha imprenta portátil [14] da que saerían proclamas que se espallarían. Nos grupos guerrilleiros irían "hombres doctos y muy capaces de poner a cada uno *en su lengua* y con claridad, los motivos que convenían para que esto mudara de Gobierno" [15].

Partíase do suposto de que a situación económica no campo galego estaba tan deteriorada "al ver que les estaban exi-

---

rios periódicos absolutistas do momento. Despois da recuperación do absolutismo foi un dos máis exaltados defensores do "purismo" absolutista mediante a depuración de todas as persoas liberais ou próximas ó liberalismo, que el denunciou ás autoridades, constituíndose en parte en varios xuicios. Chamado despectivamente "quincallero" polos liberais, porque tiña un comercio de ferretería, era ó mesmo tempo socio capitalista de fábricas de curtidos e papel en Santiago. Persoa odiada na cidade, mesmo polos absolutistas, foi perseguido á chegada do réximen liberal e morreu no exilio.

[11] Declaracións do capitán Aldea, in Peza 1.ª Teñamos en conta que Ferro Caaveiro era persoeiro do axuntamento. O que Ferro indicaría era que estimaba fácilmente controlable o axuntamento mais é difícil pensar que aquel axuntamento, nutrido de absolutistas, fora a colaborar no pronunciamento.

[12] Ibidem.

[13] No proceso, especialmente nas confesións dos sarxentos, consta que as pagas levaban un retraso de máis de seis meses. Cando fagamos a relación dos procesados por conspiración, veremos que a maior parte dos sarxentos e subtenentes, pese a que a súa edade sobrepasaba case sempre os trinta anos, seguían solteiros sin duda pola imposibilidade de manter unha familia. Nos embargos feitos nas súas dependencias aparece que vivían case na miseria.

[14] O tema da imprenta portátil, que se aseguraba tiña no seu poder un cadete, aparece xa nas primeiras declaracións, na peza 1.ª do proceso, especialmente na declaración do cadete don Juan Domínguez. Pero as pesquisas feitas resultaron infructuosas para localizala.

[15] Ibidem. Declaración do capitán Aldea, in Peza 1.ª

giendo (grandes) contribuciones además de pagar todos los derechos" [16] que non sería nada difícil contar cun exército de 4.000 ou 5.000 paisanos, mediante o pago de soldadas e "buenas subsistencias".

Mentras que as "guerrillas constitucionales" percurarían ampliar o seu radio de acción dende a zona rural, grupos de acción urbanos farían o posible para "seducir a la tropa para que desertase y fuese a incorporarse a los partidarios", axudando asimesmo dende as cidades por medio dun servicio de espionaxe que facilitara ós guerrilleiros noticias sobre os movimentos das tropas [17]. Partíase asimesmo do suposto de que a acción destes grupos urbanos estaría facilitada polo crecente malestar dos burgueses e doutras clases sociais que os poñía frente ó réximen absolutista [18].

Os obxetivos do pronunciamento están, asimesmo, suficentemente explícitos: tratábase de xenerar un movimento para reinstaurar a Constitución de 1812 e de impedir no futuro a recuperación do absolutismo. Pero tamén aparece claro que se trata de manter a monarquía, convertida en constitucional, como sucederá en 1820. Por eso os vítores programados eran os de "Viva el Rey y la Constitución" ou "Viva el Rey y las Cortes" [19]. Nalgunha declaración matizábase que se trataba de facer un pronunciamento como o de Porlier [20].

Polo que respecta á data do pronunciamento hai tamén datos bastante precisos. Inicialmente pensouse no 21 de febreiro de 1817, pero vendo que os sarxentos tardaban en integrarse, houbo que pospoñer a data. Posteriormente pensouse no 21 de marzal do mesmo ano, agardando que o grupo da Coruña (que paradóxicamente non foi investigado no proceso, o que fai pensar que estaba comprometida algunha alta autoridade militar), estuvera a punto para iniciar ou apoiar o golpe. Pero nunha visita feita ós conxurados da Coruña por don Antonio Espiñeira, do grupo de Santiago, demostrou que a situación naquela plaza era "delicada" e conviña agardar algo máis [21].

O plan alónxase bastante dun clásico pronunciamento, posiblemente pola desconfianza que había hacia o sector militar, e pola importante integración de elementos civís. Todo fai pensar que a conxura compostelana integrábase nun vasto plan de movilización a nivel de Estado, da que esta soio sería un ramal. Aínda que nesta conspiración hai, como en

---

[16] Ibidem, Peza 1.ª, recollendo as confesións do capitán Aldea que se refería ás conversas tidas con Sató.

[17] Ibidem, Peza 1.ª

[18] Ibidem.

[19] Declaración do sarxento José Herrero, in Peza 1.ª

[20] Declaración do sarxento Cesáreo González, in Peza 1.ª

[21] Peza 1.ª: Declaración do capitán Aldea dando datas da presencia de don Antonio Espiñeira na Coruña, que o Tribunal se encargou de verificar con éxito.

todas, doses de irracionalidade, de emoción romántica e de improvisación, sin embargo é inconcebible que se poidera pensar nun levantamento na zona rural si ó mesmo tempo non se contara cun levantamento militar e popular noutras zonas do Estado. A mesma relación cos grupos da Coruña e Vigo, ós que nos referiremos (tamén sospeitosamente marxinados na causa), parece amosar que o pronunciamento tiña unha integración estatal. Máis ben parece ser que se trataba de xenerar aquí unha conflictividade que dispersara a atención das autoridades mentras que o groso do golpe se exercía en outro lugar do Estado. Neste senso non é casual que no proceso aparezan referencias a Mina, como se sabe membro activo no exilio, e a vencellos coa fracmasonería [22].

2. *Os comprometidos na conspiración*

Nos procesos feitos sempre con ocasións de conspiracións soio aparecen os sectores emerxentes e non os subterráneos. Fixéronse pesquisas e averiguacións, pero en canto apuntaba un nome constituido en alta autoridade, como a do Conde San Román [23], as averiguacións ralentizábanse ou mesmo se detían. É así cómo debemos explicar o feito extraño de que non se prosigan as averiguacións para esclarecer os grupos da Coruña e de Vigo pese a que o capitán Aldea e outros conxurados denunciaran, mesmo con nomes, estos ramais da conxura.

a) *O sector civil*

Don *Francisco Ferro Caaveiro* aparece como o gran inspirador e planificador da conspiración. Abogado, de 46 anos, viudo de dona María Montaos, pertenecía a unha prestixosa familia de artistas de Santiago. A súa situación económica, aínda que non era fastuosa e carecía de rentas importantes [24], era dun nivel medio elevado. Gozaba en Santiago de gran prestixio social. Dende 1808 Ferro Caaveiro adopta progresivamente posturas moderadamente liberais [25] que se van radicalizando a medida que o grupo ultraapostólico, comanda-

---

[22] Nestas averiguacións sobre a presencia e os contactos de Espiñeira co grupo da Coruña aparece un dato que confirma a nosa hipótese de que se trataba dun plan máis amplo, xa que Espiñeira nas conversas que ten dí que compre agardar a que se verifique o "plan general".

[23] O xeneral Pol, conde de San Román aparece implicado nas declaracións do capitán Aldea, como que se pensaba nel para futuro capitán xeneral de Galicia, unha vez consumado o pronunciamento. Sin embargo quen coñeza a traiectoria política do Conde coincidirá con nós en que esta atribución era infundada. Fervoroso realista, será en 1820, o máis enérxico defensor do realismo contra dos liberais pronunciados na Coruña, cfr. Barreiro Fernández, *Liberales y absolutistas*, pp. 24-5 e nota 19.

[24] Peza 4.ª Embargo dos bens de Ferro o 22 de agosto de 1817.

[25] Declaracións feitas por Ferro Caaveiro o 2 de xulio de 1817, in Peza 2.ª Consta que cando chegaron os franceses fuxíu, coa súa familia á casa dun tío sacerdote en Abellá. Cando marcharon os franceses foi nomeado persoeiro do axuntamento compostelano.

do por Freire Castrillón, o pón como punto de mira dos seus ataques[26]. O peso do prestixio social da súa familia e a súa inchatable traiectoria durante os anos da guerra contra os franceses foron os argumentos que empregou, como abogado de sí mesmo nesta causa, para conquerir un trato de favor no proceso do que conseguíu saír case sen responsabilidades. O cura da parroquia de Salomé, don Martín Ordaz, testigo de oficio presentado polo fiscal, declarou que "en el fondo su corazón y sus sentimientos no son malos y que su modo de expresarse fogoso y fuerte hace formar otro concepto al que no le haya tratado"[27], testificación que vindo de quen ven, pode considerarse moi favorable. Ferro Caaveiro a partir de 1834 militará no partido progresista do que foi diputado. O seu fillo don Antonio Ferro Montaos foi asimesmo un liberal exaltado no Trienio dirixindo o periódico compostelano *El Amigo de la Nación* e xa en Madrid sería varias veces diputado pola provincia da Coruña.

Don *Cristóbal María Falcón,* chamado tamén "El jorobadito de Vigo", pertenecía a unha familia de moito aboengo de Vigo. Era abogado, de 30 anos, e estaba solteiro. No ano 1813 fora nomeado alcalde de Vigo. Pola súa militancia liberal[28] foi detido e procesado en 1814. A sentencia condenouno a 8 anos de desterro a máis de 10 légoas de Madrid e Reales Sitios, así como da súa cidade de Vigo. Vivía en Santiago nunha pensión das Cinco Calles e mantiña íntima relación co seu paisano don Manuel Llorente, gardándolle importantes sumas de diñeiro, posiblemente para a causa do pronunciamento.

Durante o proceso, Falcón aparece como un dos activistas máis importantes[29]. Posteriormente, sería diputado nas eleccións do ano 1836 co partido progresista, representando á provincia de Pontevedra. A súa carreira, sempre á sombra do partido progresista, foi xudicial. Foi xuez en Vigo, máis tarde en Valencia e Madrid[30].

Don *José Sató,* era ciruxano do Colexio Externo militar de Santiago. Era natural de Cardona (Cataluña), tiña 41

---

[26] Cfr. o ataque que lle fai Freire Castrillón na *Estafeta de Santiago* do 17 de maio de 1814.

[27] Declaración de don Martín Ordaz, in Peza 2.ª

[28] Confesión de Falcón, in Peza 2.ª Expón alí que o motivo do seu procesamento foi a redacción, xunto con Rodal, dunha *Memoria Provisional*... para denunciar a arbitrariedade dos xueces e a persecución que lle fixeron ó comandante da plaza de Vigo e don Gabriel Méndez de Quirós por cuestións personais. Sín embargo, subxacía unha manifesta persecución política porque estes dous personaxes eran significados realistas.

[29] Cfr. as súas declaracións in peza 1.ª, peza 2.ª e peza 11.ª na que aparecen as alegacións no seu favor.

[30] Máis datos sobre a proiección política de Falcó no meu libro *O proceso electoral en Galicia* (1810-1868), *pro ms.*

anos e estaba casado. É quen establece os contactos cos militares, e móstrase como afervoado liberal[31].

Don *Antonio Espiñeira,* natural da Coruña e veciño de Santiago. Tiña 42 anos, viudo, e era cesante dende o período constitucional polo seu liberalismo[32]. Vencellado familiarmente á burguesía coruñesa.

Don *Francisco del Castillo,* natural de Madrid, de 34 anos, era ex capuchino, cesado no cargo de capelán do Reximento de Granada, posiblemente polo seu liberalismo[33].

Don *Fernando Seide,* chamado "El Alemán", era comerciante de Santiago. Tiña 30 anos e estaba casado. Era fillo doutro don Fernando Seide, alemán, que se instalou como comerciante en Santiago sobre o ano 1785. Participou soio parcialmente, según parece, na conspiración[34].

Don *Cayetano Blanco (a) Bautista,* casado, de 33 anos. Tiña unha cafetería na rúa do Vilar onde se reunían os conspiradores. Non soio facilitaba o local, senón que prestaba importantes servicios de conexión e gardando a documentación máis comprometida[35].

Don *Juan Villaronte,* de Ribadeo, 30 anos, solteiro. Era axudante co Colexio Externo Militar[36].

b) *O sector militar*

Había en Santiago unha Escola Militar na que cursaban os seus estudos 40 cadetes, baixo a dirección do xefe accidental don Pascual Vasadre[37]. Os principais comprometidos eran os cadetes don Manuel Suero Díaz[38], don Xoan Domínguez[39], don Ignacio Fuentes Jáudenes[40] e don Xoan Caso Cobos[41]. Todos eles moi xóvenes e, asegún parece, enfervorizados liberais.

---

[31] Declaracións de don José Sató, in peza 1.ª, peza 2.ª e as probas da súa defensa, in peza 8.ª

[32] Declaracións, in peza 1.ª, peza 2.ª e as alegacións no seu favor, in peza 12.ª

[33] Declaracións, in peza 1.ª, peza 2.ª e alegacións e probas, in peza 9.ª

[34] Peza 15.ª Algúns dos testigos de oficio manifestaban a súa extrañeza porque Seide aparecera comprometido xa que o consideraban persoa pusilánime, melancónico, e pouco adicado á política. O coengo Gil Hernández dí de Seide que soio era coñecido por adicarse ó comercio e tocar o violín. Da súa pouquedade de ánimo poden dar testemuño a serie de actuacións histéricas que protagonizou na cárcel. Estaba moi sentido co conde de Maceda porque habéndoo invitado a testificar no seu favor, negouse rotundamente.

[35] Declaracións na peza 2.ª

[36] Confiábase na súa sagacidade e boas relacións coas curias, para conquerir sacar o mellor partido do proceso, no suposto de que o levantamento fracasara.

[37] Don Pascual Vasadre era fillo de don Xosé Vasadre Zúñiga, importante afrancesado. Don Pascual faría carreira política, sendo diputado a Cortes pola provincia da Coruña no ano 1840.

[38] Natural de Santa Eugenia de los Pandos (Asturias), de 22 anos, solteiro, graduado de subteniente.

[39] De León, 19 anos, solteiro, subteniente.

[40] Tamén de León, solteiro, 19 anos e con grado de subteniente.

[41] De Bezanes (Asturias), solteiro, de 19 anos.

Os conxurados contactaron asimesmo con oficiais e sarxentos do Reximento de Granada, destinado en Santiago, por medio do capitán Aldea [42]. Este capitán foi un elemento moi importante na conxura, pero cando esta foi descuberta perdeu a súa integridade, esquenceuse dos xuramentos prestados, e denunciou a todos os comprometidos a cambio da seguridade de que non sería fusilado [43].

Outros militares comprometidos e que pertenecían ó Reximento de Granada eran Xosé Herrero [44], Cesáreo González [45], Francisco Valle [46], Antonio Coma [47], Antonio Echevarría, Xosé Agustina, Pedro Antonio Carballedo, Xosé Reig, Ezequiel Crespo e Alberto García [48].

A conspiración chegaba a outros sectores militares de Vigo e a Coruña que inexplicablemente non foron apenas investigados. O principal comprometido e ó único que se lle fixo proceso era don Manuel Llorente, teniente coronel de Granaderos Provinciales [49], natural de Vigo e destinado na plaza da Coruña. O prestixio social da súa familia e o peso económico da mesma facilitáronlle un proceso suave, do que prácticamente saíu indemne [50].

As declaracións e acusacións do capitán Aldea comprometían asimesmo na conxura a don Carlos de Sesar, don Pedro Gamoneda, don Xosé Quirós [51], o capitán Marcó, asimesmo de Vigo, ó Dr. Fernández de Santiago, etc. [52].

3. *Os mecanismos da conspiración*

A documentación permítenos coñecer soio os mecanismos da conspiración a nivel local e rexional, pero non os ramais da conxura a nivel estatal ou mesmo cos exiliados.

O núcleo conspirador formábano os civís Ferro Caaveiro, Espiñeira, Falcó, Saltó e o crego Castillo, quenes indudable-

---

[42] Natural de Salas de los Infantes (Burgos), de 31 anos, solteiro.

[43] Declaracións, peza 1.ª

[44] De La Nava del Rey, casado, 27 anos, sarxento 2.º Foi o delator da conspiración.

[45] Natural de Toro, 26 anos, solteiro, segundo sarxento.

[46] De Avia de las Torres (Palencia), 36 anos, solteiro, sarxento 1.º

[47] De Barcelona, solteiro, 25 anos, sarxento 1.º

[48] Echevarría era vasco, solteiro, 35 anos, axudante. Agustina era valenciano, sarxento 1.º, con 29 anos e solteiro. Carballedo era de Moalde, tiña 33 anos, solteiro, sarxento 1.º Reig era de Alcoy, 31 anos, solteiro e sarxento 1.º Crespo era de Benavente, tiña 35 anos, casado. Alberto García era soldado.

[49] Llorente pertenecía á importante familia dos Llorente, unha das máis acreditadas firmas burguesas de Vigo. Sempre liberal, fixo unha importante carreira militar e política, aínda que tamén tuvo que sufrir desterros e persecucións nas épocas absolutistas.

[50] Peza 2.ª, coas declaracións de Llorente, e peza 5.ª e 18.ª

[51] Estes oficiais eran tamén de Vigo.

[52] Este Dr. Fernández era o ex-profesor da universidade. Don Andrés Fernández, persoa que asegún as crónicas do momento tiña perdido o sentido común e que escribía artigos atrabiliarios e facía comentarios políticos sempre fora do contexto. Non é preciso salientar que o doctor Fernández non contaba nesta conxura.

mente estaban en contacto con grupos da Coruña e Vigo e ó traveso destes posiblemente co resto dos conxurados. Reuníanse habitualmente no café de "Bautista" na rúa do Vilar onde dispoñían dalgunhas habitacións reservadas. Cando as reunións acadaron certa importancia numérica, estimaron que era pouco prudente xuntarse todos no café e elexiron para xuntarse algún lugar apartado da cidade, como por exemplo o adro da eirexa de Guadalupe a donde foron chegando por distintos camiños os conxurados o día en que Ferro Caaveiro estima que hai que decidirse a actuar e ten que confiar a cada ún as súas funcións [53].

Os contactos cos militares fanse despois de que a conxura está montada. Non foi difícil contactar cos cadetes, ós que os animaba un manifesto espíritu liberal fácilmente encendido por unhas conversas patrióticas (das que se encargaban Saltó, Villaronte e Castillo) ou pola lectura de pezas clandestinas como o Testamento dos Oficiais da Guarnición de Barcelona que circulaba polos cuarteis [54]. Pero foi máis difícil o contacto coa oficialidade do reximento de Granada. Unha vez conquerido o apoio do capitán Aldea, este encargouse de facer ver ós dirixentes que era inviable reclutar entre a oficialidade. Por eso acudiron ó corpo de sarxentos que pasaban unha situación económica crítica polo retraso das pagas. Os contactos establécense por medio de merendas nas tabernas de San Lorenzo e Conxo nas que se consumen cabrito, queixo, pan e viño, que sempre pagaba Ferro Caaveiro [55]. Algún sarxento manifestou a comenencia de que en vez de agardar ó día do trunfo (para o que se lles aseguraban ascensos e cartos) xa se lles foran adiantando algúns beneficios, ó que Ferro se negou [56].

A medida que se foi ampliando o grupo conspirador houbo que poñer a punto os mecanismos de control interno para evitar unha delación ou que se filtrara o proxecto. Nas xuntanzas sempre se decía que o delator sería asesinado antes de media hora [57]. O que non deixaba de ser unha advertencia que seguramente ningún creeu, porque a delación saíu precisamente dos amenazados.

Asimesmo os civís tiñan perfectamente preparadas as súas declaracións para o suposto de que foran apreixados polas autoridades. Sabían que debían negar toda participación e ser coincidentes en todas as declaracións, pechándolle desta

---

[53] Peza 1.ª, delación feita polo capitán Aldea.

[54] Varios militares nas súas declaracións afirman que certamente o Testamento fora repetidamente leído nos cuarteis e obxeto de comentarios entusiastas.

[55] Declaracións feitas na peza 1.ª que, por suposto, negou Ferro Caaveiro.

[56] Ibidem.

[57] Declaración do sarxento Ezequiel Crespo, peza 1.ª

maneira as saídas para un avance procesal na depuración de responsabilidades. Por este motivo o xuez non puido facer progreso algún. Soio os militares, que foron os primeiros encarcelados e incomunicados, foron os que deron as pistas principais na primeira declaración, xa que posteriormente foron advertidos dende o exterior do que tiñan que decir e do que tiñan que negar. O sistema de comunicación facíase empregando todos os medios, especialmente por medio de papeliños escondidos na comida ou nas botellas que se lle pasaban dende fora, valéndose para esto da convivencia dos corpos de garda, formados polos propios compañeiros dos arrestados, ata que as autoridades descubriron estas comunicacións e as paralizaron, pero para entón xa as consignas estaban dadas e todos sabían o que tiñan que decir [58].

4. *A conspiración é descuberta*

As autoridades parece ser que non tiñan noticia do que se fraguaba. O delator, motu proprio, foi o sarxento Xosé Herrero que dou parte verbal ó teniente coronel don Xoaquín de Navas, comandante accidental do Reximento de Granada o 14 de marzo. No momento Navas pón en coñecimento do xeneral Pescy os feitos, indicándolle que fixera promesa a Herrero de non descubrilo e de asegurarlle a vida [59].

Pescy manda deter a varios sarxentos e oficiais e, ás 5 do serán nomea Presidente do tribunal especial a don Francisco Scasso, comandante agregado, "por el concepto que usted merece a todo el ejército y a mí en particular por haberle siempre conocido adicto a la persona del Rey".

Scasso toma as primeiras declaracións na madrugada do día 15 soio ós militares mentras que as detencións dos civís non se fai ata o día seguinte, co que estes seguramente xa tuveran tempo a preparar as súas defensas.

A declaración máis importante será a que faga o capitán Aldea. Tendo sido chamado por Scasso a declarar, pide a presencia do xeneral Pescy. Presente este, Aldea solicítalle o indulto a cambio de dar toda a información. Pescy acepta "siempre que fuera de la Real Aprobación" e sempre que as declaracións foran de utilidade para a desarticulación da conxura. Foi así como o capitán Aldea declara todo e denun-

---

[58] O 27-III-1817 na botella do viño destinada ó capitán Aldea e a Echevarría apareceu unha nota na que se lles avisaba: "Los papeles se deben salvar a todo trance". Noutros papeis dirixidos ós outros oficiais se lles avisaba que Aldea "cantó" e advertíndoos das declaracións que fixeran. Si estes foron os papeis localizados polos gardas o máis seguro é que outros conseguiran chegar ós de dentro. De feito ós poucos días o xuez ordenou sustituir as gardas, prohibindo que estuveran os compañeiros de armas dos presos.

[59] Nunha R. O. do 26-III-1817 dirixida ó Capitán Xeneral o ministro de Gracia e Xusticia aprobaba as promesas feitas en favor de Herrero e pregábase que con el se tuvera "alguna distinción" por ser delator.

cia miudamente os pasos seguidos e as persoas comprometidas. Unha R. O. do 26-III-1817 confirmaría o seguro de vida que fixera Pescy, o que nembargantes pouco favoreceu a Aldea que veu como os civís ó longo do proceso conqueriron saír exculpados, mentras que el foi o máis castigado.

5. *A sentencia*

O longo proceso concluíu co dictamen fiscal, redactado por don Vicente Fernández Villares[60] no que, comprendendo que o corpo do delito non estaba suficentemente probado, sostén que a conspiración existíu, que foi "un gravísimo crimen", que non se precisa para a súa calificación das probas que as leises requiren noutras circunstancias e, neste caso, "bastan sospechas vehementes y fundados indicios para castigar a los reos, sus cómplices y auxiliadores". Para o fiscal estaba claro que os conxurados "se apandillan para tramar sus detestables planes" e que, por conseguinte, son merecedores das máximas penas. É importante, nembargantes, suliñar que o fiscal non califica os delitos e, por conseguinte, non precisa as penas que solicita.

Indudablemente, as autoridades indicáronlle ó fiscal que compría non esaxerar e tapar todo, de maneira que non trascendera a conxura. O feito é que a primeira sentencia ou auto dado polo Tribunal, presidido polo Capitán Xeneral o 18-X-1817 dí que todos os comprometidos deben continuar nas carceis a excepción de Seide, don Cayetano Bautista, Villaronte e Llorente que quedaban en libertade provisional. Pola súa parte Ferro Caaveiro, a cabeza da conxura, solicita e logra saír baixo fianza, baixo a especie de ir tomar as augas a Ponte Vea.

Esta resolución provoca a denuncia dos outros procesados, especialmente do capitán Aldea que lamenta que Ferro Caaveiro "principal autor... del cotarro" estea en libertade gracias ás súas influencias. Por este motivo ábrese novamente o proceso, dando o tribunal novo auto o 25-X-1819 condenando a Aldea a outros seis meses de cárcel, mentras que a maior parte dos demáis complicados quedaban en libertade[61]. Os sucesos de 1820 viñeron prácticamente a pór fin a este proceso, do que soio quedou un ramal sobre as costas xudiciais.

III. O CONTEXTO SOCIAL E POLÍTICO

1. *A crítica situación económica*

Os conspiradores aluden nas súas conversas á posibilidade de atopar apoio ós seus proxectos tanto no campesiñado como na burguesía, dada a crítica situación económica pola

[60] O Dictamen fiscal, in peza 17, fols. 65-71.
[61] Ibidem, peza 17.ª

que pasaban[62], sobrecargados con impostos e paralizado o comercio. Que a situación chegara ó seu teito máis baixo é algo do que eran conscientes tanto os dirixentes da economía nacional como o pobo, aínda que este difícilmente podía expresar tumultuariamente o seu descontento.

Os estudios feitos sobre a economía do momento, confirman puntualmente este descontento xeneralizado. A deuda pública alcanzaba no ano 1817 a monstruosa cifra de once mil millóns de reás e xa facía anos que non se pagaban os intereses. O creto público estaba polo chan. Ante a imposibilidade de saír adiante, Fernando VII nomeou a Garay[63] para o ministerio de Facenda, nomeamento que foi ben acollido na agarda de que el sería capaz de arranxar o que non tiña solución fácil. Garay co seu equipo diseñou un novo sistema facendístico (o plan do 30 de maio de 1817) e un plan para a resolución da deuda pública *(Memoria sobre el sistema del crédito público,* do 30 de xulio de 1817) que non chegou a aplicarse. O novo sistema facendístico, que Fontana estudou con extraordinaria claridade[64], resultou un completo fracaso ante a carencia dunha base estadística racionalizada e ante a oposición das clases privilexiadas que entendían tiñan que colaborar cos seus bens ó arreglo da situación[65]. Síntoma deste fracaso foi o cese de Garay o 14 de setembro de 1818, deixando as cousas prácticamente como estaban[66].

Pero a crise non afectaba solo á Facenda, senón tamén ás clases sociais. A perda do gran comercio americano e a coiuntura en baixa de toda a economía europea afecta sustantivamente á burguesía. As calas que levamos feitas na burguesía compostelana amosan o inicio dunha decadencia da que posiblemente xa non se recuperou. Son frecuentes as

---

[62] Nas conversas que Aldea mantiña cos conxurados, repetíalles as consignas recibidas de Ferro Caaveiro, e demáis conxurados civís. Decíalles que non era difícil alarmar á población o "que lo hallaba muy fácil a causa de hallarse tan miserables". Declaracións do sarxento Ezequiel Crespo, in peza 1.ª O mesmo Aldea refire unha conversa con Sató na que este lle manifestara que "los labradores estaban disgustados al ver que les estaban exigiendo contribuciones además de pagar todos los derechos y que veían a sus hijos militares en una extrema necesidad, que tenían que calzarlos y vestirlos de sus casas"... "y que los comerciantes por tantas contribuciones y empréstitos forzosos estaban agobiados" "y los artesanos que todo se les volvía decir que no sabían donde se metía tanto dinero". Declaracións de Aldea, in peza 1.ª

[63] Sobre Garay, ademáis da obra de Suárez Verdeguer, F., *Martín de Garay y la reforma de Hacienda,* 2 vols. Pamplona, 1967, contamos co magnífico traballo de Fontana, integrado na súa obra *La Quiebra de la Monarquía Absoluta,* Barcelona, 1971, pp. 347-381.

[64] Ut supra.

[65] O clero, no plan de Garay tería que colaborar co subsidio eclesiástico e sabía asimesmo que o proxecto desamortizador era a base da solución para o problema da deuda pública. Por suposto que o clero opúxose en bloque a Garay e colaborou na súa caída.

[66] Sobre as causas do cese do ministro Garay, cfr. Fontana, *Op. cit.,* pp. 236-241.

crises e quebras, sendo a máis sonada a do emporio económico da firma don Ramón Pérez Santamarina que levou no seu remuiño a un elevado número de pequenas empresas instaladas na comarca compostelana[67].

A crise afectaba directamente asimesmo ó pobo, recargado nas contribucións de dereitos de porta e contribucións rústicas, que coincide cun período de malas colleitas. A contribución directa, imposta por Garay, foi rexeitada polo pobo. En palabras do diputado do Trienio Banqueri: o odio ó sistema de contribucións de Garay "viene de que el pueblo ha visto de que no se le ha cumplido lo que se le ofreció. Se le ofreció que no pagaría más que esta contribución, que a cuenta de ella se le abonarían los *suministros, raciones, utensilios, bagajes:* nada de esto se ha cumplido, porque se presentaba con sus bonos en las oficinas de rentas y no se los admitían. Vio además que se le impuso un derecho sobre las caballerías, que se exigió un préstamo de 10 millones, otro de 18 millones para la comisión de reemplazos de ultramar, 100 reales anualmente sobre cada tienda, derechos de puertas exorbitantes, los impuestos sobre vino y otros frutos para caminos que no se mejoraban, y otras tantas y tantas socaliñas, que hasta su paciencia y sufrimiento se ha querido poner en contribución"[68].

Síntoma desta profunda crise social era a inseguridade cidadán. Nunca Galicia tuvo tanto bandolerismo, ubicado na zona rural[69] e que operaba na maior impunidade ante a incapacidade da administración por taponar tantos brotes conflitivos na sociedade galega.

2. *A inestabilidade política: conspiracións e pronunciamentos* (1814-1820)

Dende a restauración do absolutismo en 1814 ata o levantamento de Riego, De la Fuente contabiliza 14 conspiracións e pronunciamentos contra o réximen[70]. Deixando a un lado algunhas destas conspiracións non suficentemente documentadas, as máis importantes foron:

A sublevación de Mina, en setembro de 1814[71] que asegún a versión de Comellas foi "una revolución destinada a trastocar el Gobierno de España (y que) contaba como únicos cómplices a siete personas"[72]. Do carácter claramente cons-

---

[67] Cfr. Barreiro Fernández, *Historia Contemporánea de Galicia*, t. IV, La Coruña, 1984, capítulo da Burguesía.

[68] *Diario de Sesiones*, 1820-1, 4 octubre 1820, tomado de Fontana, *Op. cit.*, p. 240.

[69] B. López Morán, *El Bandolerismo Gallego*, Vigo, 1984, parte 1.ª, onde se documenta o bandolerismo deste período.

[70] De la Fuente, *Op. cit.*, pp. 159-314.

[71] Fontana, na obra precitada, pp. 187-188, fai unha revisión crítica dos plantexamentos historiográficos da escola do profesor Suárez Verdeguer.

[72] Comellas, *Op. cit.*, p. 182.

titucional desta sublevación fracasada, testemuña Fray Rafael de Vélez, logo arzobispo de Santiago: "No había oido Mina en los españoles más sentimientos que los de Fernando, religión, patria: luego que le halagaron con la memoria de sus triunfos, que la España fijaba en él su vista para que restituyese el imperio de la constitución proscripta, diciéndole contase con los votos de todas las provincias, se decidió por la facción que le hablaba. Mina, de general armado de la nación pasó a ser un terrible conjurado. Dio oidos a las más insidiosas palabras, cayó en la red que le prepararon los enemigos de la religión y del trono, se puso a favor de la constitución, atentó contra la paz pública" [73].

O levantamento de Porlier no ano 1815, co manifesto apoio da burguesía coruñesa, foi algo máis que un pronunciamento militar, asegún se nos fixo creer por certa historiografía resesa. Foi un levantamento que tuvo unha preparación e unhas ramificacións polo resto do Estado, como Fontana testemuña en Barcelona [74].

No ano 1816 houbo unha importante conspiración, chamada do Triángulo [75] en canto que se supoñía estaba montada conforme ó sistema do triángulo adoptado por Weisshaupt para a propagación das súas ideas iluministas, e que fracasou como as anteriores.

No ano 1817 ten lugar en Cataluña a insurrección de Lacy no mes de abril. Posiblemente esta insurrección estaba en conexión cun plan moito máis amplo, e do que seguramente a conspiración de Galicia non sexa máis que un reflexo ou ramal.

Todo esto é revelador dunha inestabilidade política a nivel de Estado, inestabilidade que fai crise por medio daquelas clases máis directamente perxudicadas, como eran os cesantes, os burgueses e militares, con pagas atrasadas e, sobre todo, cun escalafón prácticamente inmóvil que apagaba toda espranza e ilusión de facer carreira.

No ano 1817 frústrase, ademáis, outra esperanza: a dunha amnistía política que permitira a volta dos exiliados e que pechara o proceso de depuracións políticas. Vázquez Figueroa relata o proceso da preparación desta amnistía e o seu fracaso: "Una o dos sesiones llevábamos los cuatro antes indicados (Pizarro, Garay, Figueroa y Campo Sagrado) sobre el gravísimo, urgente e importantísimo negocio de una amnistía general, en que estábamos conformes... y que deseaba

---

[73] Fray Rafael de Vélez, *Apología del Altar y del Trono,* Madrid, 1818, t. II, p. 315.

[74] Fontana, *Ibidem,* p. 189.

[75] Sobre esta conspiración cfr. M. P. Ramos Rodríguez, *La Conspiración del Triángulo,* Sevilla, 1970. Monografía que se inscribe na escola historiográfica máis tradicional.

en extremo la reina dignísima María Isabel, como base principal para restablecer la confianza de los españoles, la felicidad de las familias, el amor al rey, etc., y todo lo desconcertó y descompuso con sus manejos este ser maléfico que se introdujo entre nosotros (Lozano de Torres) y, seguidamente, el brusco y también ignorante don Francisco Eguía, que muy poco después entró en el ministerio de Guerra en lugar de Campo Sagrado..." [76].

Non lle quedaba, por conseguinte, ós liberais máis que unha saída desesperada: a da insurrección, que percuraron teimosamente e que soio lograrían no ano 1820.

XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ
Santiago

[76] Tomado de Fontana, *Op. cit.*, p. 126.

UNHA APROXIMACIÓN A "OS BIOSBARDOS. CONTOS PRÁ XENTE" DE EDUARDO BLANCO AMOR

1. EDUARDO BLANCO AMOR. A SÚA OBRA. CONTEXTO ARTÍSTICO

É singular no panorama da literatura galega contemporánea a figura de *Eduardo Blanco Amor*, escritor de acusada personalidade neste panorama múltiple.

Nacido en Ourense en 1897 [1] emigra a Arxentina sendo moi novo (polo 1919) onde viviu case medio século. Nestes longos anos, revélase como escritor.

En galego dáse a coñecer como poeta. No ano 1928 publica *Romances Gallegos*, libro que recolle poemas escritos entre 1921 e 1928 e que, segundo a crítica [2], ven ser unha rapsodia de Amado Carballo. Nel reflexa ecos do romanceiro español tradicional enxertados nunha estética modernista. Tres anos máis tarde fai público outro volume de versos: *Poema en catro tempo* (1931), escrito para os que morreron no mar; o poeta concebiuno "ao xeito dunha sinfonía fúnebre" [3]. No ano 1956 aparece *Cancioneiro*. Ata este momento Blanco Amor era un escritor castelán, así nolo xustifican as súas obras desta época: *La catedral y el niño, Los miedos, Chile a la vista, Farsas, Las buenas maneras, Horizonte evadido, En soledad amena*. Interésannos, destas, *La catedral y el niño* e *Los miedos* en canto que, xunto con *A Esmorga* e *Os Biosbardos* constitúen os catro libros nos que o autor trata historias ambientadas en *Auria* (Ourense), onde el mesmo naceu, ciclo este que, como sinala no prólogo do libro ("Xustificación") declara cerrado con *Os Biosbardos* [4].

Vemos, pois, que en galego antes do 1936 era coñecido, fundamentalmente, como poeta. Despois desta data é fundamentalmente prosista: *A Esmorga* (1959), *Os Biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972).

Con *A Esmorga* dá comenzo a unha obra narrativa galega, cunha fecundidade de sobra coñecida. O por qué da mesma acláranolo o propio autor:

> "...no plano da creación literaria, eu pensaba que había unha posibilidade de galego popular truncado: Curros, Lamas..., que estaba en contra de aquel galego un pouco pra señoritos, que era o galego literario da miña época" [5].

---

[1] Seguimos a Carballo Calero para precisa-la data de nacemento (cfr. *Historia de la literatura gallega*. Páx. 715). Con todo, cómpre ter en conta que outros autores (Salvador Lorenzana, Fernández del Riego, Varela Jácome, etc.) sitúan o seu nacemento no ano 1900.

[2] Cfr. Fernández del Riego, *Historia da literatura galega*. Galaxia, Vigo, 1978, 2.ª ed. Páx. 284.

[3] Cfr. Carballo Calero, *Op. cit.* Páx. 715.

[4] "Iste é o coarto libro que nasce das miñas lembranzas de Auria, pobo onde eu son nado (...). Supoño que o presente ha de sere o derradeiro, pra que o tema non se vaia trocando en teima". Cfr. Blanco Amor, *Os Biosbardos*. Galaxia, Vigo, 1976, 3.ª ed. Páx. 7.

[5] Blanco Amor, E., "Os Biosbardos" en *Grial 11*. Xaneiro-marzo 1966. Páx. 340.

Dono dun medio de expresión do que poucos dispuñan, non dubida en aproveitalo, singularizándose na historia da nosa literatura como narrador.

Por outra banda, cando os novecentistas só tiñan feito tanteos de narrativa, a guerra civil trunca a vida literaria normal. Un deles —Blanco Amor— escribiu as súas novelas despois. Sobre esto compre salienta-la observación de Salvador Lorenzana:

> "En Galicia os homes da Xeneración 'Nós' cultivaron con acerto o xénero narrativo, e o seu gran novelista foi Ramón Otero Pedrayo. Pola contra, a xeneración galega dos escritores nados arredor de 1900 cultivaron moito máis a poesía e o ensaio que a novela. Un fenómeno ben coñecido é o que poderíamos chamar a 'cotación dos xéneros predilectos ao longo da historia'. Pero aínda sendo esto así, nono é tanto como parece. A novela foi un xénero relativamente 'serodio', a diferencia da poesía sempre precoz" [6].

Tamén publicou dous volumes de pezas de teatro: *Farsas para títeres* (1973) e *Teatro para a xente* (1975).

En galego ou en castelán, a *súa temática* é sempre *Galicia*. De tódolos xeitos, o autor sente a necesidade de algo máis:

> "...pro non escribín en cambio a novela que debín facer, unha novela sobre Buenos Aires que me anda agora na cabeza. Por eso quero volver alá. A miña vida porteña é dicotómica: sociedade popular galega-alta sociedade arxentina. Será a novela deste ambiente" [7].

Contexto artístico

Como o propio autor sinala, a súa vida arxentina é dicotómica. Frecuenta dúas clases de trato:

a) Borges, Sábato, Alfonso Reyes, Leopoldo Lugones, Horacio Quiroga...

b) Contacto coa emigración galega (aspecto que será fundamental para a súa obra).

Abrenselle as portas da alta sociedade e do mundo literario e, ó mesmo tempo, vive o mundo da emigración galega que, procedente de distintos puntos de Galicia, proporciónalle un instrumento expresivo moi eficaz á hora de buscar unha lingua literaria que valese para calquera tipo de público e temas que non foran para arqueoloxía.

Pero, as súas actividades como home de letras levan outros precedentes. Os seus mestres foron xeralmente os da Xeración Nós. Algunhas das súas opinións aportan datos sobre aspectos pouco coñecidos da súa vida literaria:

> "Eu despertei ao mundo literario con *La Centuria*, a revista neosófica ourensán de Vicente Risco, que publicaba moitas traduccións de poetas simbolistas. Estas traduccións continuábanse logo coa lectura de Rimbaud, Mallarmé e outros... Tamén asistín durante catro anos á clase de Historia que explicaba Risco. O que adeprendín entón, os libros que me prestou, el, as largas conversas na súa casa ou no café 'Royalty'... constitúen unha formación básica... A prosa castelá de Risco dos *Preludios a toda estética futura* forman parte dos primeiros deslumbramentos da miña soterrada vocación literaria, a par de *Les fleurs du mal*, dos contos de Poe e da prosa francesa de Gautier e Gustave Flaubert..." [8].

---

[6] Lorenzana, Salvador, "Perfil biobibliográfico de E. Blanco Amor" en *Grial 67*. Xaneiro-marzo, 1980. Páx. 41.

[7] Blanco Amor, E., "Os Biosbardos". *Grial 11*. Páx. 342.

[8] Blanco Amor, E., *Grial 11*. Páxs. 337-39.

Amáis desto, non esquezamos que a súa xeración corre parella á xeración do 27 castelán e, posiblemente, houbese influxo mutuo entre eles. Blanco Amor ten ocasión de entrar en contacto coa xeración española do 27. Chamado a colaborar no diario bonaerense *La Nación* ven a España como corresponsal en 1929 onde permanece ata o 1931; e despois, de 1933 a 1935. Destes anos data a súa amistade con Lorca e Alberti que se intensificará na Arxentina.

Carballo Calero [9] sitúa a Blanco Amor entre os *novecentistas*. Con esta denominación designa ós "escritores nados arredor de 1900" —Manuel Antonio (1900), Amado Carballo (1901), Dieste (1899), Álvaro de las Casas (1901)...—. Segundo o crítico citado, os novecentistas son postmodernistas, no sentido de que superan ou intentan supera-lo modernismo. Con todo, non avanzaron tanto na súa estética como para quedaren marcados polo futurismo, o cubismo, o creacionismo, o ultraísmo ou o suprarrealismo.

A perspectiva da súa longa experiencia, o coñecemento en primeira persoa da aventura dos homes do vintesete, ou da súa xeración americana (Borges, Cortázar, Sábato...) respaldan toda a obra de Eduardo Blanco Amor.

2. "OS BIOSBARDOS". CONTOS PRÁ XENTE [10]

Tralo grande éxito acadado en Arxentina por *A Esmorga* segue Blanco Amor facendo narrativa en galego, mais quere ensaiar agora relatos de tipoloxía diferente:

> "Despois do rapto en que escribín *A Esmorga* sentinme tentado a escribir relatos de tipoloxía distinta, e onde en vez do ritmo crecente e vertixinoso con que está desenrolada esta novela presentase as dificultades de estar interrumpido o relato a cada instante, pra comenzalo de outro xeito que non foran episodios, unidades narrativas en sí" [11].

Nacen así os contos de *Os Biosbardos*, todos eles narrados en primeira persoa e protagonizados por nenos que viven na Galicia ourensá de primeiros de século, tan añorada polo autor desde o exilio bonaerense.

O propio Blanco Amor xustifica esta colección na "xustificación" do libro:

> "Veleiquí os xogos perigosos da saudade. Pra nós, os emigrantes, pensar na terra —aparte algunhas abstraicións que a prolongan inteleitualmente— é pensar na porción da nosa vida que nela socedeu; ou seña, pensala co corazón, revivila un pouco máxicamente, como decote pasa cando se pensa co sentimento" [12].

Mais, compre delimitarmos entre "vida" e "literatura" que son dúas realidades parellas pero que nunca se xuntan. Está, entre ámbalas dúas, todo un proceso de creación artística:

> "Como ambente, son todos autobiográficos; como anéidota, ningún..." [13].

O autor crea unha serie de historias narrativas, evocando unha infancia que discorreu na cidade natal durante o primeiro decenio deste século.

---

[9] Carballo Calero, R., *Historia da literatura galega contemporánea*. Ed. Galaxia, Vigo, 1981, 3.ª ed. Páx. 691.

[10] Cítase a obra sempre pola mesma edición: Blanco Amor, E., *Os Biosbardos*. Galaxia, Vigo, 1976, 3.ª ed.

[11] *Grial 11*. Páx. 341.

[12] B. A., *Os Biosbardos*. Páx. 7.

[13] Idem. Páx. 8.

As opinións da crítica sobre estes contos son escasas. Carballo Calero fala das distintas perspectivas, máis ou menos adaptadas a un determinado estilo:

> "Baixo o tiduo de *Os Biosbardos* reuníu Blanco Amor sete 'contos prá xente'. Todos están postos en boca dun narrador infantil (ou adolescente), distinto en cada conto. Un destes contos é tan fantasista como o podía facer Cunqueiro —'Bartomeu e os biosbardos'. Os demáis van dun vago romantismo —'O estreno'— a un cru naturalismo —'O noxo'—, pasando por un certo realismo —'A arrasadeira', 'O encalatro'—. Os dous que restan —'Primeira Comunión' e 'O salvamento'— son os menos caracterizados e os menos eficaces literariamente" [14].

Salvador Lorenzana adscríbeos ó conto como xénero literario:

> "Agora góstase do conto 'esa vellísima e sempre fascinadora criatura literaria' como alguén dixo. Asistimos, así, ao seu constante florecimento na nosa época; e, xa que logo, en Galicia tamén. Os de Blanco Amor evidencian un dominio do xénero e un madurecemento literario en quen os ideou. Son todos relatos breves que se lén dunha soia asentada. Teñen, pois, o rasgo máis sobresaínte e característico do conto, que o diferencia da novela" [15].

Fernández del Riego dí ó respecto:

> "Non é xa novela sinón contos —oito en total— os que o escritor presenta como reflexo dun ambente" [16].

Respetámo-las palabras do propio autor e analizamos esta colección como "*contos* prá xente".

A adscrición a este xénero (ou subxénero —segundo algunhas consideracións—) lévanos a facermos unha esquemática consideración arredor do mesmo.

A concepción desta forma narrativa variou nas diferentes épocas. *Narración* é unha definición moi ampla; engloba *conto* e *novela*. Os límites entre ambos non son fáciles de definir con nitidez. Hai contos que, salvando certas diferencias, poderían tratarse como pequenas novelas, ou ben como o punto de partida das mesmas.

Críticos e teóricos da novela deron, desde hai catro séculos, múltiples definicións, pero estas só nos informan da concepción que se tiña do xénero na súa época. O problema séguese plantexando, cada crítico móvese na súa propia terminoloxía.

A este respecto citémo-la consideración de Roland Barthes acerca do *relato* como *forma narrativa universal:*

> "¿Cómo oponer la novela a la novela corta, el cuento al mito, el drama a la tragedia... sin referirse a un modelo común?"

Bourneuf, R. e Ouellet, R., tratan este aspecto ó defini-la novela:

> "La extensión más o menos grande de la narración no basta para definir, con relación a la novela, el relato o nouvelle y el cuento: su misma naturaleza es diferente, es decir, la intención del autor, la construcción, el ritmo, el tono que adopta. En general, el relato está hecho con poco material: una anécdota curiosa, una apuesta, un encuentro sin mañana, el esbozo de una biografía o, simplemente, el color del tiempo que produce en un personaje una emoción singular" [17].

Eles afirman, en xeral, que o relato está feito con pouco material. Neste sentido, son autores de relatos Buzzatti, Borges, Cortázar... e mesmo poderíamos cita-lo nome de E. Blanco Amor.

---

[14] Cfr. Carballo Calero, *Op. cit.* Páx. 719.
[15] Lorenzana, *Op. cit.* Páx. 44.
[16] Fernández del Riego, *Op. cit.* Páx. 285.
[17] Bourneuf, R. e Ouellet, R., *La novela.* Ed.. Ariel, Barcelona. 1975. Páxina 36.

A intención do conto, coma a da fábula, é frecuentemente manifesta (Perrault, os irmáns Grimm, os autores de *Las mil y una noches*...); o autor non intenta facer pasa-la súa historia por verdadeira, nin incluso por verosímil; esa historia —con frecuencia ó contrario que no relato— féchase sobre sí mesma despois de ter sido deseñada.

Os contos creados por Blanco Amor son ante todo unha captación poética da infancia, pretende obxectivar vivencias certas e fantasías ó tempo. Esto levaríanos a pensar nun auténtico "realismo máxico" en *Os Biosbardos*. Deste xeito, contos como "O encalatro" ou "Bartomeu e os Biosbardos" entrarían de cheo nunha análise onírica, nun remover no subconsciente que está máis presente co que de ordinario chamamos realidade.

2.1. *Estructura dos contos*

Analizámo-la maneira en que aparecen organizados os elementos que integran a obra.

Seguindo a Darío Villanueva (referíndose á novela), entendemos por estructura:

> "El resultado de la articulación de la materia narrativa a partir de un primer elemento estructurante inmanente al texto, el punto de vista y, en segundo término, de las coordenadas de espacio y tiempo"[18].

Como vemos, a análise da estructura comporta o estudio do punto de vista, do tempo e do espacio, é dicir, a modalización, temporalización e espacialización. O autor inventa unha historia e unha estructura, ou forma profunda, que logo erixe en texto mediante o estilo e forma externa ou superficial.

Despois da lectura de *Os Biosbardos* consideramos que non se trata máis ca de relatos *aparentemente desconectados*. Resaltando a individualidade de cada ún —a orbe pechada de cada relato, onde todo parece inseparable—, presentan unicidade.

Identificamos certas constantes:

— Cóntannos historias ambientadas no Ourense dos anos nenos ou adolescentes.

— Os personaxes que neles se moven pertencen, maiormente, ás capas populares da sociedade ourensá.

— Todas estas historias son historias de nenos e contadas por nenos (a figura do narrador-protagonista, sempre infantil).

— O poder de evocación do contista manifóstase de cheo en cada unha destas historias narrativas. Blanco Amor guíanos con man mestra por ese mundo ourensán da súa nenez, con tal forza creadora que o lector déixase levar polo enfeitizo (engado) do maravilloso.

— En todos eles se serve dun "galego popular" como medio de expresión literaria.

Os aspectos que tratamos a continuación poñerán máis de relevo esta unidade, ó mesmo tempo que matizarán a individualidade de cada relato.

---

[18] Villanueva, Darío, *Estructura y tiempo reducido en la novela*. Ed. Bello, Valencia, 1977. Páx. 41.

2.1.1. *O punto de vista*

A perspectiva elixida polo autor condiciona a organización do material narrativo. Como sinala R. Barthes "la técnica es el ser mismo de toda creación". O ángulo de enfoque dos sucesos da historia e a voz ou voces que transmiten información sobre os mesmos é fundamental na organización do discurso narrativo. A modalización maniféstase, no plano lingüístico, sobre todo mediante a persoa gramatical; segundo as eleccións que o autor faga neste terreo, o relato será máis ou menos subxectivo. É a problemática do *punto de vista* que desde a segunda mitade do século XIX ven preocupando a novelistas e teorizadores.

Blanco Amor en *Os Biosbardos* elixe a primeira persoa. El mesmo o xustifica:

> "O artificio de relatar en primeira persoa, aparte de serme o máis doado, axústase ó insistente anceio de refacer unha realidade compartida, repartida, en tipos e vivencias que configuran a miña propia posibilidade vital" [19].

Os contos de *Os Biosbardos* aparecen todos eles narrados en primeira persoa. Unhas veces é o propio narrador-protagonista; outras é un narrador que non intervén na acción senón que a oíu ou lla contaron. Neste segundo caso reprodúcesenos a historia en estilo directo:

> "Eu —contábame Toniño Cobas— nunca fora ás arrasadeiras..." [20].
>
> "Isto contoumo Luisiño Cardemil Sampaio... o primeiro ano de Instituto cando nos fixemos amigos... Iamos á doutrina todas as tardes, xa dende comenzos de maio..." [21].

Con todo, é o protagonista o que nos reproduce a historia mantendo o estilo directo de que falabamos.

Estamos nun caso de *protagonista infantil-xuvenil* no sentido de que o narrador da historia é un rapaz ou adolescente. A importancia deste feito é trascendental para a obra pois a temática, a estructura, a visión do mundo están configuradas en función dese protagonista. Forma e contido, dalgún xeito, reflexan os problemas, inquietudes e xeitos de expresión deses rapaces que poboan a obra.

Hai un conto no que predomina a visión única do narrador-protagonista, "O estreno". Nos outros hai alternancia entre a intervención do narrador e o diálogo (o "telling" e o "showing") [22], resultando moi efectiva en canto se combina o subxectivo e o obxectivo.

O narrador chega a interrompe-los diálogos para emiti-las súas opinións. Deste xeito o obxectivo e o subxectivo amósanse máis íntimamente unidos. Ex.:

> "—Está ben, Tono, ti verás...
> —¿Logo lévasme?
> —Eu non te levo, vas ti. (Isto gostoume moito)" [23].

Ás veces, o narrador marca as súas propias limitacións e ante feitos que el non presenciou ou vidas dalgúns personaxes que non coñeceu recorre as expresións impersoais como: dicían, di-se que... Vemos esto nalgún caso, por exemplo, cando fala do pasado da señora Fermina do pan en "O noxo":

---

[19] *Os Biosbardos*. Páx. 8.
[20] Idem. Páx. 11.
[21] Idem. Páx. 55.
[22] Cfr. Bourneuf e Ouellet, *Op. cit.* Páx. 97.
[23] *Os Biosbardos*. Páx. 15.

"Decían que tiña sido moi boa moza cando andaba a servir nas casas do señorío..."

"Tamén disque cando era mozallona, andaba nas casas principaes (gabábase de télas percorrido todas), fora moi boa e servicial, e disque que se fixera mala porque parira do máis novo dos Madamitas... E que a filla fórase, sendo aínda moi rapaza... metérase churriana... que aseguraban fora unha grande perda, porque era moi xeitosa e de boas carnes" [24].

Non sabemos en ningún momento desde que presente nolo conta o protagonista; o que sí está claro é que o fai desde un *momento afastado dos feitos:*

"Ouvíame falar e disputar coas persoas maores (eu de rapaz era o demo), i escapábanselle verbas de orgulo, de agreemento..." [25].

"Até que tiven dezaoito anos i emprincipiei a pensar noutros Biosbardos, tiven por certo que Bartomeu fora un... Non paga a pena decir o que pensei, si agora xa non o penso..." [26].

"Tivo que ser no día de Corpus; unha mañá do día de Corpus... Son —eran— mañás en que o ceio chega a Auria difrente de todos os ceios do ano..." [27].

Hai, pois, unha liña xeral de exposición de acontecementos en primeira persoa.

2.1.2. *As coordenadas espacio-temporais*

Unha definición elemental do conto ou da novela sería a dun relato en prosa que narra o que lles pasa a uns personaxes en *determinados momentos* e en *determinados lugares*. Tempo e espacio constitúen un dos pilares da arquitectura narrativa:

"...el espacio objetiva el tiempo hasta el punto de que pensamos en el tiempo como espacio, pues sólo localizándolo llegamos a adquirir conciencia de él" [28].

Ámbolos dous autentifican o relato.

Os relatos que analizamos teñen como escenario a cidade de Auria (Ourense), cidade natal do autor:

"Os presentes contos, son dunha Auria que xa non é, a soia que me sigue pertencendo..." [29].

O mesmo ca no resto da súa narrativa en galego, ambienta a obra no Ourense da súa infancia, en diversos escenarios do ambiente urbano e suburbano desta cidade.

As alusións a *lugares comúns* da cidade das Burgas son frecuentes:

"...ás vegadas, na Alameda, cando tocaba a música..." [30].

"...viña o cheiro dos callos, a eso das doce, enchendo a rúa dos Arcedianos, estreitiña, coasi un calexón..." [31].

"...os Madamitas, os que tiveran o comercio na rúa do Bispo Odoario..." [32].

"...tendo que ire dende a miña casa, na rúa dos Fornos, até a escola de balde que era no Posío..." [33].

---

[24] Idem. Páxs. 25-26.
[25] *Os Biosbardos*. Páx. 94.
[26] Idem. Páx. 81.
[27] Idem. Páx. 97.
[28] Villanueva, D., *Op. cit.* Páx. 37.
[29] *Os Biosbardos*. Páx. 8.
[30] Idem. Páx. 11.
[31] Idem. Páx. 23.
[32] Idem. Páx. 25.
[33] Idem. Páx. 28.

"E seguiume a falar, a falar sen acougo, cando nos paramos na ponte da Burga a coller..." [34].

Como se pode comprobar por estes exemplos, e outros moitos que aparecen ó longo da obra (cf., por exemplo, a páx. 102), as alusións a *lugares coñecidos* e *concretos* non se escatiman.

Un peculiar modo de ve-lo espacio achámolo en "O encalatro". Os personaxes (Crisanto e Alberte), sen un rumbo fixo, seguen camiño por "terras descoñecidas", cheas de piñeiros, de lameiros con gandos, de viñedos coas cepas estarrecidas... (cf. páx. 44). Nesta peregrinaxe guíannos dous elementos espaciais constantes no recorrido: a vía do tren e o río. Desexosos de novos mundos, de fuxir dos baixos fondos daquela cidade, estes dous elementos aportan unha esperanza:

"...eu sempre estaba agardando o asubío do tren... como si fose unha carta leda de alguén, como unha nova que chega de lonxe, como un aceno que pasaba chamándome, que fuxía de aquela cibdá, de aquela esterqueira tullida, solagada baixo a iauga dos ceios" [35].

"Dempois dunha revolta da vía... fumos saír a un despexo por onde viña o río, grande, acochado, cheo de sol..." [36].

Nestes contos, acude o autor ó mundo da súa infancia. Neles fixa os universos nos que viviron e se moveron os nenos que protagonizan as historias.

Intimamente relacionado co espacio está outro factor: *o tempo*, fundamental á hora de analizarmos calquera estructura narrativa.

Unha vez máis, en *Os Biosbardos*, temos que acudir á "xustificación" do libro:

"Como obxeto literario (mellor sería decir poético) participa desa lenda da propia vida que ven a sere a infancia, 'esa fadiña de albo porte', como dixo Noriega. De ei a tona de inaitualidade —de intemporalidade— que embaza os devanditos libros, i a que, aínda de imaxe tan realista os rescata (penso eu) dunha realidade fuxidía, comprobábel, documental" [37].

En realidade, máis ca un tempo "cronolóxico" real hai aquí un tempo "psicolóxico" interiorizado, en tanto que se visualiza algo que en sí era máxico como é o pasado sempre.

Tódalas súas novelas acontecen no pasado:

"*A Esmorga* é unha reconstrución visual de Ourense. O estilo nace do deseo de reflexar o visual. Visualiza algo que en sí era máxico, como é o pasado sempre. Tódalas miñas novelas ocurren no pasado. O pasado visto de lonxe trócase en atmósfera máxica e eu tópome ben nesta atmósfera porque non ten límites. O que lle presta á miña obra unidade é a súa intemporalidade. É un pouco a pintura naif" [38].

Ese revivi-lo pasado supón un tempo do que só toma o que lle interesa, as anécdotas que foron significativas para a súa formación. O presente serve de soporte para a rememoración.

Dentro desta mirada retrospectiva, rómpese poucas veces a liña temporal predominante. Con todo, hai *anacronía*, cara atrás: *analepse* ("*flash-back*", na xerga cinematográfica), ou cara adiante: *prolepse* ("*flash-forward*").

Así, por exemplo, cando en "O Encalatro" conta o pasado da señora Fermina do pan hai unha analepse. Cóntanos a mocidade e condición desta muller para logo concluir:

---

[34] Idem. Páx. 43.
[35] Idem. Páx. 40.
[36] Idem. Páx. 45.
[37] Idem. Páxs. 7-8.
[38] *Grial 11*. Páx. 341.

"Pro todo isto non ten moito que vere co que quería decir da señora Fermina do pan, e si cadra póñome a lle sacar as chatas só pra me vingar"[39].

Hai ocasións en que se disloca a liña temporal cara adiante: prolepse:

"O conto arrematou mal. Quizaves arrematou ben porque nunca se sabe que quere decir morrer"[40].

É preciso diferenciarmos sempre entre o *tempo do discurso* ("*plot*") e o *tempo da historia* ("*story*"). A ecuación de equivalencia entre ámbolos dous implica un ritmo narrativo máis lento ou máis rápido, para o que hai que ter en conta tamén o tempo empregado na lectura e a extensión en páxinas do relato.

En "Primeira Comunión", Blanco Amor puido establece-las variacións de velocidade: desde 7 liñas para tres anos, a 13 páxinas para unha mañá de Corpus, de Primeira Comunión:

"Isto contoumo Luisiño Cardemil Sampaio —qué bó rapaz tan triste— o primeiro ano de Instituto, cando nos fixemos amigos. Seguímolo sendo até que morreu —cursabamos terceiro— un día latou as crases i afogouse no río..."[41].

Nestas liñas soluciónanse 3 anos: desde que se coñecen, o primeiro ano de instituto —o amigo relátalle o conto—, ata que morre o amigo —terceiro ano de instituto— para volver ó momento presente do narrador, tempo do conto propiamente dito, que é unha mañá de primeira comunión, cunha visualización temporal moi detallada en canto que podemos captar tódolos pasos desde as seis ou sete da mañá dese día:

"...chegou a mañá de Corpus. Espertei coa prima da Catedral, que tocaba de seis a sete, sin parar, enriba do noso tellado..."[42].

Hai un relato en que a descrición do tempo reviste unha especial importancia. Temos conciencia do paso do tempo polo influxo deste nos personaxes. Refírome a "O Estreno".

Abrangue o día de Corpus. Comenza o narrador describindonos "aquela mañá de ceio dourado", cun "sol encirrante". O paso do tempo manifféstasenos no estado dos personaxes. Pensemos simplemente no seu aspecto físico. O protagonista sae da casa, pola mañá:

"Non pesaba ren dentro do traxe, aínda ulindo a prancha, acompasado polo cri cri das botinas, tamén de estreno (non podía dar pasada sin ollalas) i o plin plan do pantalón longo nos artellos..."[43].

Desde este momento, o rapaz, pasa o día en procura dunha misteriosa rapaza, limitándose a seguila románticamente. O paso do tempo non reviste importancia para el:

"...pola pouca xente que se vía deprocateime que xa era hora de xantar, pro non me importou..."[44].

Segue alleo, enlevado da realidade temporal. O decorrer do día céntrase para el nesa procura, nesa loita constante en atopa-la muller descoñecida. Mentres, como elemento ambientador, o sol vai marcando a situación do personaxe:

---

[39] *Os Biosbardos*. Páx. 26.
[40] Idem. Páx. 79.
[41] Idem. Páx. 56.
[42] Idem. Páx. 58.
[43] Idem. Páx. 99.
[44] Idem. Páx. 103.

"...o sol escachábase nas rúas, a cibdade estaba queda embaixo da soalleira, o calor non deixaba alentar..." [45].

Cando chega a tarde:

"Guindei a chaqueta. Tiña noxo de todo, do traxe enrugado, da camisa suada, das botinas cheias de pó, desamalloadas" [46].

O proceso culmina coa noite:

"Só me din por vencido cando botaron as doce bombas do remate. A xente foise indo. Valeirouse todo. Facía fresco, estaba canso e tiña fame" [47].

As circunstancias referidas por un narrador-protagonista están marcadas pola *presencia do sol*. Temos conciencia do paso do tempo e da súa influencia desde o momento en que sae o sol, nunha mañá de ceo dourado, olendo a flores, ata a noite dese mesmo día, "cando botaron as doce bombas do remate" e empezaba a esparexerse "o ulido a xente". As indicacións temporais refléxanse no espacio, na natureza e chegan a darlle morosidade e lentitude á acción.

Algo parecido ocorre en "O encalatro":

"O sol xa moi baixo, fórase embazando, perdendo lisura, i o ceio íase poñendo coor de chumbo. Cando sortimos a outro despexo, xa coasi non se vía... i o sol tiñase posto... Diante de nós quedaba no ceio un relustro pálido que esmorecía a cada paso" [48].

O paso do tempo indícasenos, sobre todo, na posición do sol. Os seus movementos e as modificacións supoñen cambios notables na paisaxe e nos personaxes.

2.2. *Os personaxes*

Temos que distinguir dous tipos de protagonistas de natureza diferente:

— O protagonista colectivo: *Auria*.
— O protagonista infantil: *o neno*.

Blanco Amor presenta nestes relatos un caso típico de *protagonista colectivo:* Auria, cidade que recolle o ambiente dunha sociedade nunha época determinada. É, pois, a cidade un verdadeiro protagonista, aínda que nun principio podería parecelo soamente o "eu protagonista" que conduce o fío narrativo das historias.

Este personaxe supón o colectivismo ó que tende a narrativa moderna (pensemos, por exemplo, en *La Colmena*, de C. J. Cela).

Ó longo de *Os Biosbardos* podemos tomar contacto con algúns sectores sociais de Auria, centrados fundamentalmente nas clases máis baixas, ás que pertencen —en xeral— os protagonistas: Abelardiño, en "O noxo"; Alberte, en "O encalatro"; Bartomeu, en "Bartomeu i os biosbardos". Mesmo se chega a marca-lo contraste e oposición de clases sociais; por exemplo, en "ás arrasadeiras" onde contrapón dous mundos de nenos: "Os rapaces máis ledos e arriscados", que procedían como lles petase, sen ter que dar contas a ninguén; e os outros, "os señoritos" agobiados polas prohibicións:

"...porque eramos señoritos, ¡vaites co señorío!..." [49].

Preséntanos, pois, o autor distintos tipos de nenos que, pertencendo a *clases sociais diversas*, coinciden na súa peculiar maneira de ve-lo mundo, no seu enfoque infantil da existencia.

---

[45] Idem. Páx. 104.
[46] Idem. Páx. 105.
[47] Idem. Páx. 107.
[48] Idem. Páxs. 49 e 50.
[49] Idem. Páx. 12.

Moitos destes personaxes, segundo o propio autor, son xente concreta da cidade, teñen vida propia, aínda que literaturizados:

> "...ás veces coincidían con vivencias miñas e ás veces non. Por exemplo, a voz de Crisando no 'Encalatro' era a voz do meu irmau Camilo, e a maneira de ollar entre azul e dourado do rapaciño de 'Bartomeu' viña a ser os dun meu amigo, Amadeo Vidal..." [50].

Con todo, é preciso matizarmos algo. Blanco Amor traza unha imaxe infantil nos seus relatos que está lonxe dos tópicos anxelicais. A visión do personaxe está chea de problemas; hai unha loita constante, digamos un traballo por ser, na que se define e revela unha personalidade infantil. Un punto importante nese camiño é *o medo*. Os personaxes blanco-amorianos senten e palpan o medo, ás veces mesmo parece que senten unha necesidade morbosa de palpalo, como teñen necesidade de palpa-la morte (Bartomeu), o noxo, o sexo... en fin, a vida toda.

Hai quen fala que aquí Blanco Amor está influenciado polo freudianismo e que mesmo vai máis alá no sentido de que trascende o puramente estilístico (ultraísmo), un "aleph" borgiano.

2.3. *Temática*

Moitos destes relatos presentan *unha visión social*, noutros domina *o psicolóxico*. En todos eles se reflexan aspectos da realidade galega, mergúllanse no mundo social da nosa terra e nos seus problemas. O autor tenta facer calas dentro da existencia vilega de Auria, profundizando nas clases baixas.

Aspectos principais:

2.3.1. *A pobreza das xentes*

Tanto os protagonistas como o ambiente no que se moven reflexan unhas condicións de vida mísera. Ás veces é resaltada polo contraste coa riqueza:

> "Como polo traballo do meu pai e pola nacencia de mi madre eramos da cras dos señoritos, eu tiña que aparentar, anque lapase coa fame" [51].

> "Pois sí; o pior é ter que aparentar por de fora, anque vos renxan as tripas coa fame" [52].

O mundo da *apariencia* aparece tamén resaltado polo autor. Vivindo como a xente da clase social máis baixa, Alberte e a súa familia teñen que seguir aparentando seren "xente de señorío".

A clase social implica condicionamentos, mesmo o peculiar condicionamento de non poder face-lo desexado, o que facían os outros nenos:

> "E somellábame tamén que o podíamos facer todos, e que non era xusto que o fixesen os rapaces máis ledos i arriscados e nosoutros non, porque eramos señoritos, ¡vaites co señorío!" [53].

Desde a perspectiva infantil, esta diferenciación é absurda.

2.3.2. *O sexo*

Cun *cru naturalismo* aparece reflexado en "O noxo".

---

[50] *Grial 11*. Páx. 341.

[51] *Os Biosbardos*. Páx. 27.

[52] Idem. Páx. 34.

[53] Idem.

No encontro brutal co erotismo o protagonista sente *medo* e, sobre todo, *noxo:*

"...foi ei cando me veu aquil pulo de noxo..." [54]

ó se enfrentar a algo para el descoñecido.

A descrición das relacións entre o neno e a vella é grotesca:

"Estaba apegada a min e cofeaba a testa descontra as miñas coxas, no baixo da barriga, alentando curto e seguido, dalle que lle das, sin se cansar de que a rañase, todo con moita sofocación. Botoume as maus ás illargas, pilloume moi rexo delas, sin deixar de cofearse no baixo da miña barriga. Foi ei cando me veu aquel pulo de noxo. Pegueille un arrempuxón e lisquei cara a rúa" [55].

A crudeza e o naturalismo aparecen intensificados pola presencia da choiva:

"Deume toda a chuvia na cara como si me botasen auga dende unha porta... Non parei de correr atá a miña casa. Cheguei coa roupa enchoupada" [56].

A visión da miseria moral e física reviste un cru naturalismo.

2.3.3. *A emigración*

Non podía faltar na obra a eterna lacra galega. O autor reflexa este tema en "O salvamento".

Móstranos ó emigrante que ven das Américas cheo de cartos e que só fala para compara-lo país de progreso e das "matemáticas" (América) co país de "ignorancia e atraso" —segundo a súa consideración— (Galicia).

De tódolos xeitos, ó final do conto triunfa Galicia:

"Isto é cousa. Un quer facer cartos pra voltar e cando os ten, xa non pode; a familia, os negocios; sober todo os fillos, ¡ai, os fillos! Xa non se é de eiquí nin de aló. E si non se fan cartos, aínda 'é pior porque se parte tamén a espranza. Moitos morren diso...

—De tal modo que non se pode deixar de pensar na volta...

—Non. É tremendo, é como unha maldición, por moito que se faga, que se diga..." [57].

2.3.4. *A visión máxica da realidade*

Blanco Amor pón de manifesto a súa convicción de que a realidade tamén pode ser máxica, de que non podemos prescindir na vida do misterio e refléxao nun dos contos: *Bartomeu i os Biosbardos* onde se nos presenta a un neno extraño e diferente de todos, a un neno feo, sen familia, que non sabe máis ca rir, e con poderes para dete-lo vento e a auga e un silbido ó que responden tódolos paxaros do bosque.

Falouse dun auténtico "realismo máxico" en *Os Biosbardos*. Carballo Calero sinala connotacións cunquerianas nalgún relato. Deste xeito, poderiamos dicir que contos como "O encalatro" ou o propio "Bartomeu i os Biosbardos" entrarían nunha análise onírica, nun revolver no subconsciente que está máis presente có que de ordinario chamamos realidade.

2.4. *A lingua*

A lingua popular empregada polo autor contrasta co galego requintado, e por veces artificial, doutros escritores da época. Tódolos

[54] Idem. Páx. 37.
[55] Idem. Páx. 37.
[56] Idem. Páx. 37.
[57] Idem. Páx. 92.

relatos mostran a habilidade narrativa do escritor que tenta descubri-las posibilidades estéticas do idioma galego, facendo deste un instrumento vivo e popular. O propio autor manifesta no libro:

> "Do mesmo xeito que en *A Esmorga*, válome das formas populares da fala, sagrificando outras predileiciós das que teño dado mostras, si cadra en demasía. Aínda non podemos darnos o luxo de esquellar certos pragmatismos. Entre iles, o de levar as nosas letras até o leitor do común. Sin un interés maioritario, os nosos intentos darán no eivamento e no académico, i a nosa fala chegaría a sere unha sorte de koiné requintada, pra ledicia o gabanza duns poucos"[58].

A fala desatada do pobo é abundante no libro. Maniféstase, por exemplo, nalgúns refráns:

> "...fillo, come... que niste mundo todo é perdición, e morra Marta morra farta"[59].

Noutros momentos condénase a fala "requintada" do emigrante:

> "...manxou e bebeu como un heroi, esquecéronselle as agruras, falou na lingua do país"[60].

É interesante o uso que Blanco Amor fai coa lingua en "Primeira Comunión". Os personaxes dunha clase social acomodada falan en galego, así coma o narrador protagonista. Non obstante, aparecen voces marxinais en castelán. Fixémonos nas páxinas 64 e 65 do libro:

> "Algús coñecidos, saudábanme silenciosos e tesos, erguendo o sobrecello, menos a pispirela dos Alesbán que me berrou '¿vienes?' i eu respondinlle, 'después'..."[61].
>
> "...as de Bobillo berraron, dende o terceiro, por entremeio dos xeranios: 'monísimo, caprichosísimo, i a tía Ermitas acenoulles coa antuca, e díxolles: 'favor que nos hacéis' "[62].

É inesperado que o neno que sempre fala en galego responda aquí en castelán. Esto ponnos en contacto con toda unha serie de conflictos entre lingua e sociedade.

Para o autor, a linguaxe xogaba un importante papel. Lingüísticamente, esfórzase para descobri-las posibilidades estéticas do idioma galego. O idioma galego estaba limitado ás clases populares, en estado de *fala* e compría poñelo a nivel de *lingua*. Lembremos que Blanco Amor escribe en Bos Aires, a principal cidade galega con 400.000 galegos de tódalas partes de Galicia, cada cal coa súa fala, coas súas características dialectais, lingüísticas e léxicas. De todo este conxunto de galego-falantes saíu a súa obra. O seu labor consistiu en combina-la fala viva popular coa elaboración artístico-literaria. Trata de conseguir unha prosa directa e sincera, procurando evita-los artificios retóricos ("requintamento"). Blanco Amor ten moi en conta o destinatario da súa obra: *o pobo*.

M.ª DO CARME ARES VÁZQUEZ
Lugo

[58] Idem. Páxs. 8-9.
[59] Idem. Páx. 33.
[60] Idem. Páx. 93.
[61] Idem. Páx. 64.
[62] Idem. Páx. 65.

BIBLIOGRAFÍA

1. Obra analizada:

BLANCO AMOR, E., *Os Biosbardos*. Contos prá xente. Ed. Galaxia, Vigo, 1976, 3.ª ed.

2. Obras de consulta:

BAQUERO GOYANES, *Estructura de la novela actual*. Ed. Planeta. Serie Ensayos. Barcelona, 1970.

BLANCO AMOR, E., "Os Biosbardos". En *Grial 11*. Ed. Galaxia, Vigo, xaneiro-marzo 1966, pp. 56-59.

BARTHES, R., "Introduction à l'analyse structurale des récits". En BARTHES e OUTROS, *Poétique dur récit*. Editions de Seuil, París, 1977, pp. 7-57.

BREMOND, Cl., *Logique du récit*. Ed. de Seuil, París, 1973.

CARBALLO CALERO, R., *Historia da literatura galega contemporánea*. Ed. Galaxia, Vigo, 1981, 3.ª ed.

—— : "La novela gallega actual" en *Rev. de la Universidad Complutense*. Vol. XXIV, núm. 99, 1975.

CASARES, C., "Leria con Eduardo Blanco Amor". En *Grial 41*. Ed. Galaxia, xullo-setembro 1973, pp. 337-344.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F., *Historia da literatura galega*. Ed. Galaxia, Vigo, 1978, 2.ª ed.

GAVILANES, X. L., "Perfís estructurais de contido i expresión en A Esmorga". En *Grial 69*. Ed. Galaxia, Vigo, xullo-setembro 1980, pp. 286-299.

LORENZANA, S., "Perfil biobibliográfico de Eduardo Blanco Amor". En *Grial 67*. Ed. Galaxia, Vigo, xaneiro-marzo 1980, pp. 37-45.

—— : "Teatro pra a xente de Eduardo Blanco Amor". En *Grial 45*. Ed. Galaxia, Vigo, xullo-setembro 1974, p. 377.

LORENZO RIVAS, P., *Contribución ao estudo da novela de protagonista infantil e xuvenil na literatura galega contemporánea*. Ediciós do Castro, Coruña, 1981.

PROPP, V., *Morfología del cuento*. Ed. Fundamentos, Madrid, 1974.

SÁBATO, E., "Características de la novela contemporánea". En *Teoría de la novela* de Gullon, G. e Gullon, A. Taurus, Madrid, 1974.

TACCA, Oscar, *Las voces de la novela*. Ed. Gredos, Madrid, 1973.

VÁZQUEZ CUESTA, P., "Literatura gallega". En *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*. Taurus, Madrid, 1980.

O CEGO DE PUMARDEDÓN *

22

Durante a noite caeu unha grande bategada. Despois da bategada da noite, clarea gris, mollado, empozado, invernizo... Ven a mañán en ondas frescas, alagando a escuridade. As cousas non dan aínda sombra. As sombras son esleíntes, esborranchadas, como luz batida, como humedade de sal. Asubía, único, nun albre folloso, un paxariño invisible; asubía con dozura de auguiña prateada. Vai crarexando máis. Na casa de Pumardedón, o patio cadrado durme aínda. Unha tella saidiza queda contando pingas azús. As pingas brousan sobre unha pucharca que, embaixo, baila buxainas de auga.

Ao lonxe, os galos abren portas chiadoras. O día anda a medrar; acanéase, indeciso, baixo a nubazón lixada, como carpa de circo pobre. Despois, límpase polo influxo do sol que comeza a brillar. O campo ergue a súa cabeza florida e chama a Mauro coa súa voz nidia. A súa fantasía síntese fascinada pola lembranza de calquera pequeno regueiro, cos seus seixos de coores. Dexerga, na memoria, os cómaros da nenez, cos seus rostos voltos cara un serán purpúreo. Diante del, o campo canta a súa vella canción. Hai alí unha pradeira chea de margaridas. A través dela, un regato corre baixo un bosquiño de buños. Mauro ten o costume de descansar cabo daquel regato antes de seguir a súa andada polo campo.

Frecuentemente viña aquí. Agora nada nota nese campo, sinón a súa beleza presentida, e a sensación de paz que lle produce. Pero a seguido pensa que algo ominoso se agacha na pradeira. Lembra que outrora pasaba por alí, ás veces, xa anoitecido. A canción do regueiro, no medio do silencio, tiraba del. E entón xurdíalle na fantasía un pensamento: o terriblemente frío que sería aquel lugar para se quedar nel,

* Da novela inédita deste título, reproducimos os seguintes dous capítulos.

baixo a luz das estrelas, si por calquera razón se vise ferido, sin posibilidade de fuxida.

Emprende o regreso. Os cans ladran contra o Este, cara o camiño que trai. Vaise achegando á casa. Nun momento ergue a cabeza, como si mirara ao ceo de reollo. Aspira o recendo do limoeiro que está alí mesmo, ao pé. Chama por Xenerosa, a criada nova. Xenerosa berra desde a cociña:

—¡Mande!

—Date presa...

Xenerosa atravesa o patio, deixando a súa presa pintada no chan. Xenerosa amencía sempre ao sol, como os paxaros. É leda de pura saúde. Leva sempre ben feita a lazada do mandil, polo van. Os seus ollos reluman, e tras do escote advírtese que a fruta está madurecida e celmosa. Porén, Mauro non pode apreciala.

Anúncialle este que se vai ir, para entreter unhas horas na vila...

O día anda a se ateigar de sol cando se dirixe á vila polo camiño dos campos. Achégase a ela, de vagariño. Pasa pola rúa, rente das casas, e alágao unha certa pesadume. A vila ten o seu aire, os seus xeitos, que Mauro coñece de vello. Á súa hora sona a campá, desacordada e ingrata. É polo mediodía, e ningún rumor pracenteiro se ergue na rúa. Nestora emprincipia a caír un lixeiro barruzo. A voz da vila é máis doce. Hai nela máis armonía de tanguidos. A poalla chora sobre el, e a súa soedade está chea de salaios da pobre vila tola. De súpeto, parécelle como si algo se movese entre a poalleira, como si sentise borboriños que non son de alí.

Entra no estanco, merca un paquete de pitillos. Acende ún decontado, e atopa de novo, a través do fume, o seu mundo irreal. Métese no café. Xentes, xentes, que existiron sempre, que conseguiran vivir mentras el baixaba ao reino cego. Imaxina a súa presencia con toldada emoción; a que se adonara del cando atopou, durante a guerra, un pasillo de cascallos sanguiñentos, unha vidreira chea de bonecos.

¿Está frente a amigos, ou frente a adversarios e indiferentes? Hai os que se sinten contentos de estaren xuntos, na semiamistade e o semiaquecemento. Hai os que, con paciencia, tencionan concederlle un algo máis de consideración ao seu interlocutor. E a rentes do chan, todos eses pés estanguidos, e por baixo das mesas algunhas mans cos dedos entretecidos. A vida. A pequeniña vida dos homes.

En Pumardedón está o campo adurmecido, e os pumariños ríxidos no centro do seu anelo de mazás mortas; e os montes, e os bosques, e o soño ilimitado dos seres nunha mitade da terra. Aquí, esa xente que se afunde na vida, despreocupadamente tola, que descoñece ate a súa propia voz.

Sai do café e encamíñase cara a casa. Sube a escaleira. Xa está outravolta no seu cabozo. Xenerosa sírvelle o xantar. Despois, como en tantas ocasións, síntese morto e ríxido; porque a súa alma aínda está entre os seus ósos, e bate un inferno nela. Permanece alí só, coas cousas esquecidas, coas cousas inuteis e perdidas. Vai esmorecendo a tarde. Rememora asoladas vivendas amoreadas na marxe dun río; e nos seus ollos mortos penetran as súas fiestras mortas.

Imaxina que corren os anos cara o mar a onde van as negras barcas. Permanece sin motivo de esperanza, e sin se atrever a agardar por medo á carraxe das cousas que xa non poden navegar. Chega a noite cunha frescura leviàn. O ambiente está augacento. Nos seus ouvidos incide o bater de remotas pegadas. Silandeiramente como as sombras, leves e mortas, encarréiranse aos fogares os gatos clandestinos. Non pode decir en que momento percibe que a noite se abate irremisiblemente.

As lembranzas e as fantasías atropélanse na mente de Mauro. Unha chea de cousas vulgares envólvense no misterio. Os seus pensamentos están moi lonxe, nos tempos universitarios na vella cidade, cuias portas lle parecen latexar agora no silencio e renxer no vento. Despois, nos tempos da guerra. Desfían na súa memoria cadavres detidos por albres retortos baixo un opaco reflexo da lúa; cabezas que, apoiadas na terra fría, osman o rumor da loita na paisaxe estarrecente. A súa mocedade, a súa dór, a súa vontade mesma, entrecrúzanse nun xogo angurìoso.

Coñece o mundo do insomnio, e nese mundo debátese. No fondo dos seus ollos mortos estrélanse inquedos bagallóns, adormecidos como chagas. Obsesiónao o pesadelo dun boutre, pechado como el nunha gaiola. O boutre achégaselle, ateigado co sangue negro da escuridade. Asáltao o mundo xordamente deslumante do semisoño. Vive unha loita entre o embotamento e as horas visguentas, cun ritmo que vai esmorecendo. Xurden farrapos de paisaxes de guerra, sombras de mulleres, sombras en fuxida. Toda a súa memoria se eslíe nunha chuvia sin fin que baixa das cousas; mesmo como si a súa inesgotable caída se arrastara deica o fondal do pasado. Alén de Pumardedón, alén do tempo, hai un mundo vitorioso aínda da dór; un torpor barrido de emocións primitivas. Todo o que fora a súa vida, paréccelle que escorrega co invencible movimento dos mundos nunha paz de eternidade.

Amence. O vento madrugueiro vai collendo cada estrela cos dedos; sópraas como lixo de anxo, ata facelas desaparecer. Por un descascado de nubes, óllase a parede do ceo recén untada de azul. Mauro érguese do leito. Ao se pór de pé, cando se inmoviliza, os seus membros e a súa pel eslíense na

escuridade da cegueira. Soio ao se mover sinte os seus puntos doorosos, máis mestos, como os nós da madeira. Ao primeiro paso recupera, noustante, a estrutura do corpo. Cunha lixeira febre nas mans, aferradas agora ao seu peito, agarda. Non hai nada, máis que a enorme escuridade por tódalas bandas; é a outra noite, a noite morta.

Recomeza a andadura cotiá polos arredores. No camiño bate co pai de Adelina. Dáselle a coñecer a Mauro. Este interésase pola súa filla e por Antón. A parella sigue a vivir no seu mundo unha vida normal. En troque, o pai pasa só os seus días, na casa familiar que está a piques de se caer de puro vella. Só, só, só; apenas sí lle fan compaña co seu durmir dous porquiños e un can. Polos furados das goteiras míranselle as cachas ao ceo...

O día decorre coa monotonía acostumada: o paseo, a permanencia de horas a carón da fiestra, e sempre a propia soedade como única maestra confidente. A sombra de Mauro pode gurrar nas verdelixadas pechaduras, asomándose ao aire e ao sol. Ninguén coida de lle seguir os pasos nas revesgadas galerías do seu pensamento. Del só ollan, os que o coñecen, ao home que avanta como en soños, un pouco sinuoso, un pouco atariñante; quezais un algo panoco a forza de non querer saber nada dos outros.

Agora, no entardecer invernizo, sinte unha certa friaxe. O solpór pérdese ao lonxe, deixando como ronsel un escumallo de estrelas. Sobre a area do mundo, os albres mouros móvense como caranguexos. Pétalos de rosas secas aboian como volvoretas mortas no vento marelo. Mauro presinte a posta do sol sobre a paisaxe de Pumardedón. Imaxina que non debe haber nin unha soia nube no ceo; que nel non hai máis que o xeado azul e a inminencia das estrelas; e que a tona da terra comeza a se entestecer co frío da noite.

Lembra, anda a reconstituir con atención. Pero a súa memoria desagregada non recupera a forma para atopar un obxetivo. A noite aprétase contra a terra de inverno; esmágase por unha presencia que se adona paseniñamente de toda a paisaxe nocturna. A mesma escuridade que aduviña fóra de sí, é a que aniña nos seus ollos e no seu interior.

Pasado un tempo, Mauro métese no leito. Déixase escorregar entre as sabáns, soaves e voluptuosas para a súa carne dura e derreada. Afúndese ata o queixo, esfregando co cabelo os lenzos brancos. Coas pernas e os brazos precura, de vagariño, os recantos moles e aquecidos do leito, naquela roupa gasalleira. Adónase dela de cheo. Téndese, alóngase, estarrícase con fruición. Despois, cando atopa o mellor sitio, abandoándose, bota cara tras a cabeza na almofada.

23

Mauro desperta cedo. Nota decontado que algo se derrancou no seu organismo. Non sinte dór algunha, pero apenas pode moverse. Os membros non obedecen axeitadamente ao cerebro. Os músculos afróxanselle nun cansacio mortal, cuia causa non pode explicárese. Non consigue tocar o timbre para chamar a Xenerosa. Quere facelo a berros, e tampouco lle obedece a lingua. A carón do leito, o tictac do reló déixase ouvir ledamente, como un paxaro que brincara de ponla en ponla. Ao cabo, entra Xenerosa no cuarto. Faille acenos. Imaxina que anda a rondalo a morte como un cabaleiro que sabe agardar o bó tono, consigo e cos demáis.

A doenza sigue o seu curso sin alteracións aparentes. Mauro sinte como un desexo de presenciar o propio enterro; compraceríalle observar os propios funerais sin que o visen; ollar cantos amigos se xuntarían con tal motivo. Está preparado para o trance. Quere engolfarse, como un vello, nunha deleitosa abra de lembranzas. Tenciona espalecerse ordeando os seus recordos. Pero esváense todos, ou parécenlle indiferentes. Ten embotados os sensos pola doenza, ou pola idea da morte. Cobre a cabeza coas mans, guinda un berro, e fica inmóvil coa cabeza derrubada sobre o peito.

De súpeto xurde na súa mente a imaxe de Laura. Descansaba esta nunha fermosa campa que el mandara coidar como compría. Pola súa parte, non volvera pór os pés no camposanto onde a soterraran. Decorre a noite. O seu pensamento e os seus sensos están arestora postos en Laura, como un telescopio que se pón a un tempo nos ollos e na lonxanía dos obxetos. Nas semás que precederan ao casamento, fora coñecendo os defeitos e as boas calidades da súa muller. Pero afixérase a ela e trataba de se persuadir de que o matrimonio non era a parvada que se dí. Despois de se casar atopáronse xuntos e de bó talante. Con grande contento, Mauro comprobara que a capacidade de axuda e de perfeicionamento de Laura era maior do que supuña.

Refaise un algo. Quere pasar revista a tódolos acontecimentos como a un reximento de soldados que desfiasen perante a súa campa. Resúltalle entretido ir evocando, con sucesión de episodios vividos, lembranzas balorentas e acaracochadas. A seguido xa non sinte o seu propio corpo. Pero eso non é durmir; é descansar, tan fonda, tan delicadamente, como cando a súa nai o levaba no seo. Sobresáltase. Escoita chover fóra do cuarto. ¿É que verdadeiramente chove? Parécelle máis ben que mana auga como dun río, cun movimento doce e regular.

Xenerosa ponlle panos quentes na frente.

Voltan ao seu maxín sucedos da guerra xa lonxana. Pensa que os que non atravesaron, mochila ás costas, unha cidade, descoñecen unha das sensacións máis fortes que pode ter o home: a de non ser na máquina social máis que unha rodiña, moi subalterna. Deséñase na súa memoria a hora da partida cara as trincheiras. El, e os outros soldados, estaban repartidos en grupos, contados de antemán. Subiran ao vagón cuio número lles deran. En cinco minutos desapareceron todos naquelas gaiolas mouras e teixas nas que ían rolar. A máquina asubiaba, asubiaba. O xefe de estación, no andén, abalando a súa bandeira. As mulleres, nos pasos a nivel, aclamábannos. Unha soia inquietude ganábaos en certos momentos. ¿A ónde ían?

Durante a marcha tomaban un bocado; compartillaban as sardiñas e os ovos duros. Toqueneaban, batucados polo tren, apoiados o mellor que podían uns contra outros. Atravesaran un río, de onde se erguía unha brétema indecisa, por unha ponte minada e gardada. Despois de horas de rápido camiñar, non pensaban xa no enemigo invisible, sinón nos seus propios pés, nos seus riles. Cando, ao amencer, fixeran alto nunha aldea, Mauro caeu de fuciños sobre a palla, sin mirar onde, con mochila, fusil e equipo.

Raiaba o día. O horizonte tinguíase de gris e os soldados comezaban a discernir mutuamente as súas facianas esluadas. A campo travesa, e por camiños paralelos, outras tropas avantaban. Mauro e os seus compañeiros desembocaran nun vasto terreo decruado. Aquel campo revolto, estrullado polos xoenllos e os soldados na súa agunía, era a imaxe viva dos homes, convertidos en cadavres, que encarnizaran na loita.

Noutra ocasión ardía un pobiño, como un enorme braseiro, cunha chama máis alta onde se consumía a torre. E no chao, as granadas chegaban como unha maré, avantando, barrendo, cobrindo o terreo; no entanto, os soldados baixaban ao encontro da metralla, esmagándose, rexurdindo, animando aquela parte da paisaxe bañada polo sol. ¡O tempo era fermoso! A imensa batalla estaba alí presente, terrible baixo o ceo sereo, que verquía sobre ela a inconsciente ledicia da súa soberba luz. As ametralladoras, agachadas non se sabía ónde, guindaban tal saraivada de balas, que o aire parecía amestarse; e a morte, invisible, zumbaba nos ouvidos dos homes entolecidos, abafados na cruenta loita.

¡A guerra! ¡Qué estarrecedor! Sáese da vida cotiá e corrente para entrar nun inferno, onde tódolos elementos parecen concertados para atormentalo, rachalo, acribillalo a ún. ¿Está ún cos seus compañeiros? Caen. ¿Quéreos ún ben? Morren... ¡Socorro! ¡Auga!... E logo, alá lonxe, os seres queridos!... ¡E Laura!... Estes pensamentos magóannos; Mauro sinte na súa alma unha fonda anguria.

Veu o médico, chamado por Xenerosa. Recétalle unhas meiciñas. Ao se marchar xa acalma un pouco. Aínda ten chea a cabeza da fantástica xornada que remata de rememorar. Quédalle unha motroñada de imaxes atroces, cunha impresión teimosa de estarabouzo infernal. Zúmbanlle os ouvidos, árdenlle os ollos cegos; o seu corpo dóelle por todas partes; pasa pola frente o envés da man, e repite en voz alta: ¡Qué noxo!

Volve o pesadelo.

Despois dun asalto furioso, os soldados aúlan, feridos; outros mandan, outros láianse.

Xenerosa achégase ao leito: "Señor, ¿qué está a decir?".

Arróupalle a man, enxóitalle a frente. Pero Mauro sigue a liña rememorativa:

Tras vinte horas de batucada, de somnolencias pesadas e pegañentos despertares, desembocaran —el e os seus compañeiros— nunha bisbarra indeterminada, grisalla, fría, bretemosa. A chuvia azoutaba os ollos. Tronaba o cañón. Costeaban un bosque, e os pés apegábanse ás moreas de follas molladas. Chegaran despois a un camiño ancho, e, de súpeto, xurdiran da néboa uns artilleiros cos seus cabalos, os seus armóns e os seus cañóns.

Os cabalos, de pelo longo, batuxaban nas pozas; as pesadas rodas facían saltar a auga das rilleiras; os soldados, arroupados nos capotes de campaña, estaban salferidos de lama. Facianas foscas, de brutáns derreados. Despois de pasar dúas baterías, Mauro e a súa pandilla semellaban fuxidos dunha lagoa de lama. Andiveran un cuarto de hora silandeiros, e chegaron frente a unhas casas desfeitas que, aínda derrubadas, gardaban nome de pobo. Había moreas de pedras amagalladas, enmoreucidas e abermelladas, de entre as que saían trabes, como brazos ergueitos, para decir ¡socorro! ¿A quén acorrer? Non quedaba nada. Derrubamento e morte. Xa nada vivía. Noustante, dixérase que as pedras movíanse, que saían delas bultos negros, que xurdían homes daquel vasto esmagamento.

O pasado prosigue refluindo na memoria adoecida de Mauro.

Balas. Explosións. Afundimentos. Os cuartos de hora decorrían, gran a gran, no desesperante reló de area daquela vida, anodadante, estarrecente, na que os homes, vagas as ideas, o corpo doorido, agardaban na néboa, o frío e a lama a que o Destino decidira amosarse máis clemente. Baixo a súa frente pasaban confusas imaxes dos seus fogares. Pero a súa carne estaba irta, e arrecidos nos seus capotes, reme-

xían pensamentos sombrizos e incoerentes; renegando, xurando, xeándose, morrendo, por hábito, como todo o mundo...

Os días van sucedéndose, e Mauro vai a mellor. Unha mañán despértase recuperado. Xa non se sinte doente. Incorpórase no leito, e queda alí moi ben sentado. Logo pón os pés na terra e síntese ben. Xenerosa traille os zapatos. Pero ao querer camiñar sinte as súas pernas moucas. Ten que lle dar varias voltas á casa. Nin Xenerosa nin o seu irmán ousan falar do que lle sucedera por medo a impresionalo. O irmán limítase a lle decir:

—Paréceme que xa é hora de xantar, aduviño que corre moita fame.

Séntanse á mesa. A comida non é moi leda. Mauro síntese deprimido, esmagado. Afunde a faciana entre as mans, e se non lle ocurre máis que o desexo de morrer para ir a un mundo mellor. Imaxina que ninguén se interesa por el. Dalle unha olleada á súa vida, e decátase de que nada lle foi ben. Síntese encarraxado contra todo e contra todos, especialmente contra sí mesmo. Chega a hora de se ir deitar de novo. Bótase no leito. Comeza a dar voltas dunha banda a outra. Ao cabo adónase del un incómodo amagallamento, e o soño é un continuo pesadelo.

No entresoño, Mauro ouve rumor de pasos. Os pasos achéganse, pero non rematan nunca de chegar. ¡Quen sabe si a morte ven así; quen sabe si camiña...! A morte avecíñase e alónxase incerta. Xenerosa, ao pé do leito, está a lle falar, borboriñando. Entón Mauro comeza a se decatar de que xa non escoita aqueles pasos, e de que, por conseguinte, a morte volveuse atrás. Pero, de vez en vez, pensa aínda nos pasos que escoitara; axordégase. Xenerosa pregúntalle: "¿Qué ten?". Entón el move a cabeza e sorrí. A morte volvérase atrás...

Agora é de mañán. Mauro abre con fadiga as pálpebras rabeladas, e recoñece as palabras do médico que se atopa a carón del. Quere decir algo, pero como na primeira ocasión, non pode falar. Sinte a lingua mesta e inmóvil; tamén os beizos grosos e secos, e non pode abrilos. Túrmanse, facéndolle compaña, Xenerosa e o irmán. Mencíñano, segundo as instrucións do médico. Día a día vai recuperando a fala e a saúde. Comeza a se erguer e vai decorrendo de a pouco a convalecencia.

Unha tarde adormece no sofá, cabo da fiestra aberta; o sol baña as súas mans cruzadas riba do peito; é un sol case de verán, moi quente, e foi eso, mesmamente, o que o fixo adormecer. O sono que o envolve é un sono moi diferente dos correntes. Polo serán descarrega unha treboada forte; o aire refresca; parece como si a noite chegara antes. Mauro tuse e sinte frío.

—¿Por qué non se deita deseguida?, dille Xenerosa. Prepárareille un té ben quente e sentirase mellor.

¡É extraño! Ten frío neste tempo. En troque, nota que a cabeza lle queima, e oie un zunido como si os seus pensamentos falasen. Respóstalle a Xenerosa que tomará o té de boa gana. Vaise ao cuarto, séntase alí, e volve adormecer. Desperta cando Xenerosa volta co té.

—Déitese, señor. Non lle sentará ben durmir así. Mauro métese no leito e dúrmese decontado.

Pasado un mes, Mauro, xa reposto, enceta a súa vida normal. Bótase cedo fóra do cuarto. Xenerosa acompáñao, precedéndoo, ao baixar a escaleira. Sinte como si el a mirara desde o fondo dos seus ollos cegos. ¡Quen sabe si, desde a escuridade da cegueira, lle está a mirar os hombreiros, ou os brazos, ou as pernas! Experimenta unha sensación entre desorientada e ditosa. Decátase de que pón mal os pés nos degraus, de que rematará por se caír. Non cae, pero chega escorexante ao portal; e cando o abre, a súa man trema. Parécelle como si el a abesullara, e que andivese a facer un esforzo para rachar o veo que cobre os seus ollos. De súpeto, Mauro pregúntalle:

—¿Queres virte comigo?

Xenerosa mantén aberta a porta cunha man. É polo outono; de fóra entra unha neboíña pesada e quente. Mauro está á outra banda do oco da porta, e pousa unha man no brazo dela. Aprémelle o brazo; nota que ten a man esmorneada, e que a calor atravesa a roupa. Xenerosa abre a man, e a porta péchase paseniño. Mauro atraille o brazo; ela non lle apón resistencia. Sinte como lle acariña a caluga e as costas cunha man; coa outra cóllelle o brazo, póndoo ao redor do seu pescozo.

Ambolos dous escoitan os pasos do irmán de Mauro, que chega. Afástanse correndiño. Xenerosa sube a presa a escaleira, camiño da cociña. Está atordoada e nótase triste e ditosa a un tempo. Parécelle ter aínda a Mauro a carón seu. Conserva a impresión de que o brazo, delgado e rexo, marcáralle un sulco nas costas, no van, onde a apertara; seméllalle como si as súas mans lle deixaran sinais no corpo onde tocaran.

En Mauro hai como un agradecemento, mesturado de agarimo, pola rapaza que tanta gasalleira compaña lle fixera durante a súa doenza. No seguinte día atópanse sós, de novo. Cóllea outravolta nos seus brazos, e ela agárrase a el. Ten un corpo churrusqueiro e delicado, que parece envolveito nun tecido de malla. Mauro pousa os seus beizos na pel quente e polida, entre o hombreiro e o pescozo.

—¡Mauro!, borboriña. Dígame que se sinte contento de estar comigo.

—Sí, estou ledo. Comprázome en che decir que te quero.

Van así decorrendo os días. Xenerosa sai, de vagariño, do leito. Móvese con dificultade; quezais porque vai frío. É febreiro, mes feo. Os días alónganse, sí, pero parécelle que o sol non remata de saír nunca, porque o ceo está gris e o campo cheo de néboa. Ponse unha bata por riba do camisón; unha e outro son modestos. Non lle importa levar roupa bonita, semella como si non soupese distinguila. Agora, coa bata escura riba do camisón, todo enrugado, cos seus movimentos cansos, coa súa faciana esluada, non parece unha rapaza de vintetrés anos; parece, máis ben, unha muller cunha vida difícil sobre os hombreiros.

No andar do tempo, Mauro non quere confesarse que a rapaza inspíralle certa preocupación, moi veciña do medo. Esto contribúe, tamén, a manter os vencellos que o unen a ela despois do que pasara. É unha boa rapaza, pero, pesie a todo, non pode evitar un especial desacougo...

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
Vigo

A NOITE NO CRÁTERE

Navegar toda a noite sobre unha canle de leite morno
e ir a pique impunemente coma os vellos cargueiros. Sobe un bafo
a millo fervido con sal e neve derretida, un vapor miniado baixa
sobre Aretusa onde cada cabelo caído se torna cobra no serán
dos ferris chipriotas.

Na sombra do luar sinto crepitar o papiro
que desde o Arno escribes sobre a pedra abalada do velador
dun eirado. Sopra un fedor de lobishome neste pechado xardín
da Fonte do agrión. E novamente solo
na encrucillada da Gándara, no ar dun canto,
no áspero fondo do *home do fardo,* neste espacio
que a túa ausencia outorga ao balbor da fonte.

Ou Pía maxestosa! onde a noite se detén
e un corpo, de velada aparencia visible, brinca.
Na arse veloz do teu torso espido
había esa beleza dos templos de ruínas tamén perecedoiras.
Na arse veloz do teu torso a preguiza menstrual
na Ara de Ierone II, un río vermello ao acaso dos sulcos
múltiples. E as miñas mans coma dúas cazoletas entre alfa e omega
por onde queira que escoe. Balaústre dos días de sol
sobre os nosos trobos drenados. Estabas deitada no leito,
hóspede de Alcamo, o manso rumor da persiana, a galería atenta
a calquera murmurio, as coxas afastadas cunha obrigatoriedade
de quirófano e o salitre lustral aínda non evaporado.

Fantasma dos días de sol sobre os estreitos mariños.
Vexo o teu corpo furtivo a facerse forma na magna onda
na relva xélida do patio da fortaleza. E lembroo todo,
e me lembra todo:
o tilio, a cisterna, o finxido felino capado
ao que dabas quentura.
Algún xuramento fixen que botases a camiño do Antro.
Pero na noite as nosas sombras bulían graves na tenda
para non morrer por segunda vez.

Aquí estou entre lusco e fusco.
Aquí estou na penumbra do luar,
na sebe da linguaxe que fala en secreto nesa fronda
batida por un hálito. Os varais arrían os teléfonos
e a túa valva non quere deixar o seu soño de con batexada.
A túa mocedade é máis alta que o máis alto banzo de San Miniato,
alí as faldras érguense lenes cun solpor ciclópeo
e todo o que acollen murcha ó Terceiro Día, descólase
coma os selos abalados das tarxetas postais.

Nas noites medoñentas poboadas por lava
inútil pechar os aposentos dos balnearios,
inútil lembrar o tempo de hoxe coa túa nocturna nudez
ante o espello estival dos meus próximos trinta anos.
Daquela despértanos ese automóvil que pasa sen se deter,
velozmente por esta estrada secundaria sen que vexamos
ós seus dous ocupantes que corren para o mar siciliano.

Baixamos

e na Alfándega
o vello xendarme páranos.

É tempo da vindima en Cerbère.

CÉSAR ANTONIO MOLINA
Madrid



4 POEMAS

I

INVOCACIÓNS

Cando as sombras marelas de novembro,
Con lentitude suxa de regato,
Abranguen ó meu corpo,
Heiche dicir, señor das estacións feridas,
Que perante unha ausencia de seis lúas
O canto dos cisnes mouros
Chorei polos meus ollos de noutrora.
Deles manaron augas da primavera inxusta,
A folerpa de inverno —misteriosa nas praias—,
O fastío nocturno do areal cando agosto,
Todo o que ateiga a vida coma escuro licor,
Todo foise polos meus ollos negros.
Para que vaian eles
Finar ó mar con fonda dor de rio,
Materia de naufraxio seipan seren,
E oleaxe de luz e nas illas fenezan,
Esbararán agora, lediciosos na tarde,
A procura-las cousas e os seus nomes antergos.

Encheránse coas cores das altas alamedas
Que non verán xa nunca,
Disputarán ó outono o seu froito escondido.

II

A DERRADEIRA VIAXE Ó SEU FIN

Para min, aquel pobo gardou a súa secreta ameaza, mais non enteiramente.

L. F. Céline

Eran ben doces as mañás de outono
Cando o baixío escuro dos teatros
(Canle deserta ó fondo das pegadas)
Deixábanos o signo e o loureiro tan murchos.

¿Qué xeadas roseiras? Nunca nunca
Alcenderon no anxo o rumor da ledicia.
Non abondou pra baleirarmos Morte
Tanto marzo de fontes polas pálpebras.

A máis anterga sede do cervo ven á boca.
Entón é que me deixo nos portos soterrados
Pola bandeira azul dos menceres xa idos.
É que da noite baixa unha dor de cuativos.

Escribireino en ríos e nas choivas.
É que da noite baixa unha dor de cautivos.

III

SEIPAN os deuses que camiño só
Co meu canto de páxaros ó norde.
E dóanme estes ollos coma moeda erma
Ó recebe-la luz
Das nostalxias do mar, fora en novembro,
Das vides ó baixaren polas horas tan doces.

Entre o vó e a pegada pertenezo ó que fun,
A esas mortas esencias de cuartos repartidos
No ecuador dos esquezos,
Nese tempo de area das cidades sen búxola
Descobro certamente as grandes soedades
Dos ríos e das choivas máis alá das fenestras.

Claridade nos teixos dos xardíns en outono
Repetiume a palabra:
Todo anxo é silencio.

IV

DUNHA FOLLA PERDIDA DO LIBRO DA DESOLACIÓN

A tristura que chega ata a beira das cousas
E fálanos de torres fenecidas no pó,
Do pabellón dos herois
(Icaros xuveniles e dispostos
A queima-la grinalda e os loureiros)
Ponnos rictus de medo neste instante,
Achéganos ós cantos da fronteira.
Ti, o máis fondo e feroz dos instrumentos,
Ouh, corazón,
Ti que soupeches
Esperexe-las noites, ou esteas de sombra
Edificar nas almas dos guerreiros,
Non pertenezas nunca ós que choran na cinza
E poñen fel nos ollos daquel neno
Que contemplaba o mar.
Érguete nos poentes coma un mencer de xunio,
Traicióname, perdéndome.

RAMIRO FONTE
Vigo

IN MEMORIAM DO POETA FELICIANO ROLÁN VICENTE

No cincuentenario do seu pasamento

Xa pasaron longos anos
dende a tua morte, Rolán,
e agora pensar en ti
é volver o tempo atrás,
a aquelas mañás co craustro
da nosa universidá
con Machado na Quintana
e Xoan Ramón no Toural.
O confín da Ferradura
aperto ó noso arelar.

Entón a vida en Galicia
era fermosa e en paz;
as estrelas, favorabres;
os proxectos, realidá
e un belo cántico o mundo
para podelo cantar,
mais teu canto era "o degoiro
supremo de naufragar"
con escualos esperando
teu desalento vital.
Asín te fuches deixando
un verso sen terminar
porque en plena xuventude
arringouche o furacán
cara ós brillantes luceiros
que xamais se estinguirán
e seguirás escribindo.
¿Qué ibas facer senón la?

Tua lembranza sigue aquí
e é branquísimo rosal.
Entre este espacio visibre
e o espacio onde agora estás
hai as preguntas de sempre
que silencia o vasto mar.

DICTINIO DE CASTILLO-ELEJABEYTIA
Murcia

GALICIA E O MOMENTO ESTELAR DE "LA BARRACA"

Aquel verán da República, rachado o dez de agosto polo espadón do xeneral Sanjurjo, os estudiantes do Teatro Universitario *La Barraca* desencolgáronse do centro á periferia para dar a coñecer o seu repertorio: tres entremeses cervantinos e unha peza sacramental de Calderón. Apagóns e sobresaltos, chapuzas e azares ían curtindo á tropa de "barracos" movilizada a bordo de dous vehículos. Un camión carregaba con decorados, taboado, equipo eléctrico, os cestos da gardarroupía e o atrezzo; outro —o autobús—, cedido pola Dirección General de Seguridad, transportaba aos actores. Entre homes e mulleres non chegaban á trintena. Nos pobos, conta Federico García Lorca, "representamos de noche... La gente lleva sus sillas. Generalmente se alza el tablado frente a la plaza" [1]. As cousas, á larga, non soían resultar tan simples. En Soria, a compañía, fustigada por beatos chulos, tivo que saír fuxindo do claustro románico de San Juan del Duero. Da carlista Estella choveron pedras sobre os estudiantes.

Era propósito manifesto de *La Barraca* valerse dos clásicos como educadores do gosto popular, atender ao público das capitais necesitado da acción artística anovadora da escena española e difundir o teatro entre "las masas campesinas que se han visto privadas desde tiempos lejanos del espectáculo teatral" [2]. Creada exclusivamente para Madrid, para a Universidade e para os estudiantes, os estímulos chegados indirectamente das Misiones Pedagógicas potenciaron o proxecto. Lorca aceita a tarea de director ambulante, con Eduardo Ugarte, como un servicio da xoven xeneración ilustrada ao país. Ninguén obtén beneficio económico. Para el, *La Barraca*

---

[1] Pablo Suero, *Crónica de un día de barco con FGL.* Obras Completas, t. II, 20.ª ed. Aguilar. 1977. Madrid.

[2] *Extracto de la Memoria del Teatro Universitario "La Barraca".* Unión Federal de Estudiantes Hispánicos. Madrid, s. f.

...es toda mi obra, la obra que me interesa, que me ilusiona más todavía que mi obra literaria, como que por ella muchas veces he dejado de escribir un verso o de concluir una pieza...[3].

Madura de experiencia, fogueada polo clima dos veráns casteláns, dous anos despois, no 1934, a compañía estudiantil vive o seu momento estelar. Unamuno apláudea en Zamora —e Federico cabildea, preocupado, temeroso de que o cambio de Goberno, a dereita fúnebre sempre de negro deica os pés vestida, lle tire a subvención—. Unamuno asiste compracido á representación de *El burlador de Sevilla:* "Una cosa es la cultura y otra la luz. Eso es lo que hay que tener: luz", dí e anima ao director de *La barraca.*

Non é Lorca deses seres aos que mutile o machadazo de fío pezoñento dos tristes. Atura e rí. Pero, de itinerario en itinerario, os envites do torpe e do malvado son cada vez máis visibles. Un xornal fascista acusa desde Madrid aos estudiantes:

No traiciones al campesino que oye en ti los sublimes versos de Calderón, burlándose de su expresión candorosa, mostrando ante él unas costumbres corrompidas, propias de países extranjeros. No asombres sus ojos ingenuos paseando ante él una promiscuidad vergonzosa. Estudiante; tú eres joven. Tu deber es sacrificarte ante ellos; tu deber es no quedarte con lo que se te da para que lo entregues al pueblo. Tu deber, antes sería viajar ayunando, que lavándote las manos en agua mineral [...]. A ti, como joven; a la Barraca, como misión pedagógica que ha de ser conducida tan solo por los que ansíen una Patria nueva; los que laboren por un porvenir de Imperio; no por los que se mueven en las aguas turbias y cenagosas de un marxismo judío[4].

A embestida arrecia, e antes de que o dogmático antirrepublicanismo do xornal *El Debate* arremeta contra o muiño de vento de *La Barraca,* son as Misiones Pedagógicas vítima dos tizoazos da reacción. Dous diputados tradicionalistas, Lamamié de Clairac e Romualdo de Toledo, piden que o presuposto non consigne nin unha peseta ao ensino popular extraescolar. ¿Cómo é posible educar a un entendemento rústico —pregoa o primeiro dos parlamentarios nomeados— con programas das Misiones Pedagógicas? Fálaselles dos grandes homes da nosa historia, do Cid, de Frai Luis de León, do pasado grorioso... e do pérfido século XIX, do liberalismo e das excelencias do réxime republicano: "¿No creeis que todo eso, en vez de llegar a formar idea en sus cerebros, lo que hará será fomentar en gran parte su confusión?"[5].

Manuel B. Cossío describíu sinxelamente o que eran as Misiones Pedagógicas: "Somos una escuela ambulante que

---

[3] O. Ramírez, *Teatro para el pueblo.* O. c., t. II, ed. cit.

[4] *La Barraca* (solto, sin firma). *FE.* Julio de 1934. Madrid.

[5] *Diario de Sesiones,* 28 de junio de 1934. *Cf.,* Mariano Pérez Galán, *La enseñanza en la segunda República española.* 2.ª ed. Madrid, 1977. O editorial de *El Debate* contra *La Barraca* publicouse o 6 de novembro do 1933, antes

quiere ir de pueblo en pueblo" (decembro do 1931). "Nosotros queremos representar y vulgarizar nuestro olvidado y gran repertorio clásico...", explícalle Lorca ao pobo de Almazán (xulio do 1932), en alocución previa a unha representación de *La Barraca*. "¡Los republicanos! ¡Aquí están los republicanos!", berra o pobo en festas de Navalcán, Toledo, á chegada das Misiones Pedagógicas. "Pueblo de Almazán: los estudiantes de la Universidad de Madrid, ayudados por el Gobierno de la República...", anuncia o mensaxe de *La Barraca*. Os tizoazos vidos da destra dos pais da patria pintan como endiañadas as representacións, sinxelamente referidas por Federico: "La gente lleva sus sillas. Generalmente se alza el tablado frente a la plaza".

O repregue a Madrid, despois da primeira xira do teatro estudiantil por terras de Soria, permítelle aos "barracos" dar unha función ao aire libre, diante do pabellón social, na Residencia da rúa Pinar, ao remate da Castellana. A García Lorca, que prepara a excursión a Galicia, véselle dirixir en mangas de camisa, "activo, lleno de ardor y consciente de su autoridad", anota María Lynch na súa puntual axenda. Acode a descansar uns días á súa casa de Granada, papel e lápiz a man, cismante polo longo desprazamento en cerne. Ao segredario de *La Barraca*, Rafael Lapún, trasmítelle instrucións encol da sustitución de persoas do elenco, *alors que la "chose qui roue" se préparait à partir pour La Corogne*[6].

O director resolve expeditivo —en catro anos, sesenta cidades, pobos e aldeas presencian o espectáculo da compañía— e o mesmo sai ao escenario entre preseas calderonianas, que viste o veludo da arrogancia de Lope ou declama os versos machadianos do parricidio de *La tierra de Alvargonzález*. ¡Hala!, ¡hala!, adiante, adiante, polo tronado susto de agosto do 1932 rumo a Galicia. Baixo o toldo daquel verán vai recibir aos estudiantes madrileños un Rector magnífico, magnífico e runfleiro, o doutor Alexandro Rodríguez Cadarso, propulsor da Cidade Universitaria de Santiago. Humanista de liñaxe dos que só á luz aspiran, Lorca e os "barracos" identifican a alma liberal da República no comportamento do catedrático compostelán.

Desta vez, o itinerario galego de Federico García Lorca decorre por estrada. Deixa a plana dos Castelos lampexantes de meses, o ceo abandoado ao ceo do seu amigo Jorge Guillén, para rolar a través da paisaxe que ata entón só contemplara

---

da intervención parlamentaria. En decembro do 1935, denuncia o rotativo madrileño: "*La Barraca* ha vuelto a representar *Fuenteovejuna* profanada. La gloriosa obra de Lope de Vega [...] se transforma en una breve fiesta bolchevique". *Cf.*, J. M. García Escudero, *El pensamiento de "El Debate". Un diario católico en la crisis de España* (1911-1936). 1983. Madrid.

[6] Marcelle Auclair, *Enfances et mort de García Lorca*. 1968. París.

desde o ferrocarril: "En este momento el paisaje es enorme", escribíu no 1916, cando á saída de un dos tuneis pontevedreses o ámbito das rías alabara ao adolescente como ao seu enaltecido don Luis de Góngora [7]. Da goia berciana regada por ríos familiares, o Sil aurífero, o Boeza, o Tremor, accede ao labirinto bravo e boscoso que leva ao litoral da Coruña. Videiras, milleirais ("la panocha guarda intacta / su risa amarilla y dura"), castiñeiros, nogueirais, agros de centeo, eucaliptus, piñeiros e cortiñas amansan a canícula. Os "barracos" seguiron, desde Ponferrada [8], a hoxe denominada N-VI. Os ensinantes das Misiones Pedagógicas enfiarán tamén a rispidez do Cebreiro empavonado como unha armadura carolinxia, fruncido como a Alpujarra. Un sabido daqueles pagos mira de esguello aos misioneiros da cultura e, enfático e duro, rosma que en Pedrafita desamárranse as cobizas, que xa está ben de troula, que a onde imos parar, que "todos los aldeanos quieren tener hasta una cama en su casa" [9].

O público dos itinerarios era unha parroquia abstracta ao redor da máquina de soñar; pero si a verdadeira interpretación require un escenario, e este ha atoparse sempre disposto —como alecciona Lorca nun limiar adicado á presentación de *La vida es sueño*—, ao público hai que enfialo sobre a marcha. Alí estaba, lembra Sáenz de la Calzada, "sobre todo, sobre todas las cosas, la mano callosa de la mancera, la cabeza analfabeta, el pelo corto, grasiento, la piel atezada y llena de arrugas" [10]. En Galicia o cliché coincide. Ás cidades subía, escaso, o carrapucho de fume das fábricas, ruxía a chapa dos asteleiros, orquestábase o zunido industrial de motores e obradoiros. Pero o censo das poboacións, máis rural que urbano, cos enclaves de pedantería burocrática e a suficiencia dos suscritores-explicadores da prensa de Madrid, alá se ía co do resto do país. Xosé Suárez (1902-1974), fotógrafo testemuñal que se atopaba filmando para Cifesa en Galicia cara 1936, deixou un álbum póstumo, *Terra, mar e xentes*, espello fidelísimo de entón.

---

[7] "...en las *Soledades* no aparece ninguna mención específica de Galicia. Pero hay que dar por supuesto que la visión de los horizontes gallegos, y muy concretamente, el gozo de la ría pontevedresa, no podían dejar de ser recordados y manejados...". J. Filgueira Valverde, *Góngora y Galicia*. 1969. Madrid.

[8] "*La Barraca* salió para Galicia el 21 de agosto de 1932. Dormimos en Ponferrada, y el día 22 llegamos a La Coruña. Ese mismo día ya dimos una representación". María del Carmen G. Lasgoity de Prados Arrarte (resposta a un cuestionario enviado polo autor).

[9] *Memoria de la misión pedagógico-social*. 1934. *Cf.* Mariano Pérez Galán, *Ob. cit.* (As Misiones foron creadas por decreto de 29 de maio do 1931. Entre os servicios e actividades culturais estaban os coros, teatro do pobo, cine e proxeccións fixas, museu circulante. O escritor galego Rafael Dieste, con Antonio Sánchez Barbudo, Ramón Gaya e Luis Cernuda, rexía o museo. A Misión entrou en Galicia no verán do 1933).

[10] *La Barraca Teatro Universitario*. 1976. Madrid.

Acomodado na dianteira do vehículo, á beira do condutor, Lorca capitanea a leva estudiantil, atento ao entorno vertixinoso. Meseta, penichán de Ponferrada, as Médulas, goia do Bierzo, remonte de Pedrafita, os Ancares e esa coitela de pizarra que abre os portos de montaña de Galicia. "Le veo sentado en el pescante del autocar, junto al chófer, contemplar asombrado la inmensidad de las tierras castellanas o las montañas de Galicia...", escribe Sáenz de la Calzada. Actores e actrices —entre estas, Isabel García Lorca e Laura de los Ríos, irmá e futura cuñada, respectivamente, do poeta— ocupaban o mesmo autobús. Unha señora cincuentona, chamada dona Pilar, contratada polo que dirán, facía de "carabina". ¿Non será certa prensa de Madrid a que denuncia "costumbres corrompidas" e "promiscuidad vergonzosa" no carro de Tespis? Así deica A Coruña, onde Federico saborea o pánico e o sal dunha praia veciña que atrapou na resaca ao bañista inexperto. Do sucedo gardaba unha lembranza terrible, "recuerdo que un psicoanalista calificaría como de complejo de castración" [11], porque imaxinara, en cheo susto, que as filosas laxes armadas de valvas de molusco contra as que o oleaxe lle batía ían a lle cortar os seus xenitais.

O mapa itinerante de *La Barraca* funciona de xulio do 1932 a abril do 1936, data esta do vixésimo primeiro itinerario. Do segundo itinerario interésannos singularmente as datas de 22 de agosto do 1932 a 1.º de setembro do mesmo ano: "El 1 de septiembre salíamos de Galicia para Asturias... Nunca más volvió *La Barraca* a Galicia", confirma María del Carmen G. Lasgety. O repertorio da xira incluía os entremeses cervantinos: *La cueva de Salamanca, La guarda cuidadosa* e *Las dos habladoras,* e o auto sacramental de *La Vida es sueño,* reducido, ás veces, ao primeiro acto. España adiante, en trancos sucesivos, o programa arrequecerase con obras de Lope, Tirso, Juan del Enzina, Lope de Rueda, Antonio Machado e pezas do romanceiro castelán. Entre os actores había cantores e músicos —bandurria, laúde, guitarra, violín— ensaiados polo propio Lorca, que potenciaba o texto teatral abrindo inagardadas fiestras de música no muro dos espectadores.

Todo ollos e ouvidos, o poeta incorpora ao seu labirinto os dons da terra mediante esa ósmose prodixiosa de Anteo andaluz e Anteo galego. No 1934, aos dous anos da xira por Galicia, *La Barraca* estrenou nunha capital castellana a *Égloga de Plácida y Victoriano,* de Juan del Enzina. Dous aldeáns namorados e mal avidos, aos que lle vai botar unha man a mitoloxía renacentista, como nos autos de Gil Vicente,

---

[11] Sáenz de la Calzada, *Ob. cit.* María del Carmen G. Lasgoity presenciou o episodio.

e outra man a cháchara dos pastores, ocupan o taboado. Lorca púxolle música á égloga. Hai un momento no que Venus chama a Mercurio:

Y desde dentro, con música de violines, se cantaba, cantábamos todos:

Estando cousendo - a miña almohada
miña agulla d'ouro - meu dedal de prata
miñas teixeriñas - de folla de lata
pasó un cabaleiro - pidoume pousada... [12].

¿Por qué recurre o director de escena a estes sons —"otea que sonecillos", avisa Gil Cestero, o da égloga— expresados en lingua galega? Verdade é que, materia porosa dilatada pola sensibilidade lorquiana, a letra-música dos "sonecillos" xaz de antigo baixo melodías adeprendidas:

¡Guárdate del viajero,
Elenita que bordas
corbatas! [13].

Lorca parece ter trasladado ao texto de Juan del Enzina unha vivencia do seu paso por Galicia, cando "me sentí poeta de la alta hierba, de la lluvia alta y pausada", senlleiro en primavera, ao frente da caravana estudiantil en verán e meditabundo no outono coa roupa escura de conferenciante. Eduardo M. Torner e Xesús Bal, xóvenes musicólogos da Residencia madrileña, ouviron recitar en Baralla (Lugo):

Estando la Elena
bordando na sala,
con aguja de oro
y el dedal de plata,
vino un caballero
pidiendo posada.

Os mozos do "Seminario de Estudos Galegos" —recolleita do 1929— anotaron en San Cosme de Abeancos, recitado por Encarnación Fisteus Penas, o romanciño:

Estando cosendo - na miña corbata,
con agullas de ouro - i alferjes de prata,
chegou un cabaleiro - pedindo pousada... [14].

De calquera de ambas versións tiradas do limo da memoria, á ida, ao regreso, a coberto ou á intemperie, o poeta mordeu a terra e levará para sempre o saibo nos dentes.

A Coruña, en agosto, exhorta á felicidade. Un clima de soaves rachas impide o castigo do solsticio e entolda de frescor os Cantóns cando o mar acariña a sen do verán. A despreocupación e a sorrisa atraen naturalmente ao forasteiro: *La mer est plus belle / que las cathédrales*. Aquí Rosalía le-

---

[12] Sáenz de la Calzada, *Ob. cit.* (Transcrición literal).
[13] *Suite de los espejos*. "Los ojos". 1921-1922. *O. c.*, II, ed. cit.
[14] A de Baralla, en *Cancionero gallego*, t. II, de Torner y Bal. 1973. La Coruña [Madrid]. A de San Cosme, en *Terra de Melide*. 1933. Santiago. (*Vid.* tamén María Hernández, Introd. a la edición de *Primer romancero gitano*... 1981. Madrid).

vouse pasmada o índice aos beizos para non falar do seu magoado corazón. Concepción Arenal, case frívolamente, dixo que ao demo a careza dos alugueres nunha cidade de galerías desde onde se habita o mar e o ceo [15]. Nin ácidos, nin raiba, nin galóns de loito extinguiron en María Casares, un século despois, o roibén da Coruña no seu París morado de *résidente privilégiée*. A cidade de empaque civil e ilustrado soupo singularizárese entre as capitais galegas polo carácter liberal e festeiro da xente. Na Coruña, director e elenco de *La Barraca* enteiráronse polo Comité de Cooperación Intelectual que se lles cedera para a función o escenario do Teatro Rosalía de Castro. Interpretan os entremeses cervantinos. A Lorca sedúceo traballar ao aire libre: "De pronto, ver a un aldeano que se queda admirado ante un romance de Lope, y no puede contenerse y exclama: '¡Qué bien se expresa!' ". Alá polas Castelas, nun pobo de xeso e palla, comezou a chover mentras representaban o auto calderoniano: "Sólo se oía el rumor de la lluvia cayendo sobre el tablado, los versos de Calderón y la música que los acompañaba, en medio de la emoción de los campesinos" [16].

O coliseo coruñés acolle de novo, ao día seguinte, 23 de agosto, aos "barracos", pero a función de noite é trasladada á Praza de María Pita, ámbito de cantería moderna por onde o parloteo escénico de doncelas e soldados, de donas e farfalláns, criaturas da picaresca cervantina, resona extravagante. O xornal *La Voz de Galicia* levou á primeira plana unha foto da "farándula universitaria". Cos anos perdura insustituíble a instantánea de Carlos Martínez Barbeito —Lorca, cuartelas na man, plántase nas candilexas do Rosalía e explica a súa doutrina do arte dramático—:

> Fui a saludarlo en el entreacto [...]. Intentamos invitarle a comer en casa, pero él no quiso abandonar a sus numerosas huestes y se marchó con ellas al siguiente día, enfundado como siempre en su "mono" azul con el emblema de *La Barraca* —una rueda dentada y una máscara— bordado en el pecho, después de anudar una gran amistad con otro miembro de mi familia: el penetrante escritor José Barbeito, cuya difícil y dolorida sensibilidad comprendió muy bien, y a quien dedicó el soneto que empieza: "Arbol de sangre moja la mañana", publicado días después en la revista *Héroe* [17].

O cronista coruñés da noticia dun texto lorquiano, prólogo da representación do auto de *La vida es sueño,* sustraído

---

[15] Carta a Pilar Tornos, verán de 1863, en: María Campo Alange, *Concepción Arenal*. 1973. Madrid. Da Coruña republicana do 1932 escribe Pilar Jaraiz Franco —o seu tío, o xeneral Francisco Franco, era xefe da brigada núm. 15 de Infantería—: "Mis recuerdos de aquellos días en La Coruña, una ciudad limpia y hermosa que parecía vivir en fiesta constante...". *Historia de una disidencia*. 1981. Barcelona.

[16] *Vacaciones de "La Barraca"*, por Juan Chabás; e *"La Barraca". Entrevista con su director...*, por Enrique Moreno Báez. *O. c.*, II, ed. cit.

[17] *García Lorca, poeta gallego. Un viaje a Galicia...* Semanario *El Español*. 1945. Madrid. Reimp. en *Grial*. 1974. Vigo. (O soneto, tiduado *Adán*, in-

ás tearañas do esquezo no 1976 por Luis Sáenz de la Calzada, descobridor do manuscrito autógrafo. Medio século despois de ter sido elevado como globo de papel desde un proscenio de provincias conserva o patético entusiasmo:

> Señoras y señores: Ayer hablábamos del teatro popular, del tabladillo del puente sobre el río lleno de historia, y del villancico tierno donde España ha puesto su diálogo desde el clavel perfecto de Góngora a la tajada de melón de Murillo y de Juan del Enzina. Hoy el teatro universitario presenta el auto de *La vida es sueño* [...]. El péndulo teatral español oscila de modo violento entre estos dos mundos antagónicos, Calderón y Cervantes [...]. Por eso el teatro universitario [...] ha elegido a estos dos autores, Norte y Sur del teatro, con objeto de subir a lo alto de la escalera donde están los símbolos, desde la primera barandilla; barandilla donde están los zapateros y las fregonas y las mujercillas indecentes de don Miguel, barandilla no por baja indigna de estar alta, pues ya Goya la puso en el cielo al pintarla en la cúpula de San Antonio de la Florida.

"Salud a todos", remata Federico, e arrima o hombreiro de azul mahón á máquina de ilusións que petardea sobre os adoquíns. Un rapsoda espontáneo sai ao camiño para cantar o paso da farándula rebuldeira e triunfante: "...es el carro de Tespis con motor de explosión", espeta o quidam nalgún lugar do itinerario veranego.

Coberto na mañán do día 24 o traxecto A Coruña-Santiago, os "barracos" aséntanse na cidade. O camión cos decorados e impedimenta sortea as rúas silandeiras. O escaso xentío anda aos seus quefaceres ou entretén o ocio do verán á fresca dos soportais. A mitade da poboación, entre estudiantes e vecindario parásito, foise, desapareceu tras a nube de pólvora festeira do mes de xulio, disfruta nas vilas aseñoritadas e mariñeiras do litoral. Santiago en agosto —o emocionante Santiago de entón, que lle pareceu a don Pío Baroja unha escenografía carregada de electricidade— abre de par en par as portas da súa invisible muralla para sentir como sube do alfoz de ríos e lavandeiras o siseo das leiras de millo. Volve o camión polo ángulo porticado dunha rúa, dobra, frea; pregunta algo o chófer, sin se apear da cabina, ao transeúnte. É alí. Do pavimento da grande praza de lousas e sillares pintalgados de mica despréndese a vibración do sol das doce. Voan as badaladas do reló da catedral. É alí, percorrida unha

---

corporouse ao libro *Primeras canciones*. 1935. Madrid. *Cf.* o. c., II, ed. cit. Posteriormente á revista *Héroe*, que se publicaba en Madrid por Manuel Altolaguirre e a súa muller, Concha Méndez, o soneto apareceu na revista *Poesía*, Buenos Aires, 1933, adicado a Pablo Neruda. Os lapsus das adicatorias lorquianas merecen estudio aparte: p. e., a primeira adicatoria de "Reyerta" *(Romancero gitano)* destínase, no 1927, "A mis amigos de *L'Amic de les Arts*", e en adiante a Rafael Méndez; o "Romance de la luna, luna", cuio primeiro destinatario é José Mora Guarnido, no *Romancero*... aparece adicado a Isabel García Lorca. *Cf.* Antonina Rodrigo, *García Lorca en Cataluña*. 1975. Barcelona; e Mora Guarnido, *FGL y su mundo. Testimonio*... 1958 Buenos Aires).

cincuentena de metros, ao pé da torre do reló, ou da Berenguela, deixando libre o lance de escaleiras que desde as Praterías accede á Quintá dos Mortos —praza dos Literarios, no calexeiro municipal—, onde vai a se erguer o taboado de *La Barraca*.

Gobernaba a Universidade compostelana o rector Alexandre Rodríguez Cadarso, catedrático da Facultade de Mediciña e intelectual rexeneracionista, leal á República e ás reformas postuladas pola coalición de San Sebastián. Amigo de Fernando de los Ríos, diputado nas Cortes Constituintes que promulgaron unha Constitución representativa dos ideais de xusticia social —inda que con esta expresión, repara Raymond Carr, "ni siquiera los socialistas querían significar el socialismo sino un estado de bienestar *(welfare state)*"—, desempeña en Galicia o papel de certos prohomes da cátedra que, a nivel nacional, potenciaron o novo réxime: de Unamuno a Jiménez de Asúa, de Besteiro a Ortega y Gasset, de Marañón a Sánchez Román, de Alcalá Zamora a de los Ríos. Os estudiantes madrileños, acompañados por "el notable poeta andaluz Federico García Lorca", ofrécenlle os seus respeitos ao rector, que os recibe no Paraninfo da Universidade, departe con eles amistadamente e interésase pola obra de extensión cultural de *La Barraca* [18], que actuará aquela mesma noite na Quintá.

Hai que arrimar o hombreiro. Sempre. Federico trafega tarde e noite para axudar a pór a punto o escenario dos entremeses cervantinos que, habitualmente, saen por este orde: *La cueva de Salamanca, La guarda cuidadosa, Los dos habladores*. Unha placa da xira compostelana amosa ao poeta con traxe de faena, xunto a Enriqueta Aguado, actriz da compañía, e Arturo Sáenz de la Calzada. Baixan pola escalinata que arrinca do muro do mosteiro de San Paio deica os sillares da Porta Santa. Ao fondo asoma o pasadizo da praza da Inmaculada [19].

A voa pluma reseñou *El Eco de Santiago* o estreno da víspera. Acodíu numeroso público, dí, pero houbo dificultades de audición. Pola Quintá dos Mortos cruza de hora en hora a refolada da Berenguela, unha sustancia de metal e orcelos que a pedra desprende pulsada por ondas sonoras. Si chove, a cortina de chuvia esgana a atmósfera e bota os peches do presente. É sentir, fantasmal, a Fernando Pessoa:

> Para que olhas tu a cidade longinqua?
> Tua alma é a cidade longinqua.
> Chove friamente.

Si escampa ou fai bó tempo, o polen desprendido do reló narcotiza a intemperie: "Aquí —exclamou Lorca cando tri-

[18] *El Pueblo Gallego*. 25 de agosto. Vigo.
[19] A fotografía en *Insula*, núm. 339. Madrid. Id. en José Luis Cano, *García Lorca. Biografía ilustrada*. 1962. Barcelona.

pou as lousas da praza— quisiera quedarme a reposar toda la vida". Impoñente e exenta a Quintá inspirou a Ricardo Carballo Calero en *Nouturnio compostelán,* 1931, cuios elementos non inclúen nin condicionan, mais tampouco alonxan, a óptica garcíalorquiana posterior. Os versos de arte maior do, á sazón, estudiante ferrolán sobrelevan unha imprevisible cárrega de felicidade:

> Nun leito azul, a lúa, núa e branca, surría...
> ¿Que dedos inmortaes carrexarán seu corpo?

e o cariz chopiniano do granadino unha síntese dramática:

> Déixame morrer no leito
> soñando con froles de ouro [20].

Na noite do 24 de agosto, ao redor das once, o público sigue enlevado o enredo de *La cueva de Salamanca.* Ama e Criada, en ausencia do Marido da primeira, tratan de meter na casa ao Sacristán e ao Barbeiro, amante e noivo, respectivamente. Na aventura tercia un estudiante famento ao que as mulleres, compasivas, alonxan no palleiro. Dentro, viño e viandas aledarán as paxariñas dos golfantes. Retorna inagardadamente o Marido. Sacristán e Barbeiro atóbanse. O Estudiante cheirou o papilorrio e o tecemanexe das mulleres. A Ama... ¡Alto! Quedos. O tagareleo da ama, colapsado pola acústica da praza xéase na gorxa da protagonista mentras cae do reló da Berenguela a cortina sonora:

> De esta actuación guardo yo un recuerdo impresionante: representaba mi papel de Ama en *La cueva de Salamanca,* y en un momento en que quedaba sola y comenzaba a hablar, comencé a oír el son de las solemnes campanadas, esperé a que terminasen de dar las horas, creo eran las 11 (23 p.m.), y seguí con mi actuación [21].

O fallo advertido polo xornal local era a transformación do accidente en acontecimento maravilloso. Cervantes, no seu ceo de tolería e delirios, identificaría o colapso co "maravilloso silencio" que entala a Don Quijote no patio da casa do Caballero del Verde Gabán. Tampouco fuxe o episodio a outro informador:

> A las once de la noche en la Quintana, bajo el escenario de las torres de la Catedral, vencidas por los reflectores eléctricos, los 27 de la Puerta Santa escuchan la voz —canción a Galicia— de García Lorca. Cervantes habla al pueblo, 6.000 ó 7.000 personas formando el silencio de la campana que aún hace estremecer a estos valientes estudiantes de la F.U.E. Yo también quise decir: ¡Por aquí ha pasado el teatro social! Pero hay algo más a pesar de eso. Hay esa gran verdad del pueblo, el pueblo formado por 6.000 ó 7.000 personas, que sienten los Entremeses cervantinos, mientras una generación decadente duerme en la indiferencia [...]. *La Barraca* es un pedazo del pueblo que se encuentra a sí mismo... [22].

---

[20] *Danza da lúa en Santiago.* Spg. 1935. Santiago.
[21] María del Carmen G. Lasgoity. Resposta a un cuestionario enviado polo autor.
[22] *El Pueblo Gallego.* Núm. 2.629. 1932. Vigo.

A farándula lorquiana e o teatro das Misiones Pedagógicas —este asume o relevo en Galicia ao ano seguinte— osixenan coa súa espontaneidade as tradicionais verdades a medias. Na noite da Quintá Federico leulle aos presentes unha desas cuartelas súas, de caligrafía afiada, que tira en dobreces do bulso. De "barracos" e misioneiros, teima, é a tarea: urxir "una escena moderna puramente popular y exclusiva de color y el aire de estas hermosas tierras". As follas de bloc foron parar a México, pero a escritura imanta aquel onte de "barracos" e misioneiros [23].

O itinerario das Rías Baixas arrinca de Santiago, con funcións en Vigo, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa do 25 ao 29 de agosto. Recúa a Compostela o día 30, toca Lugo [24] e pernocta en Ribadeo, extremo límite xeográfico de Galicia na raia de Asturias. Os coletazos do verán escuman a postal das vilas litorais talladas en pedra. Un poeta pontevedrés, lido por Lorca, alicata o azulexo:

As rúas amarelas
con preguiza de bois
levan ate o mar
quentes feixes de sol.

Na beiramar, pobo de chaqueta de pana e roupa de dril sae nas fotografías da época, os brazos en aplauso e a ollada atufada polo fogonazo do magnesio, aclamando aos estudiantes. O repertorio subsiste e interésalle ás xentes de invencible oficio agrario e mariñeiro. Ao escenario ergueito en Vigo no Parque das Cabanas suben os personaxes cervantinos presentados polo "verbo brujo" [25] de García Lorca. Dous clichés da velada —a compañía teatral e un momento da representación— aparecen en *El Pueblo Gallego* do 27 de agosto. Xesús Bal y Gay manda desde Lugo un artigo do que cabe suliñar o matiz rexeneracionista, o énfase socializante, o idealismo ético: "Después de haber visto estas 'comedias', el alcohol comienza a saber a veneno y los naipes ensucian las manos. Quien visite el pueblo pensará: por aquí ha pasado el teatro social".

---

[23] "El guiñol lo llevaba Urbano Lugrís [extraordinario pintor gallego fallecido en Vigo]. Lo había ideado Cossío, y 'se preocupó de su realización hasta que fue un hecho', advirtiéndole al misionero que 'se guardara muy mucho de que pudiera producirse en el pueblo la sensación desmoralizadora de que ha ido allá a divertirse...' ". Eleanor Krane Paucker, *Cinco años de Misiones*. "Revista de Occidente". Núms. 7-8. 1981. Madrid. No Madrid da República Lugrís frecuentaba a tertulia dos rianxeiros irmáns Dieste, tamén "misioneros"; o pintor Laxeiro dí que na tertulia dos Dieste "conocí a Federico García Lorca, que fue allí por la mano de Urbano Lugrís". *Cf.* Carlos Gurméndez, *Laxeiro*. "El País" (semanal). Núm. 376. 1984. Madrid.

[24] "El 30 pasamos por Lugo, visitando sus murallas, y llegamos con noche a Ribadeo, donde trabajamos el día 31". María del Carmen Lasgoity, cuestionario citado.

[25] Manuel Lustres Rivas, *Estudiantina...* "Faro de Vigo", 2 septiembre. No mesmo xornal, 27 de agosto, fotografía de grupo, na que se identifica a García Lorca.

No común denominador dos institucionistas e da vella moral republicana, dos que rexeitaban a etiqueta de demócratas de toda a vida por seguir fieis á redención das provincias. "Ahora —advertira Ortega y Gasset— van a embozarse todos los estúpidos en la palabra democracia". O xornalista vigués Lustres Rivas glosa o paso de *La Barraca* pola cidade que a Manuel-Antonio, estudiante de náutica recluido no cuarto dunha pensión, antoxáraselle tempo atrás "un deserto poboado de pantallas cinematográficas":

> Es en verdad extraordinario que de las cenizas que cubrían el rescoldo glorioso de la Universidad renacentista y dieciochesca en principios del siglo veinte, brotase la llama viva que hace arder en afanes de estudiar a los escolares de nuestros días [...]. El estudiante disciplinado puede realizar tanto como ese portento de *La Barraca* va mostrando a lo largo y lo ancho de España: la renovación del Teatro, mejor aún, la creación del Teatro, al ritmo de la vida nueva[26].

Lorca, que non cree na alfándega política (lémbrese o manifestado por el a Bagaría no 1936: *Diálogos de un caricaturista salvaje)*, aceita con enérxica convicción o nivel de entusiasmo acadado pola compañía. Pero tras o fracasado golpe militar do dez de agosto o enfrentamento ideolóxico-social disimula pugnacidade felina. Reforma agraria, estatuto das autonomías, revisión do artigo 26 da Constitución —a cuestión relixiosa—, queiman sobre o tapete. *La Barraca* circula por Galicia sin incidentes nin miradas cainitas —non ocurre nin ocurríu así noutros lugares de España—, e á función nocturna de Pontevedra, o 28 de agosto, asistiron mesturados co público Fernando de los Ríos, ministro de Instrucción Pública, e Rodolfo Llopis, director xeral de Enseñanza. A Lorca únicamente o exaspera que a oposición parlamentaria escandalice nas Cortes pola parca subvención do teatro estudiantil. Fora moi difícil obter o diñeiro[27].

A derradeira actuación na provincia pontevedresa deuse o día 29 en Vilagarcía de Arousa. Perante numeroso público, dí o autor do solto mandado á prensa, "pusieron en escena obras del inmortal don Miguel de Cervantes, que fueron muy aplaudidas. En los intervalos la banda municipal interpretó selectas obras" *(Faro,* 31 de agosto). Estes retallos de papel destinxido pola lexía do tempo trasladaríanlle a Federico, si algunha vez chegaron ás súas mans, o clima de convivio da Galicia republicana. Sobre o noso país, Unamuno pensaba o mesmo —ambos resultarían vítimas heroicas da creencia—

---

[26] Lustres Rivas fixa os días de actuación en As Cabanas: 25, 26 e 27. O periodista foi fusilado no verán de 1936 despois de saír, aparentemente en libertade, da illa de San Simón. Alí acodíu o director e copropietario de *Faro de Vigo*, Manuel Otero Bárcena, "inquieto por no conocer el paradero" de Lustres. *Cf.*, Evaristo A. Mosquera, *Cuatro años a bordo de una isla*. 1984. La Coruña.

[27] Luciano del Río, *García Lorca en Pontevedra*. "Diario de Pontevedra" 12 de agosto de 1973.

cando lle escribíu a dona Emilia Pardo Bazán: "Por eso me gusta Galicia, porque tiene el alma liberal".

Os "barracos" remontan a crista do país galego pola bisbarra de Ribadeo e franquean a muga de Asturias ao comezar setembro. Pancracio, Leonardo e Cristina; o Sacristán, a Ama e o Soldado; Chanfalla, Rabelín e a Chirinos, apicarada tropa dos entremeses de Cervantes, dícenlle abur ao pobo que os festexou. Na glorieta da vila luguesa de Ribadeo medran palmeiras, magnolios, xirasoles, acacias, albres de alameda e de arcén fermoseados pola brisa. *La Barraca* ergueu o seu escenario nun dos andéns, entre a casa-pazo de Raimundo Ibáñez, fundador da fábrica de Sargadelos, e o edificio modernista —férreo, porticado, rematado por cúpulas iridiscentes— da familia Moreno. Máis abaixo, inesquecible, trociscado por beirais e rúas de chapacuña que morren no peirao, o mar Cantábrico.

XOSÉ LANDEIRA YRAGO
Madrid



UN EPÍLOGO DESDE FÓRA [1]

Non pensaba facer novas precisións ou novas críticas a parte das incluidas na breve presentación deste libro; mais, pasado algún tempo, cambiei de criterio, máis que nada porque me pareceu que non era correcto pola miña parte deixar completamente inexplicado o xuicio tan negativo que me inspiraron a maioría das ideas verquidas no relato, que califiquei de *repelentes*. Tratarei, pois, de explicarme: mellor tarde que nunca.

Empezarei —e vou seguir case todo o tempo— referíndome ó Belga. Pero, primeiro de todo, quero manifestar que non comprendo moi ben que alguén poda parecer *belga ou algo polo estilo*. Comprendo mellor que alguén poda parecer inglés, ou ruso, ou mesmo flamenco. Pero o estado belga abrangue comunidades con características ben heteroxéneas, deica o ponto de que as relacións entre elas non sempre son doadas. Mais ademitamos que algunha razón haberá, e sigamos chamándolle *o Belga* ó Belga. Máis difícil é, en cambio, bautizar ó narrador-(co) protagonista do relato. Chamareille *o Narrador* sen máis, para non entreterme máis no asunto este. O bautizo non é nada inxenioso, ben o sei, pero o caso é ter un nome; porque, ó contrario do que lle pasaba a el, ó Narrador, eu non me afago nada ben sen o uso de nomes propios. Pero sigamos co Belga.

Velaquí algunhas das súas opinións: a lúa, vista de preto, é fea —sen dúbida, non todos han estar de acordo—; a historia, de preto ou de lonxe, inxustificable —nin aínda supoñendo que obedecese á lei do progreso, pois o nivel de progreso conseguido en cada caso polo devir histórico non beneficia en nada ás xeracións do pasado; para estas, polo tanto, tal progreso non existe; por eso o posible progreso da historia nunca será comparable ó que poda realizar unha persoa concreta—. Pero continuemos coas opinións do Belga: o desenrolo científico pode desembocar na máxima ridiculización do home —parece que o Belga pensaba sobre todo en certos perigos da enxeñería xenética, para usar unha denominación hoxe constantemente repetida—; as langostas, o pulpo —vivos, non cocidos e servidos nun prato— son exemplos do pouco simpáticos que poden resultar os súbditos do reino animal; hai unha inxusticia básica no feito de que unha araña non poidera evitar ser araña: é dicir, non é só que non lle pediran permiso para existir, senón que tampouco lle deron oportunidade de escoller especie, cando é claro que unhas especies o pasan mellor que outras.

Así que o universo, digamos, astronómico, a historia, a ciencia, o reino dos seres vivos (incluidos G. e tódolos demáis) non eran do seu gusto, do gusto do Belga. E cando este decía que nada de canto o rodeaba tiña razón de ser, quería dicir no fondo, paréceme, que

[1] Para o relato *Cara a Times Square*, Edit. Galaxia, 1980.

nada satisfacía o seu gusto na medida suficiente para que *merecese* ser. Polo tanto, pensaba o Belga, non existía. É dicir, seguía pensando, eu estou sufrindo un castigo, non sei por que, consistente en percibir como real un mundo falso. Ou quizais non sexa un castigo; quizais alguén estea gastándome unha broma, continuaba a especula-lo Belga. Esta era a *primeira parte* da súa *verdadeira historia.*

Eu supoño que, no tocante á broma, o Belga non ademitiría que o gracioso que lla estaba gastando fose aquel *malin génie* imaxinado polo ilustre practicante da dúbida metódica, o cal divertiríase facéndonos te-lo sentimento de que hai terra, ceo, corpos extensos, figuras, lugares, cando realmente non os hai. Quizais un xenio ou trasno fose algo incorpóreo de máis para o Belga. Máis aceptable para el como bromista podería ser, por exemplo, un ignoto hipnotizador que o tivese collido nas súas artes, sometido ininterrumpidamente ó seu influxo.

Vivía, pois, o Belga, segundo a súa propia explicación, nun estado de alucinación permanente. Pero do que nunca dubidou en absoluto é del mesmo. Negáballe realidade a todo o demáis, porque non chegaba ó grado de perfección por el requerido; pero el, polo contrario, debía considerarse perfecto; el sí que era do seu propio gusto. E cando o Belga dicía *eu,* parecía querer dicir: eu, tal como agora son, coa miña cabeza, as miñas mans, os meus pés; con tódolos meus órganos.

Pode que este aniquilamento mental do que non nos satisfai, que este solipsismo, sexa namáis outro dos *mecanismos de defensa* dos que nos falan os tratados de psicoloxía. Quizais sexa o mecanismo de defensa dun eu autoendeusado. Mesmo as inimaxinables distancias astronómicas quedan deste xeito anuladas, reducidas a falsas ideas ou impresións dun eu non disposto a ademitilas. Soamente o eu fica inconmovible. Certo que un tanto humillado, castigado ou burlado, sufrindo algo así como unha alucinación transcendental (se é que o adxetivo este ten algún asignificado); pero mesmo a victoria sobre este castigo, ou sobre a broma, depende namáis, en fin de contas, do eu omnipotente. Así que o Belga decidise non agardar por máis tempo a toma-la resolución de poñer fin ó engano aquel de que era víctima, o efecto desexado tería lugar inmediatamente. Esto era, se non me equivoco, o que el chamaba *segunda parte* da súa *verdadeira historia.* Ordearía, digo eu, algo semellante a esto: *¡Fora coas falsas aparencias!* —e as falsas aparencias fuxirían como unha bandada de paxaros espaventados, mentras que el había quedar inalterado, exactamente igual, mais agora non sometido a ningún castigo, ou a ningunha broma —ou a ningunha hipnose.

De acordo co relato do Belga, o descobrimento de que el estaba arrodeado de falsas realidades fixérao ó saír de Thornden Park, xusto cando desembocaba en Clarendon Street, aquela mañán xeada na que el se separara definitivamente de G., deixándoa, segundo el, nos brazos do Periodista Turco. Non sei se un descobremento desta categoría pode xurdir de maneira tan puntual. Paréceme difícil. Pero o que agora quero subliñar é que esta despreciativa negación do mundo en que consistía a *verdadeira historia* do Belga —ou a súa primeira parte— só pode proceder dunha persoa, non xa *fondamente desapegada,* como o propio Narrador calificou a actitude do Belga, senón, diríamos, *absolutamente desapegada;* porque ¿quén

máis desapegado que el, desertor da súa familia, do seu país e da súa xente —*aquela clase de xente,* dicía el sarcásticamente— ós vinteún anos, sen nunca ter sentido o desexo de voltar e que, por outra banda, aquela mesma mañán abandonaba a G., tamén para sempre —anque tampouco estivera nunca verdadeiramente unido a ela—?

A mesma alegoría sobre o abandono da terra natal improvisada polo Narrador coincide, no fondo, co que vou dicir agora. Con esto: tan grande disparate —falo da *verdadeira historia*— só pode ser o froito dun total desarraigamento; tan insólito desprecio da realidade é a planta que ten como raíz a falta de raíz. E ben merece o calificativo de *repelente* para os que pensamos que o único valioso, importante e interesante é, xustamente, a realidade.

A alegoría era un intento de explical-o desvairo do Belga e tamén a proposta dunha solución —a volta para o país natal. Pero, evocado polos versos de Hölderlin que o Amigo Alemán gustaba de recitar no bar The Blue Angel, e por baixo do exemplo do ciclista, latexa un ataque contra a *verdadeira historia* máis insidioso e eficaz, como o propio Narrador apunta. Ataque tardeiro, puramente mental: efectivamente, o Narrador xa non podía guindalo contra o Belga, porque había moito que o eliminara; agora ía no tren, senlleiro e por segunda vez. Mais tampouco se queixaba desta circunstancia, e penso que con razón: non só porque o Belga non lle faría caso ningún, senón tamén porque era, o ataque, francamente incompatible coa actitude asisada, de sentido común, que el, o Narrador, estivera propugnando diante do seu compañeiro. En resume, o ataque podería formularse así:

O Belga non se decataba de que un mundo digno, na súa maneira de ver, de ser verdadeiro, non sería, en absoluto, un mundo menos inxustificable, menos gratuito, menos sorprendente que o que el rexeitaba. Porque se inxustificables e gratuitos eran, por exemplo, aquela cidade mergullada en luz inútil e aquel longo tren baleiro correndo a toda velocidade na noite, o mesmo pasaría, no fondo, *con calquera outro mundo.* Para *sentilo* así o primeiro que había que facer era concentrarse plenamente no instante, astra lograr desconectalo da corrente do tempo. Entón mesmo as nubes máis familiares vólvense presencia incomprensible e asombrosa, e mesmo o propio eu convértese nun perfecto e absoluto extranxeiro para el mesmo. Esto era o que o Narrador chamaba —se non a entendín mal, claro é— a Admiración [2].

Extravagantes historias. Cando o pensamento deixa de se exercitar sobre materia concreta; cando perde o contacto coas *cousas* e se move no baleiro como especulación ociosa, enxendra monstros. O Belga parecía falar (tamén o Narrador; os seus monstros eran enxendrados, moi a pesar del, por influxo dos do Belga) de sentimentos e certidumes; pero non deixaba de teorizar, e de teorizar no baleiro; no baleiro do desarraigamento, para dicilo de novo. A un suxeito como o Belga compréndoo moi ben devaneando de noite polas rúas de Manhattan; pero aquel veloz tren con só dous pasaxeiros —eles— e aquela cidade autosuficiente, inhabitada, enteiramente deshumanizada, eran un salto cualitativo, como diría calquera pedante; eran o marco perfecto para aquel *extranxeiro sen referencia*

[2] Na edición citada chámaselle *a experiencia* (páx. 123).

a ningún país concreto, para aquel *outsider esencial;* ¿que outro mundo podía merecer?

Pero ¿quén era ou qué era o Belga? Porque eu non acabo de crer nel. Pode que me equivoque, pero non acabo de crer nel. Desde logo, non era ningún mensaxeiro semellante ó imaxinado por Thomas De Quincey, fantasía que o propio Narrador non tomou máis en serio que De Quincey a del. ¿Era quizais o compañeiro que o Narrador arelaba aquela noite? ¿Ou era unha especie de alter-ego do Narrador, moi disimulado, certamente, polo cuidado posto por este último en se diferenciar del; un alter-ego no que se condensaban, por unha beira, certas cualidades que o Narrador admiraba —por exemplo, a facilidade para a vida errante, e unha despreocupación absoluta polos medios de subsistencia— e, pola outra, manías, tendencias, *antíteses* que o Narrador ou, máis exactamente, o *ego* dominante do Narrador rexeitaba violentamente? Perdón por unha pregunta tan longa. ¿Era aquela súpeta patada que afundíu ó Belga no abismo a patada que o Narrador lles daría de boa gana, se fosen corpóreas, á *verdadeira historia* e a tódalas demáis historias adxacentes? Perdón agora por unha nova pregunta sen resposta.

Tamén dubido, polo tanto, que houbese un relato itinerante do romance do Belga con G., por moito que o Narrador asegure que é moi doado andar e falar asemade. Non é que negue o romance; pero sería, se cadra, do propio Narrador. Ademito, naturalmente, que tamén aquí podo estar equivocado. E tampouco nego, claro é, o longo paseo nocturno cara Times Square.

En todo caso, a miña incapacidade para clarificar quen era ou que era o Belga resultará máis comprensible se temos en conta que o mesmo Narrador se amosa tan incerto coma min. Debo dicir tamén que non me parece unha cuestión importante. O Narrador escribíu: *Eu só quería contarlle aquela noite en New York, xa tan lonxana, e así é como eu a lembro, e non lla podía contar máis que así, non sei ben por que* [3]. Pola miña parte, eu só quería explicar por que me parecen sinxelamente repelentes a maioría das ideas verquidas no relato; non sei se o conseguín.

CAMILO GONSAR
Vigo

[3] Párrafo non incluido na edición citada. Debería ir como remate do penúltimo párrafo do relato —capítulo 4. Hai outros erros importantes debidos ó autor.

A PROPIEDADE DA TERRA EN GALICIA: DO ANTIGO AO NOVO RÉXIME [1]

1. Sabido é que a *cuestión agraria* é un dos puntos centrais á hora de comprender os distintos procesos históricos que deron lugar ao nacimento e consolidación das sociedades capitalistas europeas contemporáneas. A terra e a súa propiedade, co seu corolario de intereses e posicionamentos sociais, preséntase aos ollos do historiador como o primeiro e imprescindible nivel de análise para a comprensión do tránsito desde unha forma de constituirse a sociedade, de base predominantemente agraria, a outra que, basada xa en distintos presupostos, terá como un dos seus obxectivos básicos a industrialización e a modernización económica. Estámonos referindo, por suposto, á complexa e difícil problemática da *transición ao capitalismo,* transición na que entran en xogo multitude de factores sociais, económicos e políticos, en función dos diversos intereses de clase e coxunturas concretas que concurren en dito proceso, que, así, non poden verse reducidos a uns "modelos" previos ideais aplicables como xeralidade para todo tipo de sociedade na que se solventa o paso, históricamente fundamental, do feudalismo ao capitalismo.

Unha vez máis, a realidade histórica mostrarase moito máis rica e fértil do que certos esquemas poden pretender facernos crer. Sen ter que remontarse moito máis lonxe, a cuestión hispana está evidenciando, a medida que avanza a investigación histórica, a variedade de situacións concretas nas cales se produxo dita transición. Aí están, como exemplos máis notorios e recentes, os casos valenciano e galego, do cal nos ocuparemos de contado. Certamente, non estamos abogando por unha disolución da transición en España en infinidade de parcelas disociadas e inconexas entre sí, pois a máxima de que as árbores non impidan ve-lo bosque continúa sendo plenamente válida, senón que, polo contrario, é na dialéctica árbores-bosque onde debe situarse o proceder metodolóxico máis axeitado para aprehender na súa totalidade a complexidade histórica.

2. Do libro de Ramón Villares que tencionamos comentar aquí moi someramente, quedándose á forza moitos aspectos importantes no tinteiro, cabe dicir, en primeiro lugar, que estamos diante da obra máis capital en canto ao estudio histórico da estructura agraria galega, e, polo tanto, da historiografía galega en xeral. E a súa importancia radica da análise integrada, de grande erudición documental e elaborado aparato metodolóxico, que efectúa non só da problemática socio-económica do Antigo Réxime galego, do modo de constituirse a sociedade tardofeudal galaica, que xa tiña notorios precedentes, senón tamén, e aquí radica a súa maior orixinalidade, acerto e innovación historiográfica, da transición de tal forma de constitu-

[1] Ramón Villares, *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936.* Madrid, Siglo XXI de España Editores, 1982, 453 páxs.

ción social a outra de novo tipo, a capitalista, da que o seu punto de inflexión ven definido pola revolución liberal-burguesa [2].

Ata o momento, en Galicia, ningún historiador se tiña plantexado, de maneira seria e profunda, a necesidade teórica e metodolóxica de analizar dita transición e de elucidar a especificidade que o caso galego presenta. Por unha parte, producíanse estudios, como os de García-Lombardero ou os de Eiras Roel e a súa fecunda escola, que trataban de analizar, cualitativa e cuantitativamente, a demografía, economía e sociedade do Antigo Réxime en Galicia en canto á súa interioridade constitutiva, pero sen interrogarse sobre o que hai alén do segundo tercio do século XIX. Por outra parte, os escasos estudios de época contemporánea estaban orientados cara a "historia política", a maioría deles de base fundamentalmente evenemencial, polo que se vían imposibilitados de dar conta de tal cuestión.

3. O fío conductor da obra do profesor Villares será a análise do SISTEMA FORAL, da súa constitución, evolución e importancia que tivo ao configurar un determinado réxime de "propiedade", e, por ende, a súa funcionalidade social nas épocas moderna e contemporánea. Así, na primeira parte do libro, a figura xurídica do foro, como "contrato" de tipo agrario de longa duración, ou, máis precisamente, do sistema foral, entendido como sistema xeral e maioritario de conformación da propiedade rural galega tardofeudal, preséntasenos como o núcleo social institucional básico en función do cal se definen as distintas clases sociais agrarias e se regulan os dereitos sobre a terra e rendas derivadas, articulando toda unha rede de relacións sociais entre as devanditas clases agrarias [3]. Se ben é certo que o foro encóntrase xa presente desde mediados do século XIII, non será ata a denominada "época clásica" (séculos XVI-XVIII) cando reuna maior sustantividade e integre un tupido entramado social de relacións agrarias, no que interveñen clero regular e campesinado, que formaban a antiga relación binaria medieval, detentedores, respectivamente, dos dominios eminente e útil, aos que agora hai que sumar unha nova clase social intermedia, cal é a fidalguía, de grande influencia na historia de Galicia.

---

[2] A obra de Villares sitúase, polos seus alcances, ao lado da historiografía española máis solvente sobre a transición, como os traballos de Antonio M. Bernal, Pedro Ruiz Torres, Bartolomé Clavero, etc...

[3] Compre dicir que, como indica o autor (p. 146), a cuestión do *réxime señorial* necesita dunha urxente investigación monográfica. Aínda que o foro, a partir dos séculos modernos, seguirá un camiño progresivamente disociado do "xurisdiccional", e os ingresos procedentes por tal concepto sexan mínimos en relación cos derivados de cesións forais, é preciso non perder de vista a súa funcionalidade xeral nun tipo de sociedade na que, por dicilo nunha fórmula fácil pero un tanto imprecisa, o *extraeconómico* xoga un papel clave á hora da extracción do plusproducto campesino, xa que, como ben ten indicado Pegerto Saavedra, "Los montes abiertos y los concejos rurales en Galicia en los siglos XVI-XVIII: aproximación a un problema", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII, 98 (1982), pp. 216-217, "o rasgo definitorio do señorío particular é o control da xusticia local por parte do señor, e, polo tanto, pode non resultar apropiado medir o peso deste réxime únicamente a través de parámetros económicos", e "o interés do mosteiro en conservar a xurisdicción é explicable: era instrumento que facilitaba enormemente o cobro das rendas...". Por eso, aínda que a institución do foro semelle ser "contractual", o seu funcionamento como parte indisociable e integrante do complexo tardofeudal impide a súa consideración como simple contrato entre iguais, nunha sociedade na que impera o *privilexio*, frente a todo *dereito* posterior.

E é precisamente neste último punto onde, quizais, resida a maior orixinalidade e innovación historiográfica da primeira parte da obra. Porque unha das preguntas que hai que formularse sobre o Antigo Réxime galego é cómo e por qué xurde e se vai implantando, no medio rural, esta nova clase social intermediaria, e, sobre todo, qué implicacións conleva a súa aparición no contexto agrario. A tales cuestións darase cumprida resposta na obra de Ramón Villares. Indo máis alá da interpretación historiográfica tradicional, cunha orixe que remonta a certas apreciacións de Montero Ríos, que situaba o nacimento da fidalguía galega no século XVIII, ofrécesenos unha completa e rigurosa análise que amosa claramente como tal clase emerxe xa desde mediados do século XVI, ao amparo de determinadas circunstancias históricas, como o absentismo da alta nobreza, a reorganización dos poderosos patrimonios eclesiásticos, ou o trasvase cara o mundo rural de capitais de orixe comercial, aparecendo consolidada un século máis tarde. A orixe "sociolóxica" da fidalguía intermediaria é certamente heteroxénea (nobreza baixa ou *escudeiros;* procedencia curial ou burocrática, como xueces e rexidores; de extracción clerical, como clérigos parroquiais ou de rango catedralicio...), mais presenta como rasgo distintivo e común o provir de profesións e actividades alonxadas do mundo rural. Mediante os máis variados mecanismos, que o autor explicita e exemplifica a fondo no caso da *Casa de Lagariños,* tales como a concesión de extensas cartas forais por parte dos mosteiros, a sustitución da titularidade foral de orixe campesina, etc., a fidalguía penetrará no mundo agrario, logrando interporse entre o clero regular, do cal é foreiro, e o campesinado, ao que cederá a terra en réxime foral, cun aumento sustancial dos canons forais.

O resultado final será, pois, a súa importante participación no reparto do excedente agrario, drenado a través da fórmula foral, xunto ao clero regular, non configurando o seu poderío económico na explotación directa da terra, senón exclusivamente na percepción de rendas [4]. Tal será a "perfección" do sistema foral á hora de articular os diversos intereses entre as clases dominantes e privilexiadas (clero e fidalguía) que este logrará unha grande estabilidade e equilibrio durante todo o Antigo Réxime. Estabilidade só amenazada a mediados da centuria dezaoitesca, coa polémica dos *despoxos,* á cal o autor dedica unhas breves pero suxestivas páxinas, que rápidamente se saldará a favor dun dos sectores dominantes implicados.

4. Pero a cuestión non queda no estudio do Antigo Réxime galego. Trátase de dar un paso máis adiante, adentrándose no século XIX, e preguntarse como incidíu en dita forma de constitución da sociedade agraria, estructurada arredor do sistema foral, a *crise* do Antigo Réxime e conseguinte *revolución burguesa,* que acontece a nivel de todo o territorio hispano, coas súas implicacións revolu-

---

[4] O estudio da fidalguía é susceptible de outras e complementarias profundizacións. É necesario plantexarse a súa análise como un xeito de totalidade, na que, alén das imprescindibles cuestións económicas, se dé cumprida conta dos diversos mecanismos de reproducción social de tal clase e da súa *impregnación* no conxunto da sociedade, tanto no Antigo Réxime como, o que é moi importante, tamén posteriormente, que transcende o ámbito rural para extenderse a todo tipo de institucións, para termos, así, unha visión máis completa da súa prevalencia, non só económica, senón, sobre todo, ideolóxica e política ao longo da historia de Galicia.

cionarias referentes á propiedade da terra, que, como se sabe, perseguían a instauración da propiedade privada, libre e plena, é dicir, a *propiedade* en sentido estricto. O caso galego é, certamente, anómalo en relación co predicable como xeralidade para o conxunto do Estado: aquí non se produce a consecución da propiedade privada e capitalista da terra, persistirá o sistema foral de tenencia da terra, basado na disociación de dominios entre os traballadores da terra e pagadores de rendas e os perceptores das mesmas.

Na segunda parte da obra analizarase a devandita cuestión e exporase a contradicción que conleva a permanencia do foro no contexto dunha realidade sustantivamente transformada pola revolución burguesa. Esta permanencia é claramente demostrable polo xeito de solventarse as tres transformacións agrarias principais: *abolición de señorios, desvinculación de morgados* e *desamortización,* que non conduciron á formación e asentamento da propiedade particular da terra. O profesor Villares evidenciará ampliamente ditos aspectos, especialmente no tocante ao proceso desamortizador, ao longo dunhas páxinas completamente imprescindibles para a comprensión da problemática agraria décimononica de Galicia.

Por non repetir tales argumentacións, quizais desvirtuándoas polas poucas liñas dedicadas, baste mencionar sobre o caso da desamortización dos bens eclesiásticos, pois os de "propios" foron prácticamente inexistentes. O que se subastará por parte do Estado liberal será a titularidade de rendas derivadas de cesións forais e non terras de libre disposición. Así, os mercadores, xeralmente burguesía comercial, disfrutarán únicamente do dereito ao cobro de ditas rendas, non se convertindo, en consecuencia, en propietarios territoriais, pasando ocupar, como perceptores de rendas, o antigo papel do clero regular agora expropiado.

Polo tanto, non se desarticula, coa revolución burguesa, a organización da terra de orixe tardofeudal[5]. A fidalguía intermediaria, a máis directamente beneficiada do sistema foral, e o campesinado, continuarán, en xeral, ocupando o mesmo lugar que en tempos do Antigo Réxime. Mais non se pode dicir que a institución foral se presente obsoleta, pois, ao contrario, aínda seguirá, de momento, sendo útil como mecanismo de extracción do excedente agrario. Só o novo sistema fiscal estatal, implantado en tal contexto agrario, actuará como distorsionador do mesmo, gravando forte e progresivamente á economía agraria, pois, como demostra Villares, o sistema impositivo triplicase entre 1845 e 1881, obrigando á comercialización da producción para facer frente ás cargas fiscais.

A existencia dunha forma de constitución da propiedade, que non obedecía aos novos moldes de réxime capitalista da terra, que ten como consecuencia máis directa a imposibilidade dun desenvolvimento e crecimento agrarios, provocando o estancamento e atraso do sector agrícola, non deixará de plantexar graves problemas de inadecuación dentro do ordenamento xurídico burgués e dunha economía xeral claramente capitalista. Consecuencia desto será o cuestionamento e posta en discusión, entre os anos 1858 e 1864, do sis-

---

[5] Son moi interesantes, a este respecto, as suxerentes páxinas de Bartolomé Clavero, "Foros y Rabassas. Los censos agrarios ante la revolución española", en *El Código y el fuero*. Madrid, Siglo XXI de España Editores, 1982, pp. 83-154.

tema foral imperante en Galicia. Un debate no que se plantexaba a necesidade de resolver tal problema de inadecuación, e no cal participaron notables xuristas, economistas e políticos (Pardo Bazán, Conde de Pallares, Castro Bolaño, Montero Ríos, etc.), dos cales o autor analiza detidamente os seus razonamentos e propostas. Punto central da polémica será o Congreso Agrícola celebrado na cidade de Santiago de Compostela o ano 1864, no que as iniciativas, ben vía reversión ou vía redención, de "modernización", esto é, de implantar a propiedade privada e plena da terra, chocaron e perderon contra o homoxéneo bloque formado polos defensores da permanencia do sistema foral, é dicir, dos intereses da fidalguía intermediaria. Anos máis tarde, durante a Primeira República, volverase plantexar a cuestión, promulgándose, en 1873, unha lei a iniciativa do republicano Paz Nóvoa sobre redención de foros, que, debido ao corto tempo en vigor, case non tivo materialización real.

5. Chegamos, así, aos albores da presente centuria cun sistema de organización da propiedade da terra prácticamente idéntico ao Antigo Réxime. Pero a partir de aquí, as cousas, certamente, comenzarán a mudar: asistirase á desaparición do sistema foral e á consecución, mediante redención, da propiedade privada por parte do detentador do dominio útil, do campesinado, que culminará á altura de 1936. Toda a terceira parte da obra de Ramón Villares está dedicada á descripción e explicación do proceso de desaparición das rendas forais. Descripción do marco legal, que ten como punto final o Decreto-Lei de 1926, e do marco real do proceso redencionista, que comenza máis atrás da devandita data. A conclusión do mesmo é a desaparición do rendista, tanto fidalguía como burguesía de intereses na terra, que sucumben a mans dun campesinado que, xa desde o Antigo Réxime, demostrou unha considerable e latente forza para imporse e manterse co dominio útil, que agora ve consolidado co directo. Un campesinado que non foi moi "ruidoso" históricamente, pero que logrou manter unha forte conexión coa terra: velahí unha das ideas-forza presente, implícita ou explícitamente, ao longo de toda a obra.

Pero este proceso de redención de rendas forais, que trouxo a formación dun, en palabras do autor, "campesino propietario parcelario", permanecendo maioritario na actualidade, hai que explicalo. E Ramón Villares farao con grande profusión de dados e argumentacións contundentes. Son varios os elementos que, concatenados, coadxuvan á explicación do fenómeno: remesas de diñeiro procedentes da, xa desde moito atrás, emigración campesina a terras transoceánicas, que, por primeira vez, se demostra estadísticamente mediante o caso concreto da Banca de Soto; a forte e constante loita agrarista do campesinado, creando multitude de asociacións agrarias, especialmente a partir dos primeiros anos do século XIX (lembremos aquí ao grande batallador Basilio Álvarez); os ingresos procedentes da comercialización do gando vacuno cara o mercado español, despois da grave crise finisecular; e as progresivas transformacións técnicas operadas na agricultura, mediante a incorporación paseniña de maquinaria e fertilizantes. Péchase, así, todo un ciclo histórico que comenzou no século XVI coa irrupción da fidalguía no campo galego e rematou, xa no século XX, coa súa desaparición de dito escenario a mans dun campesinado que, por fin, logrou facerse coa terra que durante tantos séculos só el cultivou e cuidou

amorosamente. Non é de extrañar que o actual labrego galego aínda conserve unha relación física e emocional cunha terra que forma parte de sí e que tantos sudores lle costou conseguir.

6. En definitiva, a obra de Ramón Villares presenta unha completa e acabada explicación histórica dun tema realmente transcendental na historia de Galicia, cal é a propiedade da terra e as súas implicacións sociais, económicas, institucionais e mesmo políticas. Un tema certamente complexo como para que quedara mínimamente aclarado nestas apretadas liñas, que tiveron como principal intención dar conta deste fundamental e decisivo libro.

Digamos, finalmente, que a súa importancia vai alén da "Historia". Queremos dicir que, aos galegos, nos suministra, desde a perspectiva histórica [6], argumentos explicativos para a comprensión da realidade socioeconómica actual de Galicia, tipificada por Xosé Manuel Beiras como de "atraso", nun libro xá clásico que marcou época, e, polo tanto, axuda na súa medida á súa transformación. E eso é algo que os galegos saberemos xustamente valorar e apreciar en toda a súa dimensión.

XOSÉ R. QUINTANA GARRIDO
Santiago

[6] É insoslaiable destacar aquí a maxistral tese doctoral, por desgracia aínda non publicada, de Xan Carmona, *Produción textil rural e actividades marítimo-pesqueiras na Galiza, 1750-1905*, Santiago, 1983, que, aparte de outras virtudes, xunto coa de Villares, forman as dúas obras máis importantes e transcendentais para a comprensión histórica do atraso e subdesenvolvimento galegos.

OUSÁ, OUSELLE, OUSILLE, OUSÓN: NOTAS HISTÓRICO-ETIMOLÓXICAS

O presente estudio ímolo centrar en catro topónimos lugueses, algo espallados xeográficamente, pero cecais conxuntables lingüísticamente na súa ascendencia orixinal e raíz primitiva.

San Xulián de Ousá é unha parroquia do municipio de Friol no partido xudicial de Lugo, ao NW. da capitalidade provincial. San Cosme de Ouselle é outra freguesía do partido e municipio de Becerreá ao E. da provincia, onde se atopa tamén a igrexa de San Adrao de Ousón. En cambio, Ousille está no partido de Monforte de Lemos e é unha aldea de Santiago de Gundivós (*Gondivoes* en 1317) no municipio de Sober, ao S. da provincia.

De Ousá e Ouselle temos algunha documentación antiga, que axuda a establecer a súa orixe etimolóxica; pero de Ousille e Ousón non coñezo ningún texto histórico e por eso é máis problemática calquer hipótese explicativa. Non obstante, parece verse algunha semellanza de Ouselle con Ousille, así como Ousón se parece a Ousoño/Osoño, topónimos da Coruña e de Ourense.

Nos Tumbos do Mosteiro de Sobrado dos Monxes cítase por dúas veces unha *uilla Ousat* nun documento sin data [1] e *uilla Ousaz* noutro do 26 de setembro do ano 1199 [2]. Ao ver este nome coidei que se podería referir a Ousá, topónimo lugués que está relativamente cercán a Sobrado; pero despois estimei que cadraría millor ao topónimo coruñés Vilouzás, polo que vou agora decir.

No folio 51 do Tumbo Vello da Catedral, hai un tiduo que traducido do latín di así: "Inventario das posesións da Igrexa de Lugo. Expónse neste instrumento a noticia de todas as herdades que tiveran antes os coengos por doazón e largueza dos benfeitores pero que, na época do mesmo instrumento, pasaran totalmente a maus de homes impíos por sacrílego e ambicioso esbullo". Este documento non leva data; pero parece que foi redactado hacia o ano 1133, según a opinión de varios eruditos, entre eles Cañizares, bon coñecedor da diplomática lucense [3]. Pois ben, neste documento faise mención de tres herdades que se axudan a localizar mutuamente: *In Juderos hereditatem quam dedit Petrus Gareta; in Ausain Villam quam dedit Garsia ueremudiz; in Sancta Eolalia de Penna hereditates et familias.*

Esa herdade de *Juderos* parece ser a que se chama *Iudeus* nun documento de Sobrado o 13 de novembro do ano 959, que certamente corresponde hoxe a Xueus, aldea da parroquia de Santiago de Gaioso no arciprestado de Narla, arciprestado ao que pertenece tamén Ousá

---

[1] P. Loscertales, *Los Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes (TS*, dous tomos), I, núm. 212. Madrid, 1976.
[2] *TS*, II, 454.
[3] V. Cañizares, *Colección Diplomática*, II, 454-455 (inédita).

(Ausain ou *Ausani,* no documento) e pertenecía Santalla de Pena *(Sancta Eolalia de Penna,* no doc.) deica o último arreglo de límites diocesáns no ano 1954 en que pasou ao bispado de Mondoñedo.

A fonética de *Ausani* convertíndose en Ousá non é nada anormal nin no enceto nin no remate do nome, porque, por exemplo, Cotá que é a parroquia anexa de Ousá termina na mesma forma e documéntase nos Tumbos de Sobrado no curto espacio de tempo que vai dende 1207 a 1228 como *Cotane* (4 veces), *Cotani* (4 veces), *Cotae* (2 veces), *Cotai* (2 veces) e *Cotham* (cecais *Cothani)* unha vez. Por alí está tamén Xiá, que foi antes *villa Egilani*[4]; Brá, que debe proceder do antropónimo *Berane,* atestiguado nos Tumbos de Sobrado; Castrodá *(Castrum Attani?)* e Agruñá, que puido ser unha *villa Aproniani* se se desliga do lat. *prunum* 'agruño, abruño'. Por outra parte, o diptongo inicial *au-* de *Ausani* convertido en *ou-* de Ousá vémolo en *aurum* 'ouro', *autumnu* 'outono', *ausare* en lat. vulg. (frecuentativo de *audere,* part. *ausus)* 'ousar', etc.

Agora ben, se Ousá ven de *Ausani* e se aparece unha *uilla in Ausani,* ¿qué nome é este? Certamente non podemos dubidar de que existira o antropónimo *Ausanius,* xa que Gregorio de Tours, s. VI, na súa Historia dos Francos (3, 36) cita un *Ausanius amicus meus,* nome que recolle Holder como se fose un vello céltigo[5], anque non dá ningunha explicación del. Un antropónimo así daría pé para que aquel lugar seguise levando despois o nome do seu propietario, e aquelo que primeiro fora *uilla Ausani(i)* 'vila de Ausanio' quedase máis tarde convertido en *Ausani* a secas, e perdendo o *-i* final pasase a Ousán, caese logo o *-n-* e quedase definitivamente fixado no actual Ousá.

O segundo topónimo que imos analizar é Ouselle, que tamén se adoita decir Oselle, como Ourense se dí Orense por moitos, anque as primeiras formas parecen máis lexítimas no galego enxebre.

San Cosme de Ouselle, na carretera de Becerreá a Navia de Suarna, ten unha igrexa románica, rexistrada por A. del Castillo como tal[6], pero sin aducir ningún documento histórico daquel nome.

Anque é un erro histórico e quizaves lingüístico, admítese por algúns escritores que Oselle (así o citan sempre) é a vella capitalidade da tribu astur dos zoelas, que se chamaba *Ocellum,* por máis que Plinio (19, 10) xa advertía que aquela cidade estaba cerca do mar, sendo *civitas Gallaeciae oceano propinqua*[7], cousa que non se pode decir de Ouselle. Nós deixaremos de lado esta custión, porque temos testemuños evidentes para decir que o topónimo Ouselle/Oselle non provén de *Ocellum,* nin tampouco do antropónimo *Ursellus,* como teño lido, non sei agora dónde.

O primeiro documento que coñezo é unha carta de dote feita por un tal Rodrigo Gutiérrez á súa dona Senior Aloitez o 18 de decembro

---

[4] Cf. *Grial,* 79, 1983, páx. 100.

[5] A. Holder, *Alt-celtischer Sprachschatz,* I, 298. Graz, 1961. En San Pedro de Rocas (Ourense) hai unha lápida do ano 573 na que se lé o nome *Eusani,* en xenitivo, cecais variante de *Ausani.* Tamén hai *Auxanus* no Martirol. Rom. 3 sept., bispo de Milán.

[6] Cf. *Bol. R. Acad. Gallega,* VI, 1913, páx. 223.

[7] Cf. M. Amor Meilán, *Hist. de la prov. de Lugo,* II, 65-67; *Bol. Comis. Monum. de Lugo,* III, 1949, 322; *Gran Enciclopedia Gallega,* 3, páxs. 164 e 23, páx. 170.

do ano 1037, deixándolle *in terra Nauie* varias vilas, entre elas *Auselliu*[8], que pasou a ser propiedade dos monxes de Sobrado.

Tamén os monxes de Samos, o 20 de xulio do ano 1091, recibían unhas vilas por parte de Muñino Eriz e de Guntroda Núñez. Eran estas: *In Nauia, Hibernalias media* (hoxe Invernallas), *Libri integra* (Libre), *Archaon integra* (Arcón), *Rouoretos ambos integros* (Robledo de Son e de Rao); *in Castello de frs* (Castelo de Frades) *Cella integra* (Cela de Cereixido) *cum alias que ibi ganaui; in Auselio* (Ouselle) *uilla que fuit de illo comite Domno Sarrazeno...*[9].

Os mesmos monxes de Samos tiñan a confirmación desta e doutras moitas herdades nunha bula do papa Alexandro III, o ano 1175, na que aparece *in Auseli, mediam ecclesiam cum hereditatibus suis*[10].

Tamén os monxes bernardos do convento de Santa María de Penamaior, perto de Becerreá, tiñan polo ano 1196 algunhas posesións *in castelo montis adque Valle de Auselo*[11]. Este val noméase *Val Dousele* nun documento do 20 de abril de 1255, según rexistro do coengo lucense V. Cañizares[12].

Parece, por todo esto, que o topónimo Ouselle procede do antropónimo *Auselius*, cuio xenitivo era *Auselii*, o cal determinaba ao sustantivo *uilla*, unha casa ou un lugar que era posesión daquel home. Un nome semellante sería cecais a orixe do topónimo castelán Ausejo, pero non do topónimo leonés Oseja que, según Menéndez Pidal, é irmao de *Onsella* (= oso) en Zaragoza[13].

Ao antropónimo *Auselius* non parece imposible aplicarlle o que decía Festo: *Auselii dicebantur quod nunc Aurelii*[14]. A raíz de tal identificación estaba en que, según o mesmo autor, os sabinos chamábanlle *ausum* ao *aurum* latino, nome radicado en *aus-* 'brilar', o mesmo que *aurora*, según dín os especialistas[15]. *Auselius* estaría, entón, relacionado co ouro, o mesmo que *Aurelius*, o mesmo que Ourille (topónimo ourensán, lugués e coruñés) e quizaves o mesmo que Ousille, sendo posible que este fose unha simple variante de Ouselle, como sucede con Vedelle/Bedelle (top. en Pontevedra) e Vedille/Bedille (top. en Lugo), procedentes do antrop. *Vitellius*, como Merelle en Lugo e Merille na Coruña veñen de *Mirellus*, que deu en Lugo Vilamerelle e Soutomerille.

Sin embargo, do topónimo que figura en terceiro lugar no tiduo deste estudio, teño que recoller aquí a opinión do mestre Joseph M. Piel, que non é acorde coa hipótese que acabo de propoñer:

> "OUSILLE. O nome desta aldea do mun. de Sober (Lugo) poderia ter a sua origem no gentilício latino OCELIUS, OCILIUS, a

---

[8] *TS*, I, 127.

[9] A. H. N. Clero. Lugo. Samos. Carp. 1.239, núm. 19.

[10] P. Arias, *Historia del R. Monasterio de Samos*, apénd. V. Santiago, 1950; *Archivos Leoneses*, XXII, 1968, páxs. 207 ss.

[11] J. I. Fernández de Viana, *Colec. dipl. del Monast. de Penamayor*, según cita A. Veiga Arias, *Algunas calas en los origenes del gallego*, páx. 42. Vigo, 1983.

[12] V. Cañizares, *Nomenclator medieval en docum. lucenses* (inédito).

[13] R. Menéndez Pidal, *Origenes del español*, § 41/12. Madrid, 1964.

[14] Cf. *Thesaurus Linguae Latinae*.

[15] Cf. A. Ernout et A. Meillet, *Dictionnaire étymologique de la langue latine*, s. v. aurum. París, 1951.

que se refere Schulze, p. 443, a não ser que se trate de un "signum", AUXILIUS, extraído de AUXILIUM"[16].

Finalmente o topónimo Ousón poderá proceder do antropónimo *Ausonius*, o mesmo que o coruñés Ousoño e ourensán Osoño, ou millor aínda de *Auson, -onis*, nome coñecido dende o poeta Virxilio como fillo de Ulises. *Ausones* eran os habitantes de Ausonia e, por extensión, os italiáns. Tamén en Hispania era coñecido o *Vicus Ausonensis*, hoxe Vich en Barcelona. Holder di que *Ausonius* é nome grego, pero como vello celta cita *Ausona civitas* (Vich), *Ausona vicaria* (Alzone, Aude, bisbarra de Carcasonne) e un río, nomeado no ano 631, *influvio Ausonae*[17]. Posiblemente esteñamos diante da raíz ide. **aus-* 'brilar' en todos estes nomes.

NICANDRO ARES
Lugo



[16] Joseph M. Piel, en *Homaxe a R. Otero Pedrayo*, páx. 64. Vigo, 1958. Redactado este artículo, observo que o Martyrologium Romanum, o 27 de novembro, fai mención de *Auxilius*, martirizado en Antioquía.
[17] A. Holder, *O. c.*, I, 298-299.

MEDITACIÓN SOBRE O HAIKU

En Ocidente a tese da imobilidade foi postulada por Zenón de Eleia. O seu mostrário (unha tartaruga morosa e un corredor consumado que nunca a pode alcanzar, xa que a distáncia que os afasta é infinitamente divisibel; unha flecha que non pode chegar ao albo, porque non pode haber movimento no universo) pretendia confirmar as afirmacións cuase crípticas do seu mestre Parménides. Pasadas as centúrias esa paradoxal doutrina caiu no mais patético dos esquecimentos. Foi Kafka, dentro da literatura ocidental, quen escrebeu no século XX algunhas ficcións centradas nas angustiosas imposibilidades eleáticas. Como a seguir veremos xa os xaponeses, da man de Basho, lograran un tipo de composición poética baseada na detención e na perenidade. Ese fruto perene non se contrapuña à idéia do devir, representada polo I Ching, que é un misterioso compéndio gráfico das posibilidades do fluir. Non hai contradición neste pensamento: à dilación do momento chega-se pola via do misticismo, da integración ao mundo primordial, à pedra, à água, à erva; à eterna mobilidade chega-se pola asunción do rio de Heráclito, sen posíbel pausa.

É inxusto esquecer que un filósofo oriental, Seng-Chao, tamén proclamou a imutabilidade das cousas através de párrafos tan formosos como este: "Os rios que compiten entre si para inundaren a terra non corren, o "ar errante" que sopra non se move. O sol e a lua que xiran nas suas órbitas non dan voltas". Da mesma maneira Dogen asinala que a leña non se converte en cinza e que a vida non se torna morte, como o inverno non se torna primavera. Que estraña afinidade vinculou estes pensares tan lonxíncuos no tempo e no espazo? Simplesmente é a forza da contemplación mística, é a superación dunha superfície, esa zona vedada, esa noite escura dos sentidos, ese camiño en trevas onde aniña a luz.

Esta caudalosa e prévia reflexión pode ilustrar o absurdo descoñecimento das xoias da cultura xaponesa onde sobresai, nitidamente, o haiku. O haiku é a aportación mais primordial deste pobo exemplar. Non hai nen houbo, na história das poesias, un tento mais total e satisfactório de conseguir a plasmación do eterno. O haiku é un poema de tres versos (ese arraigado número está dotado dun prestixio esotérico: tres son os deuses principais dos hindus, tres os destinos do home, tres os elementos en conflito, tres a división da vida ultraterrena, tres os períodos da vida...). O primeiro e terceiro versos deben ter cinco sílabas e o segundo sete. O seu tema é infinito, ainda que predomina a mención à pátria vexetal e às presenzas do mundo primixénio. Mais difícil é enunciar a sua eséncia. O presente artigo tentará acercar-se a ela.

En princípio esta composición poética era un epigrama xocoso, sen mais pretensións que as da gargallada. A palabra haiku provén

da mistura de haikau e hokku. A partir de Basho o haiku converteu-se en matéria impoluta, artesanal, límpida. Depois del ninguén ousou repetir aqueles exercícios frívolos e as intranscendentalidades da anterior etapa.

O haiku é a captación xenérica do instante na sua fugacidade, como un vestíxio na memória e nos sentidos. O haiku nace, pois, dunha operación de redución, é un supremo esforzo de condensación, é a paixón que se subtiliza nunha partícula de tempo indisolúbel, nunha figura veemente e simultánea que asalta ao poeta como unha revelación. A palabra abranxe o mundo; o poeta, unha visión que o resume:

A distáncia de escarcha,
somente eu no navio
posuo a lua.

Esta estrofe de Buson presentiza a soidade invernal, a soidade do mar ou do lago que nos fai lembrar aquela outra de Manuel-António nas suas vivéncias atlánticas. A posesión do poeta é a visión da lua, isto é, os seus sentidos. O haiku representa a sua sublimación ao transcreber a brevidade real depurando-a, extraindo a eternidade da imaxe que refulxe, a imaxe que fica tatuada no recordo. O poema, espazo verbal, acolle o outro espazo, o da realidade frondosa. En palabras de Riota:

Dentro do
azul da aurora
unha folla de paulónia.

O brillo que se fragmenta para o futuro, o vidro abrupto que cristaliza en diamante, o poeta plasma a natureza das cousas que lle chegan, que o convocan, que lle comunican mensaxes de eternidade. A palabra retén eses indícios que o unen co mundo e os seus agrávios. Tamén de Buson é esta estrofe que recolle un son, un son inasíbel que perdura por meio da palabra, un son con quen se une o poeta, identificando-se con el, transubstanciando-se:

Escuito a neve
rompendo nos bambus.
A noite, opaca.

Sabemos que esa noite pode ser unha noite diferente à de Novalis, o cantor da luz, mas non seria un extravio considerá-la de similar fortuna e intensidade que a noite de Juião Bolseiro, emparentada coa noite das luminárias místicas de San Juan de la Cruz.

Eis outra característica desta poesia: o poeta asume, interioriza, transfigura con impulso integral, esa realidade externa. Asin, un monxe que se perde entre névoas pode provocar o satóri xaponés, o samadhi indu, o éxtase final para quen ouve ese son:

O monxe viaxa.
Cando se esvai na bruma,
un tilintar.

O poema é de Neisetsu e soa no noso interior un ruído como de campaíña ou dunha moeda metálica cando cai, fica para sempre ese leve rumor que nos trespasa e absorve, que nos congratula coas cousas viventes.

Como podemos apreciar, trata-se de feitos insignificantes, cuase imperceptíbeis. Numerosas veces teríamos contemplado imaxes prodixiosas, recenderíamos a magnólia, ouviríamos a languescente ca-

déncia dunha fonte ou dunha chuva. É misión do poeta transcender esas vivéncias, esas evidéncias, converté-las en fruto místico, no que en realidade son, porque para el existe unha visión alén da mera aparéncia ou sensación normal, existe "algo mais", satisfacción polo presente, comuñón e ascese, integración con ese mundo que o purifica e eleva nunha celebración sen precedentes. Ese outro mundo non pode ser secreto para el. Tamén Taio o sabe:

A flor de dafne
non se oculta na noite
porque perfuma.

Quen vive no Tao, quen accede ao satóri, non o pode encobrir, porque o seu aroma, o seu tacto espiritual desborda.

Impulsor desta poesia é o budismo, desde a sua rama Zen. Sen entrarmos nun delongado discurso, podemos aproximar-nos ao Zen dicendo que é unha filosofia que renuncia à palabra:

Como unha espada que corta,
mas que non pode cortar-se a si própria.

Non pode ser dito en palabras, porén podemos indicar que o Zen é un veículo directo que busca a unión extática por meio do amor ao diminuto e frouxo, pola unión que se consuma coa Natureza, en todas e cada unha das suas partes e manifestacións. Esa suprema comuñón busca-se sen procurá-la, porque quen a procura non a obtén. Di Suija:

O branco dia
torna-se a miña alma.
Vento de outono.

Dese proceso de compenetración nace o satóri, a mais perfeita forma de identificación e santidade. Ese despertar involuntário chega no momento mais inesperado, porque é un fruto estraño ao que poucos acceden. O taoísmo e o budismo Zen confluen no anseio de prescindir, para tal empresa, das actividades onerosas da meditación ou da disciplina. O éxtase é, entón, un acto casual, non premeditado. Cantas veces alguén ollaria un debuxo no ceu sen chegar a perceber a sua secreta grandeza. Seijo manifesta como un home que camiña se detén silenciosamente diante do horizonte:

En liña recta,
mirando o infinito
logra o nirvana.

Falámos da condición universal do home. O seguinte haiku de Hioshi fai-nos lembrar con claridade a Pero Meogo, o noso xigante cantor do medioevo, coa presenza das cervas na mañá dos bosques, con água indecisa e cabelos brillantes. O suxeito da peza está elidido, debemos intuír portanto o que sucede:

Polas alcovas
diseminan candis.
Braman os cervos.

De igual modo aquel magnífico poema de Empédocles que fala do poeta que vai ser, no decurso da sua vida, árbore, rapariga ou peixe (pois cre na tese da reencarnación, como as relixións orientais); ten un maxestoso correlato nun haiku doutro xigante da poesia xaponesa, Issa:

Fun eu da tua família
na miña vida anterior
páxaro cuco?

O poeta, asombrado pola beleza da ave, pergunta se el foi da sua liñaxe, non só porque pudese ter sido, mas tamén porque finalmente, como en Plotino, todo está en todo, como sucede co home embargado pola dita.

Non está exento do haiku o mistério nen o achado feliz dunha constatación. Por exemplo, este poema, que exprime a aritmética lírica de Shiki, outro dos poetas imortais do Xapón:

Eu que me vou,
ti que ficas
son dous outonos.

Outra vez aparece o outono, estación amada polos poetas xaponeses. Alli, na sua terra celeste florecen e caducan formosísimos ramallos, con flores de toda índole. A profusión dos frutos e dos aromas, a incríbel variedade de pétalas e de cores, está presente no haiku, que é un resumo espiritual desas cousas terrestres. Otero Pedraio e outros escritores galegos tiñan unha clara noción do outono, do outono cósmico tan peculiar e intenso.

Hai auséncia, esa carícia láctea, tamén nestas ancestrais composicións; hai ollos como pombas que se afastan e tamén sangue humilde. Neste isolado haiku de Riujo fica o enigma no final, esperando unha definición, unha intuición, unha surpresa:

Lua, cereixeira...
Xa comprendo que debe
ser o terceiro.

Este poema pasa a ser un rio, unha metáfora de todo.

Sentimos pois a poesia como un éxtase. Sentimos a imaxe, páxaro finito que se disipa no verso. Cada haiku é un episódio instantáneo e plural que se petrifica nunha celeste arquitectura. Gota solsticial, mar indistinto, esta composición sobrecolle. Desde antigo ansiamos a Zenón, que a flecha, unha vez impulsada polo arco, non chegue ao seu destino, que gravite estática e por sempre, que as agullas fiquen inermes na mesma hora, para que outros as contemplen ou debuxen ou simplesmente as ignoren. A poesia, secretamente, busca o eterno. A poesia é unha forma de areia, unha pegada imborrábel. A poesia, toda poesia, debe conter tres aspectos irrenunciábeis para ser tal: beleza, sentimento e transcendentalidade. O haiku asume eses tres dons, con profusión.

Parece un paradoxo, mas a eternidade, alcanzou-na o haiku, isto é, un poema de tres versos, un diminuto poema que pode abranxer o universo através dun procedimento integral: a identificación. O poeta identifica-se co poema, o leitor con ambos, o nirvana acontece. A poesia é un proceso de prescindir (como toda a literatura), o haiku levou ao máximo termo este anelo, sacrificando a palabra vácua ou o adorno xentil, para incorporar ao poema os estados de graza que asedian gratamente ao poeta.

Para ilustrar este pensamento basten-nos tres privilexiados textos. Antes debemos falar da unión dos contrários. Os princípios antitéticos (dor/pracer, calor/frio, etc.) ven-se superados cando se integran no Tao. O haiku transporta esa tese à técnica do poema,

deste xeito o poema comeza con unha imaxe estática que logo titubeia no segundo verso, para, no terceiro, ver-se rota polo dinamismo da última imaxe. Este haiku de Tokoku exemplifica o antedito:

Alba de escarcha.
Os frutos do cinamomo
desparraman-se.

O poeta ve unha fria luz que palpita, recolle, como unha concha, ese lume orixinário. Escrebe-o logo, reducindo-o a tres versos. Emana o haiku que é unha foto, un cuadro, unha escultura.

Este procedimento usual chega a límites de captación maravillosa en boca dos poetas. Asin o luar detén-se, segundo Seishi:

Luz da lua,
conxelada no ar
onde se paira.

O haiku xa non pretende a imortalidade do instante, é a sua efectiva imortalidade, un destello na linguaxe, unha fulguración na alma. O seguinte poema é a mellor definición do haiku, fai-nos prescindir de toda palabra; é da autoria de Seira:

Está a flama
imóbil, conxelada.
Noite de escarcha.

Asin é o haiku, chama imutábel, imaxe que se santifica no verso. No poema que segue sentimos a forza primordial do haiku, a sua eséncia. Un insecto vai en voo; o poeta, nun descomunal acto de permanéncia, capta nos pequenísimos ollos do insecto unha imaxe terrestre:

Montes lonxíncuos
reflecte a pupila
da libélula.

Este priviléxio debemos-llo a Issa, a quen castigou o fado e as incleméncias do mundo.

É curioso o camiño que tivo que percorrer a poesia até chegar ao haiku. Todos tivemos de expulsar da matéria poética as supérfluas aderéncias dunha realidade banal. Todos podemos contemplar un crepúsculo e probar águas arcaicas. Mas é labor do poeta místico apreender o que hai alén da água e do crepúsculo, o que hai nel de água e de crepúsculo, pois el é ambas as cousas, e elas son el através da palabra, fráxil consagración do que desaparece. Esta tarefa foi emprendida exitosamente polos poetas xaponeses desde Basho, con melancolia, con soidade ou xúbilo. A partir dese momento en que o haiku se fai palabra e a palabra tempo e memória, o poeta ve-se eximido de escreber sobre a eternidade, o poeta é a eternidade, o barco que vai, a luz da espada, o lábio que fere, a sombra que deslumbra, o haiku que se derrama no soño ou na primavera nocturna; un siléncio de tres versos frente ao mundo.

ROMÁN RAÑA LAMA
Vigo

NOTA: Para o presente traballo utilicei a edición de António Cabezas Garcia, *Jaikus inmortales*, Hiperión, Madrid, 1983.

UN ROMANCE DE SANTIAGO DAS ILLAS FEROÉ

Como nos demáis países de Europa, o pobo escandinavo non distinguía nos cantares populares entre os de contido relixioso e pagano. Entre os moitos que se conservan nos países nórdicos parece ser que o *Romance de Santiago* foi un dos máis populares durante os últimos séculos da Edade Media. Coñécense varias versións deste romance. Unha versión danesa publicouse por primeira vez no 1732, recollida dunha antiguísima tradición oral, e editouse de novo no 1856.

Das varias versións esparexidas polos países nórdicos existe unha recollida nas illas Feroé, *Santa Jákups visa* ("Cantar de Santiago") que coincide máis ou menos coas outras versións danesas. Noustante, é máis completa e mellor conservada. A música deste romance foi publicada no 1908.

O contido xeral deste romance atópase tamén no *Speculum historiale* de Vicente de Beauvais (Libro VIII, cap. 7), na *Legenda aurea* de J. Voragine (cap. 94), así como nunha colección de léndas haxiográficas escritas en sueco no século XIII.

Na versión das illas Feroé que se traduce a seguido, fálase do "país de García" *(Garsialand)*. É de notar que se menciona varias veces ao rei do "país de García" e só unha ao "rei García". Por eso creeron algúns que 'García' é unha trasformación de 'Galicia'. Noustante, existe unha lenda alemá de Roldán e tres guerreiros seus que nas súas correrías chegan deica Astorga onde reside "o rei García de Suprarbia, casado coa princesa Urraca de Aragón". Este rei "García" aparece tamén noutras obras literarias escandinavas da Edade Media e non deixa de crear un interesante problema de crítica textual. Obsérvese tamén o verso:

"Santiago leva o seu libro na man."

En varios textos escandinavos descrébese a Santiago non só co seu bordón, escarcela e cuncha, senón tamén levando un libro. Tamén en varias imaxes e en selos de cofradías medievais danesas e suecas aparece Santiago cun libro na man, sin que se mencione en ningures de que libro se trata.

O machado mencionado no romance *(oxe* no orixinal) consiste nunha arma típica dos guerreiros escandinavos; trátase dun machado a dobre fío que servía para os combates de terra e mar e que aquí, anacrónicamente, ponse nas mans do rei galego.

Das varias versións coñecidas do *Romance de Santiago,* a das illas Feroé é a máis completa, ten maior encanto e, ademáis, coñecemos a música dela[1]:

---

[1] A música deste romance procede de Hj. Thuren, *Folkesangen paa Faeroerne.* Copenhague, 1908, páx. 138.

83. Sankti Jákup.

CCF. 140. Kvivík

♩ = 100 Omkv. 1.

Sankti Jákup tekur í vár harras hond._Við

liði man hann draga._Lovið mær at kristna Garcias land!_Við

Omkv. 2.

æru sigla teir! Tað glymur yvir allan skóg - vin!

Veleiquí unha tradución libre deste romance[2]:

ROMANCE DE SANTIAGO

Santiago prega a axuda do Señor
para que lle deixe viaxar.
"Quero cristianar o país de García."
Cando saíu, o bosque relumbraba.
"¿Cómo queres ganar aos cristianos
se non tes barco no que ir?"
"Vai á beira do mar.
Alí ollarás unha gran pedra."
Santiago leva o seu libro na man,
e alí vai, á beira do mar.
Santiago chanta unha cruz na pedra,
non tarda en navegar.
A pedra aboia no mar,
e así vai cara o país de García.
Navega a pedra con tanta maravilla
que axina cobre cincocentas millas.
Ahí está un mozo que di:
"Mira que ven unha pedra e sentado un home nela."
O rei García colle o seu machado.
Alá vai, á beira do mar.
"Oie, Santiago, a ti che falo:
¿Qué buscas ti no meu país?"
"Na miña pedra vin
a che decir que o meu Deus é mellor que o teu."
"¿Que o teu Creador é mellor que o meu?
O meu bebe a diario augamel e viño."

---

2 O texto orixinal atópase en H. C. Lyngbye, *Faeroiske Ovaeder*. Randers, 1822, páxs. 520-529.

"Entón é o meu Deus mellor que o teu,
pois o meu de auga fai viño."
"O meu de terra fai pan,
e dalle vida ao que estaba morto."
"Si fas que resucite o meu fillo,
daquela creerei no teu Deus."
"Que volva, con honor e cabelo
o que desapareceu hai quince anos."
"Que volva a min con falcón e can
o que desaparecía no fondo do mar."
"Que volva a min, con honor e cabelo
o que non coñeceu os seus mellores anos."
Santiago co seu libro dí
que non é doado facer que volva.
Santiago cálase un momento
e invoca o fondo da terra.
"Aquí tes, con honor e con cabelo
ao que desapareceu hai quince anos."
"Aquí tes, con falcón e con can
ao que desaparecía no fondo do mar."
"Aquí tes, con honor e con cabelo
ao que non coñeceu os seus mellores anos."
"Óieme, fillo, tan soave e fermoso:
¿De que che serviu o viaxe?"
"Non ten gozo noutro lugar
o que está en alleo fogar."
"A muller que odia ao seu marido
non sai do horto das serpes."
"A muller que mata ao seu fillo querido
vai cinguida dunha espada pezoñenta."
"O comerciante que amorea riquezas
berra alí como unha serpe."
"Eses homes tan ocupados e crueis
berran alí no horto das serpes."
"O mesmo correxidor co seu ancho gorro
no inferno sigue a esixir trabucos."
"Agora está o meu fillo comigo,
agora quero creer no teu Deus."
Esto fixo Santiago mentras alí estivo;
bautiza ao rei, e ao seu exército con el.

VICENTE ALMAZÁN
Canadá

O CINECLUBISMO EN GALIZA: DE ONTE PARA MAÑÁN

1. A REALIDADE ACTUAL DO CINE-CLUBISMO GALEGO

O movemento cineclubístico, como é coñecido, é unha invención francesa da década de 1920, cando se constitúen en Francia as primeiras agrupacións adicadas á proxección e o estudo crítico de películas, agrupacións animadas por escritores e intelectuais que descubrían naquelas datas a séptima arte. Moi cedo, o descubrimento cineclubístico vai pasar a España, da man de Luis Buñuel quen fundou e dirixíu en Madrid o primeiro cine-clube español, na Residencia de Estudiantes (1920-1923).

En Galiza a historia do cineclubismo galego é moito máis recente, ten a súa data de nacemento en 1954, cando se funda o C. C. Pontevedra, o máis vello dos galegos. Trinta anos de historia, de historia mal coñecida, pero de historia indispensable para coñecer o desenrolo da cultura cinematográfica no noso país. Pois foron os cineclubes os principais promotores da mesma, máis aínda en tempos en que a exhibición comercial ofrecía únicamente productos cheos de vulgaridade e a censura política facía imposible a visión de moitos filmes por canles comerciais. No ámbito dos cineclubes o cine convírtese en elemento de debate, de estudo crítico, e nel vanse forxar os espectadores receptivos e críticos do feito cinematográfico.

Pero o noso país, cun contexto cultural non normalizado, afogadas as súas señas de identidade, suxeto a unha colonización cultural paulatina, mantivo durante moito tempo un bon número de cineclubes, asociacións culturais, grupos teatrais, musicais, etc., que, con dificultades económicas, atrancos administrativos, carencia de infraestructura material e outros obstáculos, lograron que o noso panorama cultural actual non sexa un territorio culturalmente deserto e españolizado, como moitos quixeran.

Non vou facer agora a historia do desenrolo do cineclubismo galego [1], pero penso que sí debo apuntar algunhas notas significativas. E teríamos que falar, por exemplo, dos primeiros c. c. que en 1961 comenzaron a traballar en Ourense, o c. c. *Orense* e máis tarde o c. c. *Miño,* até 1964. Posteriormente, até 1971, o c. c. *AFO* da Alianza Francesa de Ourense. Traballo sobre o que asentaría posteriormente as súas bases o c. c. *Padre Feijoo,* fundado en 1970 e hoxe, con quince temporadas, aínda en funcionamento. Na súa historia, destacar únicamente que foi o principal impulsor das Xornadas de Cine de Ourense, onde o cine galego tivo a súa primeira xanela cara o exterior. Ao marxe de esto, son case 800 sesións, VIII Mostras anuais, seis edicións das xornadas, e multitude de ciclos, cursiños de formación ci-

[1] No número seis da revista "Entregas", publicado pola Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, e próximo a editarse, aparecen diversas colaboracións que enriquecen o panorama histórico do cine-clubismo galego.

nematográfica, etc... E teríamos que falar do c. c. *Carballiño,* creado en 1969, con IX Semanas de Cine no seu haber, VII ciclos de cine de humor, case 500 sesións en quince anos de traballo e a organización, no pasado mes de agosto, das Xornadas de Cine en Galicia. E na mesma provincia ourensana, unha das máis fortes a nivel cineclubístico, destacar o traballo do c. c. *Solpor* de Celanova, que dende 1974 leva traballando por levar á citada vila cine de calidade, con case duascentas sesións e once Xornadas no seu haber. En Verín o c. c. *O Cigarrón,* fundado en 1979, que, tras diversas crises, parece reiniciar firmemente a súa andadura. No Barco de Valdeorras, o c. c. *Groucho Marx,* que nace en 1980 e xa está plenamente consolidado, cunhas 160 proxeccións e dúas Semanas de Cine celebradas con gran éxito. E o c. c. *Catalexo,* na Vella Universidade Laboral de Ourense (hoxe C. E. I.) que ven funcionando dende 1979 para os alumnos e profesores deste centro.

Entre os máis novos, nacidos nos últimos anos, o c. c. *Trivia* de Póboa de Trivés, *Xuntanza* de A Veiga do Bolo, c. c. *Os Xermolos* de Viana, *O Canto do Moucho* de A Rúa, *Ziralla* de Allariz e o *Fato Cultural Os Chaos* de Amoeiro. Entre os xa desaparecidos, citar o labor de *Os Cigurros* de A Rúa, *O Beón* de Xinzo, *Abrente* de Ribadavia, *Os Choupos* de Verín e *Pía da Moura* de Entrimo.

Pontevedra é outra provincia importante a nivel cine-clubístico. Na capital da mesma temos o c. c. *Pontevedra,* o máis vello dos galegos, cun importante historial dende 1954. Máis de 800 sesións, diversas Semanas de Cine (nos anos 60 as primeiras semanas do Nuevo Cine español e do Novo Cinema portugués), multitude de ciclos de todos os autores, nacionalidades e xéneros. Importante tamén o labor do c. c. *Adega* de Vilagarcía, que dende 1976, ven organizando proxeccións (perto das catrocentas xa) e diversas mostras da imaxe, cine infantil, ciclos de cine, etc.

Na cidade viguesa, quezais polo tipo de poboación, cunha xa importante oferta de cine de todas as calidades por parte das sás comerciais, o panorama non é tan alentador. Nos últimos anos desapareceron diversos c. c. importantes, como, p. ex., o c. c. *Cíes,* c. c. *Celta,* c. c. *Luis Buñuel* e c. c. *Abertal.* Só permanece en actividade o c. c. *Vigo,* que ven organizando actividades cinematográficas en colaboración co Concello vigués. Na provincia existiron outros c. c. importantes, pero moitos deles desapareceron nos últimos anos. Seguen en actividade, polos datos que poseo, o c. c. *Marín* da mesma vila, o c. c. *Breogán* de O Grove, e funcionaron até hai pouco outras entidades en Tui, Salvaterra de Miño, Cangas e Moaña.

A Coruña foi en tempos unha cidade importante a nivel de cineclubismo. Alí funcionaron o c. c. *Aldebarán,* c. c. *Crucero Baleares* (da antiga Universidade Laboral), c. c. *Coruña* (dos dominicos) e outros. Hoxe desapareceron inexplicablemente —pois a cidade coruñesa non conta cunha oferta comercial totalmente satisfactoria, e só algunhas asociacións culturais (como o *Ateneo* da Coruña e a A. C. *Alexandre Bóveda)* cobren este valeiro, programando elas actividades cinematográficas. Na provincia desapareceron algúns c. c. *(Amador e Daniel,* das CC.OO. ferrolanas; *Lumiére,* de Mugardos; *Endesa,* de As Pontes, etc.). Creáronse outros novos, como o C. P. S. *San Valentín,* en Fene; o c. c. *Rueiro,* en Ribeira; o *Ateneo ferrolán,* etc...

Máis vellos son o c. c. *Liceo* de Noia e o c. c. *Bergantiños,* dependente do centro cultural de Carballo.

Caso aparte sería a cidade santiaguesa. Santiago, como cidade universitaria, foi dende sempre cidade de interés cinematográfico. Nela traballaron nos últimos anos do franquismo tres c. c. importantes, *ANUE, A.F.C.* e c. c. *Santiago* (de antigos alumnos do colexio La Salle). Dende 1979, que deixou de funcionar ANUE, houbo un valeiro cuberto só polos c. c. dependentes dos Colexios Maiores *(Xelmírez, Fonseca...)* e polo labor da sección de cine do Vicerrectorado de Extensión Universitaria. Dende 1982 melloraron as cousas, coa posta en marcha do c. c. *Carlos Varela Veiga,* dependente da A. C. O Galo, con dúas tempadas no seu haber e unhas cincuenta proxeccións, consolidándose xa como cine-clube no eido universitario.

Finalmente, a provincia luguesa, que conta cun número escaso de cine-clubes en funcionamento na actualidade. Citar únicamente o labor do c. c. *Valle-Inclán,* que conta cunha sección de cine-clube dende a súa creación en 1966. Ademáis das actividades cinematográficas, é promotor do Certame de Fotografía Carlos Varela Veiga, en lembranza dun dos principais impulsores do cine-clubismo lugués e galego, desgraciadamente morto en accidente hai algúns anos. Dependente da Escola de Inxeniería Técnica Agrícola, está o c. c. *Tío Marcos da Portela,* e, finalmente, na mesma capital, o grupo fotocinematográfico *Fonmiñá,* organizador dunha semana de cine na temporada estival dende 1979.

Na provincia, destacarei o traballo do c. c. *Monteforte,* creado en 1981 en Monforte, hoxe xa consolidado, con dúas Xornadas Cinematográficas en agosto de 1983 e 1984. Existiron outras iniciativas cineclubísticas, moitas veces ligadas a Asociacións Culturais, en Guitiriz, Viveiro (A. C. Sementeira), Ribadeo (Francisco Lanza), etc., pero hoxe están apagadas. En tempos máis lonxanos tamén funcionou como cine-clube o *Círculo das Artes* da capital luguesa.

Resumirei esta realidade decindo que existen hoxe no noso país de vintecinco a trinta cine-clubes en actividade, ubicados en diversas cidades, vilas e incluso pobos do mesmo. É esta unha realidade que non sería posible sen o traballo de moitos cinéfilos e cineclubistas que ao longo destes anos adicaron moitas horas a pór en marcha estas iniciativas. E sería inxusto non citar algúns nomes, nomes como Juan Lazcano Castedo, José Paz, Luis Álvarez Pousa, Arturo Lezcano, Carlos Varela Veiga, Sexismundo Bobillo, Pepe Román, Miguel A. Fernández e moitos outros sen os cales non poderíamos coñecer esta historia.

E neste camiño estamos. O ano 1984 foi tamén un ano importante. Por moitos motivos. Primeiro, pola consolidación definitiva da Federación Galega de Cine-clubes. Despois, porque foron moitos os cineclubes que encetaron o seu camiño ou asentárono, despois de pasar por momentos difíciles. Tamén pola celebración das "Xornadas de Cine en Galicia" de O Carballiño, que concentraron nesta vila —do 18 ao 24 de agosto— a boa parte dos interesados na cultura cinematográfica, de Galiza e do resto do Estado. E asimesmo pola celebración de diversas Mostras e Semanas de Cine —en moitos casos co apoio da Dirección Xeral de Cultura— como as celebradas en Monforte, Ourense, O Barco de Valdeorras, Lugo ou Vilagarcía.

2. UN EXEMPLO DE TRABALLO COOPERATIVO: A ORGANIZACIÓN DOS CICLOS DE CINE PROVINCIAIS EN OURENSE

Quixera facer referencia agora a unha experiencia de difusión cineclubística a nivel provincial, única en Galiza, e penso que única tamén no contexto cinematográfico do Estado español. Hai que decir xa que esta experiencia non sería posible sen o apoio económico de dúas institucións ourensanas —a Diputación Provincial e a Caixa de Aforros Provincial de Ourense— e gracias a elas os cine-clubes ourensanos veñen funcionando de maneira cooperativa nos últimos anos.

A experiencia comenzou co primeiro ciclo cinematográfico provincial organizado no ano 1981 por seis cine-clubes provinciais, co patrocinio da *Diputación* de Ourense, cunha aportación por parte desta institución de medio millón de pesetas. Este ciclo, que durou tres meses, levou cine de calidade —títulos de N. Ray, Zoltan Fabri, Rossellini, Pasolini, H. Hawks, Eisenstein, etc...— a vilas como O Carballiño, O Barco, Celanova, Verín, Amoeiro e a propia cidade de Ourense. A Diputación, baixo a presidencia de Victorino Núñez, apoiou económicamente o desenrolo de tres ciclos cinematográficos nos que participaron, con sesións en 35 mm. e en 16 mm., a totalidade dos cine-clubes de Ourense: Padre Feijoo e Catalexo, de Ourense; Os Chaos, de Amoeiro; Abrente, de Ribadavia; Galgar, de Francelos; Trivia, de Póboa de Trives; Solpor, de Celanova; Carballiño, de Carballiño; O Cigarrón, de Verín; O Canto do Moucho, de A Rúa; Groucho Marx, de O Barco; Xuntanza, de A Veiga do Bolo; e Ziralla, de Allariz.

Os ciclos favoreceron o feito de que varios films clásicos circulasen en circuito por varios pobos e vilas, abaratando os costos de aluguer e transporte. O cine de calidade chegou así a pontos alonxados da xeografía galega, que doutro xeito xamáis terían acceso a certas obras da séptima arte. Ademáis de despertar a afición polo cine de calidade, intentouse tamén recuperar iniciativas cineclubísticas que se perderon na provincia e potenciar o nacemento de novos cine-clubes.

Hai que decir tamén que, na organización dos ciclos, elaborouse un programa partindo do respeto pola autonomía propia de cada cine-clube, que programou en bas ás características, intereses, gostos e preferencias dos seus espectadores. Porque tamén sabemos que non é o mesmo programar para Ourense que para O Barco, Carballiño ou Amoeiro. Anque tamén é certo que hai unhas cantas películas, que polas súas calidades serven para ser proxectadas en varias localidades, e así se fixo algunhas veces.

No balance desta experiencia, hai que anotar que cada ciclo programou perto das duascentas películas —en total—, e, según cálculos organizativos, estas actividades chegarían a unhas dez mil persoas na provincia. O costo dos ciclos, contando non só coa programación das películas, senón tamén os gastos paralelos (edición dun cartel e dun boletín) pasou do millón de pesetas, aportando 800.000 a Diputación. Segundo as nosas informacións, únicamente en Zaragoza realizouse unha experiencia similar, onde un cine-clube realiza proxeccións en distintos pontos da provincia, pero no ciclo ourensano é a primeira vez que se realiza coa participación de todos os c. c. provinciais.

Outra actividade semellante foi a que patrocinou a *Caixa de Aforros Provincial*, con cargo aos fondos da súa obra cultural, no ano 1982, a CAMPAÑA DE CINE PARA A INFANCIA E A MOCIDADE, que durou de marzo a decembro dese mesmo ano. Nela participaron os c. c. ourensanos e incluso algunha asociación cultural e de veciños. Contou esta campaña cun total de cento coarenta proxeccións e a Caixa Provincial aportou un total dun millón trescentas mil pesetas para o desenrolo da mesma. O obxetivo da Campaña foi iniciar aos nenos e mozos na cultura cinematográfica, ao tempo que se canalizaba o tempo libre dos rapaces e se acostumbraban a ver cine de calidade. A Caixa aprobou recentemente a realización dunha segunda campaña de outubro a decembro deste ano (1984), xa en marcha. Finalmente, engadir tamén que na cidade de Ourense o concello aprobou diversas subvencións para poder celebrar sesións para nenos na cidade e nos barrios. Dende xaneiro do próximo ano, o c. c. Padre Feijoo de Ourense, en colaboración coa comisión de cultura do Concello desta cidade, proxectará todos os martes filmes para a xuventude.

A valoración de todas estas iniciativas non pode ser máis que positiva, dende todos os pontos de vista, pois posibilitaron diversas realidades:

— Sacar da penuria económica e mesmo da crise a moitos cinesclubes.

— Levar o cine de calidade ás distintas comarcas ourensanas.

— Apoiar decididamente o labor cultural que, moitas veces con incomprensións, veñen desenrolando nas nosas vilas e pobos, en favor da cultura cinematográfica, os cine-clubes existentes.

— Recuperar distintos cine-clubes provinciais que doutro modo morrerían ou apagarían a súa actividade.

— Sensibilizar ás nosas xentes respecto da arte máis importante do actual século.

Finalmente, é de xusticia apuntar que este traballo cooperativo non sería posible sen o labor de dous c. c. (o P. Feijoo e o c. c. Carballiño) e dúas persoas, José Paz, promotor da idea, e Miguel Angel Fernández, presidente do c. c. Carballiño, incansables ambos na organización do ciclo e responsables máximos do seu perfecto desenrolo.

3. A FEDERACIÓN GALEGA DE CINE-CLUBES

Como resultado dunha serie de postas en contacto, os cine-clubes galegos coincidiron na necesidade dunha maior coordinación e colaboración entre todos os c. c. galegos. Neste sentido celebramos unha reunión en xullo de 1983 no Carballiño, onde se acordou iniciar os trámites cara a constitución dunha Federación Galega de Cine-Clubes. Coincidíu este proceso cunha reforma da anterior "Federación de Cine-Clubs del Estado español", agora estructurada de acordo coa nova realidade administrativa-política e denominada "Confederación de Cine-Clubs del Estado español".

A iniciativa non era nova. Tras un primeiro intento tímido, xa nos anos cincuenta, en 1977 houbo un proceso federativo a nivel galego no que participaron os c. c. Pontevedra, P. Feijoo, Valle-Inclán, Carballiño, ANUE, Adega e outros, que fracasara entón a causa da situación política do momento e a realidade xurídico-legal da Fe-

deración estatal que, daquela, imposilitaba a creación dunha Federación Galega. Pero hoxe a Federación Galega xa é unha realidade, ten presentados os seus Estatutos ante o Ministerio do Interior, conta cunha Xunta Rectora elexida en xullo deste ano, presidida por Miguel Anxo Fernández[2], e onde están representados os c. c. de todas as provincias galegas e agrupa un total de vintecinco c. c. de toda Galiza, prácticamente todos os que teñen unha actividade estable. A Federación Galega está integrada, á súa vez, na Confederación estatal e está aberta á incorporación de todas as entidades cineclubísticas interesadas neste proxecto.

Aínda é moi cedo para valorar a existencia desta Federación, pero penso que os seus logros e posibilidades xa están á vista. En principio, a Federación servíu para poñernos en contacto moitos c. c. que apenas tiñamos relación directa. E, do mesmo xeito, constatar os diferentes problemas da vida de cada asociación e tentar axudar a resolvelos entre todos. Problemas que son diferentes según a peculiar inserción de cada c. c. no seu entorno. Nuns casos, problemas de falta de locais para proxectar, tendo que pagar precios abusivos polo aluguer das mesmas (até 30.000 pesetas por sesión nalgún caso). Noutros casos os c. c. contan con locais propios ou cedidos por algunha entidade. Un caso significativo é o do c. c. Carballiño, impulsor coas demáis entidades culturais desta vila, da posta en marcha dunha Casa de Cultura para O Carballiño, que tamén vai servir como local para determinadas sesións dos c. c. Había problemas tamén de infraestructura, de falta de material, de falta de apoios e subvencións, de competencia de determinadas sás comerciais —refírome, por suposto, á competencia desleal—, problemas de programación, etc... Constatar esta problemática (en sucesivas reunións, no Carballiño, no Barco de Valdeorras, en Ourense, en Vilagarcía, etc.) xa foi moi importante. O nivel de colaboración entre os diferentes c. c. é moito maior que hai dous anos, por exemplo.

Os obxetivos da Federación son, por suposto, moito máis ambiciosos, pero só o tempo e o traballo cineclubístico darán conta dos mesmos. Pero sí quero incidir nun feito significativo: hoxe o cineclubismo galego ten xa un recoñecemento claro como feito cultural. Recoñecemento por parte das institucións administrativas e de goberno; por parte dos medios de comunicación; por parte das distribuidoras de material cinematográfico, que agora saben que negocian cunha entidade seria e importante que lles pode asegurar moitos pontos de exhibición, incluso en localidades que carecen de sás comerciais. Este recoñecemento é tamén unha conquista da Federación e do traballo en común.

MARCOS VALCÁRCEL
Ourense

---

[2] Esta Xunta Rectora, elexida o 8 de xullo de 1984 nunha Asamblea de cine-clubes galegos en Vilagarcía, ten a seguinte composición: Presidente, Miguel Anxo Fernández (cine-clube Carballiño); Vicepresidente, Marcos Valcárcel (c. c. Padre Feijoo); Segredario, Sexismundo Bobillo (c. c. Padre Feijoo, Ourense); Tesoreiro, Fernando Rodríguez (c. c. Carlos Varela Veiga, Santiago); Vocais, Anxo Santomil (c. c. Groucho Marx, O Barco), Carlos Osorio (c. c. Pontevedra), Manuela López Fuentes (Ateneo Ferrolán), Xesús Vilanova (c. c. Valle-Inclán), Luis Rodríguez Taus (c. c. Adega, Vilagarcía), Xesús Vidal Ageitos (c. c. O Rueiro, Ribeira) e Xosé M.ª Rodríguez Vázquez (Os Chaos de Amoeiro).

«GUEADA» Y «GEADA» GALLEGAS, por J. L. Pensado - C. Pensado Ruiz *

De todos é coñecido o fenómeno da "geada" consistente na articulación da "g" oclusiva ou fricativa velar sonora como unha fricativa velar xorda semellante á "j" castelán.

O tratamento e estudios que nos derradeiros anos está a ter o devandito fenómeno fonético (Santamarina, Schroten, Prieto Alonso; antes, Carballo Calero, Zamora Vicente, etc.) comparten, ó menos, dúas notas: a orientación fundamentalmente sincrónica dos seus traballos e a teima de querer dotar á "geada" dunha ancestral antigüedade que desvencelle a súa orixe de toda conexión co castelán participando deste xeito do tópico diferenciador do Rexurdimento.

Neste traballo que comentamos, J. L. Pensado e Carme Pensado Ruiz abandonan os criterios, chamémoslle así, de minifundismo lingüístico e sitúan o problema nun contexto máis amplio e científico; máis amplio pola cantidade de novos datos que aportan, polo rexeitamento doutros sin esquencer o perfil sociolingüístico de orixe; e máis científico, pola profunda coherencia e respeto encol dos datos manexados.

Comenza o libro facendo unha historia dos nomes da "geada" e "gueada" onde se discurre, facendo gala dunha innegable erudición crítica, desde o nome "jajear" empregado por Sarmiento (1758), pasando polo "gegeo" de Pintos (1853), as xa "geadas" aínda que diversas de Saco y Arce (1868), Cuveiro (1876), Valladares (1884), García de Diego (1909) hastra a "gueada" de Alonso Montero sin esquecer o carácter peiorativo da voz acuñada sobre o sufixo -ada de 'asnada', 'burrada', 'animalada', etc.

No apartado dous (páxs. 15-19) demóstrase o pouco auxilio que pode prestar a grafemática e os moitos erros a que nos pode levar o emprego de exemplos anteriores ó século XVII. Moito máis fiables son os datos que aluden directamente ó fenómeno e tentan de explicalo cun léxico, é verdade non moi preciso dada a data na que escriben, común. As testemuñas de F. Benito Mosquera, Sarmiento, Bluteau, Bento Pereira, Sobreira, etc. (páxs. 19-31) evidencian que a "gueada" é anterior á "geada" e esta última non pode ser estudiada sin ter en conta a primeira (páx. 38).

No século XVII cando nace o fonema /x/ castelán e a castellanización de Galicia é máis intensa, o galego ó non dispor de fonema semellante acude ó /g/ producíndose a "gueada". A partires deste feito, prodúcese a "geada"; a conflictividade de /g/ e /x/ xurde da necesidade de pronunciar correctamente os préstamos casteláns con ese fonema. Entre un "hijo" castellano e a súa versión galega [igo] interponse esa /g/ (páx. 91).

O que nun primeiro momento era unha pronunciación de incultos pasa a ter unha revalorización nas mans dos que ven neste fenómeno unha causa diferenciadora non "co", senón "contra" o castelán. Esa especie de complexo histórico que levou á "celtomanía" diferenciadora, segué a crear pantasmas no eido da lingüística e quere negar o que, según este estudio que comen-

* «Verba», anexo 21, Universidade de Santiago, 1983.

tamos, é evidente: a orixe castelán do fenómeno. Non queda por esto menoscabado o galego porque como dí o profesor Pensado (páx. 92) os fonemas son todos iguais, non os hai bós nin malos.

Cando lemos calquera manual ó uso e vemos o tratamento que lle dá ás distintas escolas e métodos lingüísticos, temos a impresión de que lingüística histórica, estructural, fonolóxica ou transformativa son compartimentos incomunicados entre sí. O traballo de C. Pensado Ruiz demostra claramente como os estudios históricos non somente non son incompatibles senón complementarios cos fonolóxicos. Nefeuto, co título xeral de "La geada ¿un cambio natural?" dá resposta ós artigos de Santamarina e Prieto Alonso (Verba, 7, 1980) dendes unha perspectiva fonética, fonolóxica e tipolóxica, a mesma que eles empregan para concluir que a "geada" é un fenómeno natural, esperable e interno no galego que nada ten que ver co castelán. C. Pensado chega a conclusións moi diferentes, percorrendo o mesmo camiño ca eles.

En primeiro lugar —dí C. Pensado Ruiz no seu traballo— non serían excluintes cambio natural/influxo castelán.

Coinciden Santamarina, Prieto e Schroten en calificar de uvular á 'j' castelán e contrastan esta articulación cas distintas realizacións fonéticas da área da "geada", argumento que lles val para negar toda articulación co castelán. Cun oportuno repaso polo Navarro Tomás invalida C. Pensado esta argumentación.

Outro punto esgrimido por Santamarina aludindo, con criterios diferenciadores, casi celtomaníacos, á existencia de alófonos faringais no galego, traídos da man da testemuña de Gonçalves Vianna, queda tamén sin valor probatorio cando a autora do traballo demostra que G. Vianna fai referencia ó modo e non ó punto de articulación. As faringais non existen ademáis en ningunha lingua románica e son prácticamente alleas ós ouvidos europeos.

O segundo punto do traballo de C. Pensado Ruiz (páxs. 104-110) é unha lúcida crítica das limitacións do método tipolóxico de Gamkrelidze.

Fai antes de nada unha chamada de atención sobor das deduccións buscadas na xeralización e na estadística. ¿Teñen máis credibilidade os datos extraídos sobre a xeralidade das linguas ou os basados nun grupo histórico e xeográficamente relacionado? Según tomemos un ou outro criterio podemos considerar marcado ou non determinadas series fonemáticas.

Coinciden asimesmo os traballos de Schroten, Prieto e Santamarina en considerar a geada como un proceso de lenición consonántica. Para demostrar tal hipótesis sería necesario atopar casos semellantes noutras linguas, cousa que non ocurre despois dun repaso a distintos sistemas.

Para rematar, somentes dúas reflexións ó marxe tiradas ó fío da leitura do libro: coido que a pesares de ser publicado no ano 1983, a obra ha de seguir sendo nova por moitos anos polo carácter científico e firma dos seus argumentos; en segundo lugar, felicitar á cátedra de filoloxía Románica da Universidade de Salamanca por seguir alumeando, entre outras cousas, os séculos que moitos "sabios" consideraron escuros.

X. L. AXEITOS

EL «AUTO GALLEGO» EN LA HISTORIA, EN LOS TRATADISTAS Y EN LA PRÁCTICA FORENSE, *por Carlos Martínez-Barbeito* *

Resulta reconfortador o ritmo co que están a se desenvolver arestora os estudios sobre as institucións galegas, de tan rexo aboengo. Van aparecendo investigadores que se aplican a tales traballos, e elévase o nivel metodolóxico das publicacións. Non todos, xa que logo, dan no cravo, como se dí vulgarmente. Pero hai unha louvable preocupación por mellorar a calidade dos datos reunidos; por enlazalos sistemáticamente cos resultados da historia xeral; e por presentar coa dignidade debida as edicións correspondentes.

* Ediciós do Castro. Sada, 1984.

Noustante, no campo estricto das nosas institucións xurídicas, son escasas as aportacións que se poden rexistrar na hora presente. Por eso constitúe feito a destacar a publicación do libro que, co título de *El "Auto gallego" en la historia, en los tratadistas y en la práctica forense,* escribíu Carlos Martínez-Barbeito. Son vello amigo e compañeiro do autor nas aulas universitarias. Pero esta circunstancia non priva para que o meu xuicio sexa completamente inxenuo, no sentido orixinal desta palabra. En consecuencia, estimo que o volume que remata de saír do prelo, representa unha valiosa contribución ao crarexamento histórico do tema que estudia.

Martínez-Barbeito empregou, para o logro dos seus fins, unha paciencia investigadora meritoria, aínda considerando que o esforzo erudito adoita presidir esta clase de traballos. Examinou a fondo as principais fontes e a pouco abondosa bibliografía. Como el mesmo apunta, foi pasando, entrando e saíndo do campo do civil ao do procesal, sin abandoar o xeral da historia do Dereito galego. A súa prolixa búsqueda proporcionoulle datos de interés, que transcribe rigurosamente, e anota e colaciona coa requerida esixencia. Pero, ademáis, soupo dispór o seu material con maestría, evitando naufragar no proceloso pélago de noticias miudas. Non é que o autor prescinda delas, xa que fai un alarde de referencias históricas sobre a materia tratada. Porén, eso non lle fai perder a liña central na que se fixa miolarmente o seu estudio.

A obra que reseñamos ten un mérito indiscutible: o de aportar ao coñecimento de todos, feitos e textos que foron ignorados, mesmo pola maioría dos especialistas. Parte da premisa de que o "Real Auto Ordinario" ou "Auto Galego" foi unha institución civil e procesal xenuina no país; unha institución que xurdíu dunha necesidade social que puxeron de releve os xuristas, e que apreciou a potestade rexia sancionando o que o costume fora establecendo. O Auto constituíu así un dos elementos clave para probar que Galicia tivo e, en parte, aínda conserva un Dereito propio; Dereito que, axeitado á súa natureza, concorda coas vicisitudes políticas, sociais, culturais e económicas da súa historia.

O autor do libro, por outra banda, pón de releve no decurso do mesmo, os momentos que precederon ao nacimento da institución, e os estelares desta. Narra, con puntualidade, en perto de cincuenta páxinas, o proceso que arrinca do tempo dos Adiantados e Merinos Maiores, e do réxime de opresión e desorde xurídico na Baixa Edade Media. Ao se referir á necesidade sentida de instaurar un orde xurídico, analiza sumariamente os movimentos populares reivindicadores, os intentos oficiais de establecer o orde, e a creación da Real Audiencia. Todo elo ben enfiado con coidadoso estilo, e con axeitada atención aos sucesivos empalmes documentais ou á reconstrución histórica.

Non hai, certamente, prantexamentos doutrinais, propios na exposición que no volume ofrece Martínez-Barbeito. Pero sí, en troque, moitas novedades que engadir á historia e á bibliografía do noso Dereito peculiar. Sinala que o Real Auto Ordinario ou Real Provisión, chamado comúnmente Decreto ou Auto Galego, foi institución peculiar do país: anterior e posterior á erección da súa Real Audiencia no 1480. No decorrer do tempo, a despeito do réxime constitucional, alternando co absolutista, o "Auto Galego" perdurou ata 1835. Mesmamente neste ano foi cando se producíu o ocaso definitivo do famoso recurso posesorio.

A seguido de describir o marco espacial e temporal no que a institución xurdíu, e dos fundamentos e xustificacións de índole histórica do singular Auto, repasa o autor as opinións dos xurisconsultos. Apoiándose nelas chega a establecer a identidade daquel, a súa definición e o trazado da súa traxectoria. Nese particular compre advertir que Martínez-Barbeito ven ser o primeiro que deu a coñecer o título e demáis características dun libro de importancia impar na historia do privativo Dereito galego: "Pro Decreto Ordinario galleco...", de Paz de Quiñones; e o primeiro, tamén, en dar comprida noticia do seu contido. O feito é máis de destacar, porque Paz de Quiñones foi o que con maior extensión, profundidade, orixinalidade e acopio de noticias históricas encetou o estudio do Auto.

A especial atención que o autor do libro que glosamos lle adica a este tratado inicial, complétaa coa que lle consagra a Herbella de Puga. Sostén que Herbella estudiou a fondo, no século XVIII, a obra de Paz de Quiñones, e, de por parte, quen fixo un importante aporte ao coñecimento claro e ordeado do Auto Galego.

Na última parte do volume, relativa á práctica forense, reprodúcense formularios propios do procedimento; algúns recursos sustanciados da Real Audiencia; e dous Apéndices referentes ao de firma posesoria aragonesa. Complétase aínda cunha relación das fontes bibliográficas e documentais sobre a materia estudiada.

Despois de lidas, de vagar, as páxinas do libro, nos seus diferentes apartados, revélase un feito claro: a rigurosa esculca arqueolóxica efeituada por Martínez-Barbeito nos eidos pouco explorados do pasado xurídico de Galicia. E como resultado desta esculca, establece a conclusión de que existíu —e aínda existe— un Dereito galego singularizado; non só civil, sinón tamén procesal, con características moi de seu.

En definitiva, o escritor coruñés ofrece aquí, con precisión e claridade expositiva, un cadro de vida xurídica autóctona; un cadro de notorio interés para os estudiosos do noso pretérito, ou da historia dun Dereito peculiar, ou simplemente para o leitor cultivado. O conxunto da obra reúne, ao cabo, unha información sistematizada de materias asexadas por cinguida esixencia, nun campo pouco cultivado hoxe polos investigadores do país.

S. LORENZANA

HOMENAXE A MARTÍN CODAX

Xesús Alonso Montero, en colaboración cuns alumnos do Colexio Universitario de Vigo, publicou o libro *Homenaxe a Martín Codax*[1]. Xa o ano anterior con motivo da primeira conmemoración do "Día da Poesía Medieval Galega" fora homenaxeado o xograr Meendiño cunha serie de actos na illa de San Simón (lugar onde Meendiño situara a protagonista da súa cantiga), así como co libro *Homenaxe a Meendiño*[2]. Co mesmo propósito de celebrar o neste caso "II día da Poesía Medieval Galega", foi homenaxeado o trovador Martín Codax, tamén cunha serie de actos e co devandito libro.

O libro en sí consta de unha serie de apartados e subapartados: no primeiro faise unha presentación dos colaboradores e unha pequena explicación da obra. Ven despois o apartado "Para achegarnos á poesía de Martín Codax" feito por X. Alonso Montero e que está dividido en cinco partes: "Limiar", "Un tal Codax", "Varia erudición", "Unha prosopopeia e un vello contencioso literario" e "Outro asedio". Neste apartado, especie de introducción, Alonso Montero achéganos á obra de Martín Codax, que, como el mesmo dí: "Trátase de unha noveliña de amor en sete sucalcos de impreciso nivel: unha desacougante e fermosa noveliña de amor, inzada de suxerencias e aínda non ben explicada". Fálanos tamén do pouco que se coñece do enigmático poeta, aparte desta "noveliña de amor" composta de sete cantigas de amigo. Como el dí "non sabemos se escribíu outras composicións e tampouco se fixo incursións noutros xéneros poéticos". Asimesmo fala do gran interés espertado pola obra de Martín Codax en filólogos tan importantes como Roman Jakobson, quen calificou o texto de "magníficas creacións dunha época excepcional na historia da arte verbal europea"[3], Giuseppe Tavani ou o polígrafo Marcelino Menéndez y Pelayo, quen ao achegarse ás cantigas dixo: "No se acerque a él... quien no tenga el ánimo educado para sentir lo primitivo, lo rústico

[1] «Homenaxe a Martín Codax», Alonso Montero, Xesús. Colexio Universitario de Vigo. Vigo, 1983.
[2] «Homenaxe a Meendiño». Edición e notas de Xesús Alonso Montero. Colexio Universitario de Vigo. Vigo, 1982.
[3] Cito diretamente deste libro.

y lo candoroso". No subapartado "Varia erudición" podemos ver como chegou ata nós a obra de Martín Codax, dende a súa composición no século XIII hastra hoxe. Parece ser que a principios do século XVI, estes poemas, xunto con outros, caeron afortunadamente nas mans de Angelo Colocci, quen organizou a copia "dese bosque poético" hoxe denominado "Cancioneiro da Vaticana" e "Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa". En 1875, Ernesto Monaci publicou o "Cancioneiro da Vaticana" e, como dí Alonso Montero, é a partir de aquí cando "Martín Codax é coñecido no eido erudito". Un ano despois eran publicados os sete poemas nun pequeno semanario ourensano da man do vigués Vesteiro Torres. Será logo en 1914 cando Pedro Vindel, libreiro madrileño, encontre nun pergamiño "inestimable", o texto das sete cantigas, cadensúa, agás a VI, coa notación musical, sendo deste modo interpretadas, entre outros, polos grupos de Cámara de Santiago de Compostela ou o Kalenda Maya de Oslo. Dito pergamiño encóntrase nestes momentos na biblioteca Morgan de Nova Iork. Outro punto importante é o orden dos poemas codacianos, xa que o pergamiño de Vindel ven dar unha última sentencia coincidindo coas anteriores fontes. O orden das cantigas ten sido cambiado por medievalistas como Eladio Oviedo y Arce e poetas como Aquilino Iglesia Alvariño. Pola contra, Giuseppe Tavani defende o vello orden. Outro subapartado a destacar sería "Unha prosopopeia e un vello contencioso literario", no que se nos fala da edición crítica feita en 1956 e publicada en Río de Janeiro por Celso Ferreira da Cunha, publicación que foi tida en conta dende a súa aparición por tódolos críticos interesados nas cantigas. Tamén prantexa aquí o problema Martín Codax-poesía provenzal, aínda que como dí Alonso Montero, este sigue a ser un asunto sen resolver, no que os medievalistas non se poñen de acordo.

Temos logo o apartado "As sete cantigas de Martín Codax (segundo o texto crítico de Celso F. da Cunha)", e seguido deste, ven o titulado "Traducciónes" que, como el mesmo indica, comprende as traducións feitas primeiramente aos idiomas peninsulares (según o orden do libro, castelán, galego moderno, catalán, euskara) e logo a varios idiomas europeos (francés, italiano, inglés, alemán).

Ven despois "Notas e traballos inéditos 'ad hoc'" que inclúe dous ensaios ("As cantigas de Martín Codax: índice para unha lectura temático-estilística" por Arcadio López-Casanova e "Aspectos das sete cantigas de Martín Codax" por Luz Pozo Garza), un poema adicado a Martín Codax e unhas notas (en carta).

Compre suliñar o ensaio da lectura temático-estilística de Arcadio López-Casanova, quen fai un interesante estudo das cantigas con respecto ao orden de lectura das mesmas, que sería este:

I. "Eno sagrado, en Vigo" (6).
II. "Mía irmana fermosa, traydes comigo" (3).
III. "Ay deus, se sab'ora meu amigo" (4).
IV. "Ondas do mar de Vigo" (1).
V. "Ay ondas, que eu vin veer" (7).
VI. "Mandad'ei comigo" (2).
VII. "Quantas sabedes amar amigo" (5).

Pola súa banda Xesús Alonso Montero dí que o vello orden "non invalida (...) 'iluminaciónS' como a de Arcadio López Casanova".

Están logo por último o apartado "Despois de unha conversa con Xosé María Álvarez Blázquez, onde se nos fala de Vigo na época de Martín Codax e dunha posible "escola" de trovadores galegos. E rematando xa, "Apéndice: A cantiga de amigo de Raimbaut de Vaqueiras", no que se inclúe o texto provenzal e tradución ao castelán e ao galego.

Compre decir por último que a obra que temos ante nós ten pois moito interés prós amantes da Poesía Medieval Galega, e que todos esperamos xa o novo libro adicado ao próximo homenaxeado.

VIOLETA CASTRO

ANTOLOGÍA DE LA POESÍA GALLEGA CONTEMPORÁNEA, por César Antonio Molina *

A antoloxía foi sempre un xénero moi favorecido de leitores e comentaristas. E tamén moi dado á polémica, desde o momento que reflexa unha opinión, un xuicio crítico, tácito ou expreso. A tradición do xénero nas letras españolas, particularmente na súa ponla poética, demostra a resistencia vital que posee. Porén, non hai dúbida de que o feito de "estar" ou "non estar" nas páxinas dunha antoloxía, enxendra pleitesías servís ou xenreiras tremendas. As cousas nunca deixaron de ser así, e, por conseguinte, resulta inevitable afrontar o risco.

Coido que foi León Felipe quen dixo algo semellante a esto: "As antoloxías son sempre unha sorte de prestidixitación... Escamoteos e preferencias. A Historia e a Poesía fainas o vento... e as antoloxías tamén, claro está". Noustante, a que agora nos ofrece César Antonio Molina non pode decírese que se enmarque nesa visión que León Felipe amosa nas palabras devanditas.

Entendemos que, en certo xeito, antoloxía é xa sinónimo de colección. Un motivo común —no caso que nos ocupa, a unidade idiomática— agrupa a diversos autores. O criterio do antólogo orientouse aquí, pola súa vontade estética —como é natural— cara o que considerou o mellor. Trátase, xa que logo, dun inventario, do balance dunha época, do testemuño dun movimento xeneracional en etapas sucesivas. A súa compulsa permitiulle botar a áncora e medir cun golpe de vista as distancias percorridas. Non parece ser outro o propósito que guiou a selección deste inventario da poesía contemporánea galega.

No volume, César Antonio Molina presenta unha mostra dos que el estima poetas máis representativos do século actual. Tomou como punto de partida o inicio das vangardas; e máis concretamente, a publicación no ano 1928 do libro *De catro a catro*, de Manuel Antonio. Síguenlle os poemas doutros dezanove autores: Amado Carballo, Bouza Brey, Cunqueiro, Iglesia Alvariño, Carballo Calero, Seoane, Lorenzo Varela, Pimentel, Cuña Novás, Ferreiro, Novoneyra, Díaz Castro, Tovar, María Mariño, Bernardino Graña, Méndez Ferrín, López Casanova, Manuel Vilanova e Xosé Ánxel Valente.

Vinte poetas non son moitos, sin dúbida. Non tantos, cando a escolma abrangue medio século, e se refire a un país singularmente dado á poesía, como o galego. A colectánea non é, pois, exhaustiva; pero sí abondo reveladora para dar unha idea clara da puxanza poética do noso tempo no país. En edición bilingüe, e con axeitada tradución, César Antonio Molina ofrece unha panorámica da creación lírica na Galicia contemporánea. Con ela á vista, pode o discreto lector castellano —e aquí discreto non é tópico sinón requisito— decatarse da anchura e diversidade de vías por onde decorreu a poesía galega dos tempos recentes.

Non deberá ser cousa nova para ninguén, a universalidade desta poesía; porque non é do caso confundir universalismo con cantidade. Hai quen cree valorar pobos, linguas e culturas, únicamente pola súa extensión no espacio sin considerar a súa densidade, a súa profundidade no tempo e a altura do seu canto solitario. Para un humanista non debe existir cultura "pequena". Si un día unha soia lingua —única para tódolos homes— imperase no mundo, non por elo o arte que se producise —a poesía— sería necesariamente universal. Sabemos ben que se escriben moitas cousas incomprensibles e sin valor colectivo algún en calquera lingua. Pero as maiores que se dixeron, tiveron sempre o mesmo significado e o mesmo valor en tódolos idiomas. Ou hai poesía, ou nona hai. Homero tiña, en cantidade, menos público posible que Rosalía...

E xa que de Rosalía falamos, parécenos oportuno lembrar que con ela comezou a poesía galega moderna; esa poesía que, ao noso ver, se reflexa na antoloxía que reseñamos, con feliz continuidade. Léndo os poemas que

* Edición bilingüe gallego-castellana. Ediciones Júcar, Madrid-Gijón, 1984.

contén, pode decírese que, en liñas xerais, tencionan responsabilizarse de cheo ante o pasado, o presente e o futuro no seu legado espiritual e material. E pretende-no os seus autores, conscientes da importancia da lírica que cultivan, ao mesmo tempo que conscientemente maravillados do seu propio existir.

César Antonio Molina escolmou con tino, autores e poemas para a súa antoloxía. Quen escolle non pode prescindir, naturalmente, do seu propio gosto, o que non quere decir que seña o verdadeiro. Gabriela Mistral manifestou en certa ocasión: "Andiven nestes perigosos pasos de xuntar material de antoloxías, e coñezo a faena de furgadora de matugueiras, de rañadora en muros xordos e de pescadora en mar de fondo...". Esta misión cumpriuna o antólogo da nosa poesía contemporánea, con resultados certamente louvables. O libro que agora lle ofrece ao lector en castellano, constitúe unha valiosa mostra da aventura estética protagonizada polos creadores da lírica galega a través de medio século. Para introducilo no coñecimento desa lírica, puxo o autor ao frente do volume, un longo prólogo crarexador.

Neste prólogo, despois dunha comprida referencia ao manifesto vangardista "Máis alá", que serviu de revulsivo para abandoar os vellos esquemas decimonónicos, fálase do neotrovadorismo como tendencia autóctona. A seguido, do breve interregno da preguerra, da poesía do exilio, da inmediata posguerra, da chamada escola da tebra, do que o prologuista denomina outra reinterpretación da paisaxe, da poesía social ou cívica, e, ao cabo, da obra das novas xeneracións e da poesía última. Mesmamente, atendendo a esta liña cronolóxica, o antólogo artellou a súa escolma, presentándolle ao lector de fala castellana aos nosos poetas, por orde de aparición na escena literaria a través das súas publicacións.

S. L.

SOBRE UNHA NOVELA INCONCLUSA DE DALTON TRUMBO

As noticias biográficas sobre Dalton Trumbo mencionan como os seus libros principais só dous: *Johnny colleu o seu fusil* e *Additional Dialogue: Letters of Dalton Trumbo*. A eles podemos engadir a novela *A noite do Uro*. Pero resulta que Trumbo finou no 1976, e que nos lustros inmediatamente anteriores a ese ano padecera unha penosa doenza; resulta tamén que, "para ganar a vida", tivo que adicar o seu tempo a escribir guións de películas. De xeito que *A noite do Uro* quedou inconclusa; e o que neste volume se nos ofrece non son sinón dez capítulos, unha sipnose da obra, cartas do autor a editores e amigos, borradores e abondosas notas.

Non importa: eses dez capítulos abondan para poder soster sin medo a trabucarse que Trumbo puido ser —si as circunstancias da súa vida e, quezais, certo exceso de autocrítica non llo impediran— un dos meirandes narradores norteamericanos actuais.

En *Johnny* —di a viuda do escritor no "Limiar" do libro—, Trumbo esforzouse por descobrir "a dór esencial da vítima". Vinte anos despois, pasou os derradeiros da súa vida tencionando descobrir "o mal fundamental do opresor": un comandante do campo de concentración de Auschwitz. Trumbo considerou que lle compría contar a súa historia en primeira persoa, e estudiou aos seus personaxes —os seus antecedentes, a historia recente e pasada do seu país— ate a canseira. Non se identificou con el, sinón que, pola contra, rematou por lle emprestar a súa propia humanidade. Ou seña que, psicolóxicamente, desvirtuouno.

"Máis dunha vez —afirma Robert Kirsch, editor inglés do libro— comparou Dalton Trumbo a creación da súa turbada e conturbadora novela (...) cunha loita co demo". Pola súa parte, o propio escritor declarara: "O que precuro, o demo que estou a tratar de apreixar, é ese escuro anceio de poder que axexa a todos nós (...), a perversión do poder cando é absoluto".

Empeñouse en tal propósito durante case dúas décadas, e ao cabo delas só acadou rematar uns poucos capítulos; pero tan maxistralmente escritos que, si abondan para calificar ao autor, rematan por facer esvaecer a que debía ser a condición demoñaca do personaxe. Dito doutro xeito, quezais inxenuo: que esas páxinas de lampexante beleza —e que se presentan como autobiográficas—, ningunha convención literaria pode facelas aceitar como escritas por un criminal que, á súa fría ferocidade suma un fanatismo lindante coa tolemia. Máis que a este, expresan ao ser razonante, lúcido e artísticamente sensible que é en realidade o seu autor.

Noutra parte, di o mesmo Kirsch que Trumbo "quería lembrarnos" que os asesinos nazis "foron seres humanos e non super-homes nin sub-homes". Mellor sería decir que mentras andaba a preparar a súa obra, ao se documentar para ela e anovar para sí mesmo a memoria dos feitos ocurridos durante a guerra dos campos de concentracións alemáns, Trumbo abocou a extremos de arrepío; tan inconcebibles, que rematou por aceitar —para poder explicalos dalgún xeito— que o mal subxace en cada ún de nós; na mesma condición humana que permanece agachada no noso interior á espera da ocasión axeitada para se revelar. Os nazis non só tiveron esa ocasión sinón que, como se sabe, preparárona. Todo poder degrada, afírmase,

e *A noite do Uro* quixo engadir que o poder, cando é total, non é sinón o mal mesmo.

Tal o que xurde do material que no volume acompaña aos capítulos rematados; e tamén o que estes —referidos á infancia e á adolescencia do protagonista— adiantan. Ese material —proxectos e esbozos— ofrécenos, marxinalmente, outras posibilidades: nas Cartas, o contemplar o espectáculo do creador en loita coa súa creación, o proceso da escritura; a través dos resumes, a de nos enterar sobre as moitísimas variantes que o talento, cando é imaxinativo, pode concebir para un mesmo texto.—S. L.

UN CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE ROSALÍA DE CASTRO

O 15 de xulio do presente ano, día no que se conmemora o centenario do pasamento da autora de "Follas Novas", inaugurarase un "Congreso Internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo". O propósito do mesmo está encamiñado a profundizar no coñecimento e na trascendencia da obra rosaliana, mediante a concurrencia de especialistas e estudiosos procedentes de medio cento de países dos cinco continentes.

As sesións do congreso alongaranse durante unha semana. Terán lugar nas Facultades de Xeografía e Historia, e Filoloxía, da Universidade compostelana. Pero extenderanse tamén a outras cidades galegas, con actos extraordinarios na propia Casa Museo de Rosalía, en Padrón.

As propostas de intervención no Congreso faranse en forma de comunicacións, que se analizarán posteriormente por unha comisión científica, cuio cometido será o de coidar o nivel de tódalas intervencións. As ponencias aprobadas publicaranse despois, xunto coas conferencias xerais. Estas conferencias, dez en total, estarán a cargo dos principais especialistas rosalianos.

O Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago terán a responsabilidade de organización do Congreso. O proxecto deste foi presentado no Instituto da Lingua Galega polo presidente do dito Consello, Ramón Piñeiro, e polo rector universitario Carlos Pajares.

Ramón Piñeiro analizou na súa intervención o carácter universal de Rosalía, de cuia obra se ocuparon centos de especialistas de todo o mundo. Dixo, finalmente, que agardaba que o certame contribúa, ao mesmo tempo que a un merecido homenaxe, a un mellor coñecimento da obra de Rosalía.

Pola súa banda, Xosé Ramón Barreiro significou a trascendencia da autora de "Cantares Gallegos", máis alá dos límites da Literatura. Afirmou que se trataba dun fenómeno social e político que esixía a participación no Congreso, de historiadores, sociólogos e economistas, para afondar na súa figura.

A falta de perfilar algúns aspectos, o contido científico do certame, xirará arredor de dez grandes temas: "Rosalía de Castro. Biografía e bibliografía"; "As fontes literarias e folklóricas da obra de Rosalía"; "A obra poética de Rosalía"; "A obra narrativa de Rosalía"; "A lingua de Rosalía"; "A recepción da obra de Rosalía"; "Rosalía de Castro no contexto histórico do século XIX"; "Rosalía e o rexurdimento político e cultural de Galicia dos séculos XIX e XX"; e "Rosalía de Castro e a sociedade do seu tempo".

A conferencia inaugural do Congreso correrá a cargo do Prof. Ricardo Carballo Calero, presidente da Comisión organizadora por parte da Universidade.

O «MEMORIAL DE GREUGES» CUMPRE AGORA UN SÉCULO

Neste ano cumpre un século o *Memorial en defensa de los intereses morales y materiales de Cataluña*, popularmente coñecido como "Memorial de greuges". Trátase dun documento de singular interés, porque evidencia como a estrutura autonómica do Estado español era xa unha necesidade cen anos atrás.

O *Memorial* foille presentado a Alfonso XII o 10 de marzo do 1885 por unha comisión de cataláns ilustres, entre os que figuraban Almirall, Verdaguer, Soler, Guimerá... Antecedente

deste documento pode considerárese outro que, no 1760, os diputados de Zaragoza, Valencia, Barcelona e Palma de Mallorca lle dirixiron a Carlos III, solicitando a restauración da tradicional autonomía que tiveran esas terras.

O *Memorial* do 1885, ao enumerar os problemas que causaban o uniformismo e o centralismo, sinala que só hai un camiño xusto e conveniente: "Abandonar a vía da absorción e entrar de cheo na da verdadeira libertade. Deixar de aspirar á uniformidade, para precurar a armonía da igoaldade coa variedade".

A FIGURA DE LOSADA DIÉGUEZ NA HORA DO SEU CENTENARIO

O pasado ano celebrouse o centenario do nacimento de Antón Losada Diéguez, figura sobranceira na historia do galeguismo. Con tal motivo celebráronse actos conmemorativos en diversos lugares do país. Pecháronse cos organizados en terras do Carballiño, das que procedía.

Na capital da comarca carballinesa inaugurouse un monumento na súa memoria. Interviron no momento da inauguración, o director do Museo do Pobo Galego Antonio Fraguas, o fillo do homenaxeado Luis Losada Espinosa, e o alcalde da vila Arximiro Marnotes. Con posterioridade, o Director do Museo de Pontevedra Xosé Filgueira Valverde evocou a Losada Diéguez no pazo da localidade de Moldes, onde naceu. A seguido, fixo a presentación do libro *Antón Losada, vida e praxe.*

A personalidade do homenaxeado comezou a se destacar en Ourense, onde desempeñou a cátedra de Filosofía do seu Instituto. Desde esa cátedra participou activamente na vida cultural da cidade. No ano 1917 encetou as súas actividades como galeguista militante. A partir de entón exerceu unha poderosa influencia sobre moitos dos seus amigos e discípulos. Máis que por un protagonismo explícito, distinguiuse polo seu labor proselitista, a través da cátedra, da conversa e da correspondencia. Foron poucos os traballos que publicou. Pero o seu influxo orientador patentizouse no ámbito cultural e político da Galicia do seu tempo. Desde o seu ingreso nas "Irmandades da Fala" deica a hora do seu pasamento, realizou un intenso labor como home de pensamento e de acción.

O agrarismo primeiro e o galeguismo despois constituiron ideais nos que desenvolveu a súa fecunda actividade. Otero Pedrayo contou que con Losada fixo a súa primeira campaña política e electoral. Presidíu este a Asamblea nacionalista de Lugo, e sinalouse despois na de Monforte. Estaba dotado dunha singular forza suxestiva. O propio Otero advertíu que, como ninguén, sabía descobrir na política e na economía as febras e fíos vivintes, deixando as mortas. Descobríu no paisano galego, máis do que amor, o sentido total da terra como forma da súa personalidade.

Os poucos traballos que Losada Diéguez deixou escritos, veñen de se recoller agora no libro que se editou na súa memoria: os correspondentes á época agrarista (1906-1908), os da época das Irmandades da Fala (1917-1922), e os da época da revista "Nós" (1922-1929).

Participou de xeito activo en tódolos empeños político-culturais do galeguismo. Ingresou como membro do "Seminario de Estudos Galegos". Compartíu con Vicente Risco os postulados básicos da teoría do nacionalismo galego. E, en resume, traballou arreo para galeguizar os ámbitos todos da vida do país.

Co homenaxe que se lle ven de rendir, particularmente na súa comarca natal, cumpriuse unha obriga de xusticia e recoñecemento da entrega que da súa existencia fixo o destacado profesor ao futuro da Galicia natal.

PREMIO A VICENÇ FOIX, EUROPEÍSTA E CATALÁN DE PRO

O poeta catalán Josep Vicenç Foix, de noventa e un anos de edade, acaba de ser galardonado co "Premio Nacional de las Letras Españolas". Este premio recoñece —e é o primeiro en facelo— as diferentes culturas e linguas de España. Dotado con cinco millóns de pesetas, ten en conta o conxunto dunha obra literaria. Na presente ocasión adxudicóuselle a un escritor en

lingua non castellana, feito que non se producira ata agora.

J. V. Foix foi, durante unha chea de anos, o investigador, o experimentador constante e moi atento a tódalas vangardas europeas. O seu bó coñecemento delas, patentizouno nas súas espléndidas versións de poetas futuristas, dadaístas e surrealistas, en requintadas prosas líricas e en dous breves volumes da súa autoría.

Pero foi a partir do trauma da guerra civil cando Foix se impuxo como poeta de corpo enteiro, un dos maiores da lingua catalana. Os insuperables sonetos de *Sol, i de dol,* e as rigurosas composicións de *Les irreals omegues* reflexaron a singular calidade da súa creación poética.

Nun recente traballo crítico dise del: conciencia idiomática, ampla gama de ben asimilados saberes, vigor expresivo e seguro gosto. Todo ao servicio dunha intelixencia penetrante, unha curiosidade nunca saciada, unha frescura de espírito que compaxina a inmediata e sintética conceición mental sobre calquera outra incitación.

Como amosa do seu acento, reproducimos aquí a seguinte versión de *Nada morre, todo é eterno...*, que fixo o noso colaborador Xesús González Gómez:

—"Nada morre, todo é eterno—. Decían, e vos decía. Ouh pérfidos filósofos, mentores teimosos na negra mentira! Son eterno en cada minuto da danza e no intre do xogo. Escoitade, entre a penedía, as raras músicas inextinguibles. Son persa baixo Darío e macedonio baixo Alexandro. Esta noite, e todas, a mar reflexa, vivos e actuais, os séculos. Escóitovos, sofistas, pés espidos riba das brasas de Atenas. Loitei contra as túas hostes Vercingetorix; coroeime cos teus loureiros, ouh Escipión. Ergamos, perenes, as bandeiras proscritas, e cobramos con pó os corpos doceis e magnánimos. Persígname co polen dos teus ollos, ouh Elvira. Asubían dagas no levante albizo, e o meu corazón latexa con mil coros duros e fraternos."

OPINIÓNS EXPRESADAS SOBRE OS CELTAS, AQUÍ E ACOLÁ

Nun número recente de "L'Express", de París, comentouse, non sin ironía, que o homenaxe que os franceses lles rinden aos seus devanceiros galos —lembrémonos de Asterix— é puramente literario; e que á hora de atesourar arte prefiren "o opresor romano aos gálicos ancestros". O herdo celta é contemplado con indiferencia, cando non con desgairo. Así, na sáa de subastas do sonado Hotel Bruet pasaron sin pena nin gloria varios obxetos da cultura celta, que foron parar a mans de coleccionistas de Alemania, Austria e Suiza.

Noustante, na *Histoire de France, I. Les origines avant l'an mil,* unha obra dirixida por Jean Favier, que remata de saír do prelo en París, poténciase o sustrato céltico no que pousa a civilización focense, moito antes de que Julio César fixase no Rhin o límite político e militar das súas conquistas gálicas.

¿Cál é en Galicia o estado da cuestión? A literatura e o folklore fan o gasto. O profesor Ramón Villares, da Universidade de Santiago, que se ocupa asisadamente do asunto en *A Historia,* un dos buscados manuais da "Biblioteca básica da cultura galega", escribe:

"A consideración de que a poboación antiga de Galicia e, máis en concreto, a que habitaba os castros era de raza celta é unha tradición que, despois de ter sido hexemónica na literatura e na historia, remanece hoxe aínda a nivel popular."

A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO ARQUEÓLOGO DON XESÚS CARRO

Unha figura destacada na pescuda do arte galego, hoxe meioesquecida, foi a de don Xesús Carro García. O pasado ano cumpliuse o centenario do seu nacimento. Pensamos da nosa obriga lembrar, con tal motivo, un algo do labor que realizou ao longo da súa vida nos eidos da especialidade que cultivou.

Desde o ano 1927, no que ingresou como membro do "Seminario de Estudos Galegos", desenvolveu unha intensa actividade. Foi mesmamente nese ano cando se encetaron as excur-

sións de investigación científica da dita entidade a diversas comarcas galegas. A máis fecunda de todas foi, sin dúbida, a realizada na Terra de Melide, en tres etapas, durante o verán do 1929. Nela intervíu don Xesús Carro, quen, coa súa extraordinaria paciencia e coa súa afervoada adicación á arqueoloxía, fixo minuciosos estudos das igrexas. Entre elas, a antiga do Santo Espírito, a de Santa María de Melide, e a de San Antolín de Toques de subido valor artístico e histórico.

Participou despois nas seguintes, e, principalmente, na da comarca de Lalín, moi semellante e limítrofe coa anterior. Pero fóra do seu labor nesas importantes excursións de pescuda científica, o ilustre arqueólogo publicou unha chea de traballos. Un deles, o breve estudio sobre as figuras da belísima fachada das Platerías. Outro, sobre a imaxe sedente de Santiago, no altar maior da catedral. Outros, en fin, sobre as figuras de Santiago ecuestre, o Botafumeiro, A Cruz dos Farrapos, e moitos máis.

Pensionado pola Xunta de Ampliación de Estudios, viaxou a Inglaterra, Francia e Alemania. Visitou Santa Fe de Conques, San Pedro de Moissac e San Saturniño de Tolosa, no camiño da pelerinaxe xacobea; os museos de París, o Museo Británico e o de South-Kensigton de Londres. De regreso do seu percorrido, continuou en Compostela a súa actividade esculcadora. Aquí acompañou a Muir Whitehill —transcritor do Códice Calixtino—, emprestándolle consellos e axudas na súa empresa. En tal ocasión fixo un estudio das miniaturas do Códice, editado coa transcrición do texto por Whitehill e a da música polo P. Germán Prado.

Ademáis dun traballo sobre "O arte *románico no camiño de Santiago*", don Xesús Carro deu a coñecer posteriormente unha edición da "Crónica de Iria", un volume relativo á "Pelerinaxe ao Xacobe de Galicia", e abondosas colaboracións en xornais e revistas especializadas.

En definitiva, o home do que estamos a falar, distinguiuse pola súa teimosía no traballo, polo rigor de método, pola morosa observación, e tamén polo afán de ofrecer pormenores sobre importantes aspectos do arte galego antigo. Non foi escritor que se significase polo seu estilo literario; pero sí escritor de saber concienzudo no campo arqueolóxico, e dono dun bó coñecimento da nosa historia artística medieval.

Por todo o dito consideramos obrigado evocar hoxe a súa figura e a súa obra nestas páxinas, ao se cumprir os cen anos do seu nacimento.

NOTAS

FINOU EN París Pierre Emmanuel, unha das personalidades máis sobranceiras da literatura francesa. García Sabell, que publicou nesta revista un interesante traballo sobre a obra do poeta, do que era amigo persoal, declarou ao coñecer o seu pasamento: "Foi un dos grandes poetas do noso tempo. Un home cheo de inquietudes de tipo filosófico e relixioso; e, por riba de todo, un home honesto, moi vital e cun sentido profundo da amistade".

O PROFESOR de Lingua e Literatura Española en Brest, J. José Fernández, realizou a súa tese doutoral sobre Álvaro Cunqueiro. Consta de tres partes: presentación da personalidade e biografía do escritor mindoniense. Tradución ao francés de *As Crónicas do Sochantre*. E comentario e notas da obra. Na parte introdutoria ocúpase do universo máxico cunqueirano. Trata despois das posibles fontes bretonas-francesas, castellanas e galegas, reflexadas no libro traducido. O último capítulo da tese tidúase "Unha voz orixinal no concerto literario español".

NA CIDADE brasileira de São Paulo celebrouse a octava Bienal Internacional do Livro. Esta importante feira contou coa presencia de cento cuarenta e cinco editoras estranxeiras, e máis de medio milleiro de empresas brasileiras. Paralelamente á exposición de libros, realizáronse varias actividades de tipo cultural: principalmente simposios, encontros e debates sobre

temas relacionados coa literatura, o labor editorial e os problemas culturais en xeral.

MONDOÑEDO CONMEMOROU con diversos actos o segundo centenario do nacemento do compositor musical Pacheco, figura destacada do arte en Galicia no pasado século. Despois dun concerto homenaxe á súa memoria, tivo lugar unha mesa redonda sobre a vida e a obra do compositor. Na catedral celebrouse, posteriormente, un concerto de música clásica. Os actos conmemorativos remataron cunha ofrenda floral sobre a súa campa, a interpretación dunha das súas obras máis destacadas polo Orfeón mindoniense, e un festival folklórico a cargo do grupo "Vallibria".

REFERÍNDOSE Á estada en Galicia de Ernest Hemingway, comunícanos o escritor Domingo Quiroga que no semanario "Toronto Star Weekly" publicouse un artículo co tiduo "Tune Fishing in Spain", datado o 16 de febreiro de 1922 en Vigo. Noutro artigo, do 17 de novembro do 1923, aparecido no mesmo semanario, co epígrafe "Trout Fishing in Europa", dise o seguinte: "The real trout fishing of Europa is in Spain, Germany and Switzerland. Spain has probably the best fishing of all in Galicia. But the Germans and the Swiss areright behind". O noso comunicante engade aínda que nunha revista de lingua inglesa, que lle facilitou ao bibliotecario da Academia Galega, contéñense referencias da relación do novelista con Galicia.

OS CUADERNOS da Escola Dramática Galega que, con tanto entusiasmo, dirixe Francisco Pillado Mayor e coordina Manuel Lourenzo, prosiguen o seu intenso labor. As entregas máis recentes publican: "Historias para seren contadas", de Osvaldo Dragún; a peza escénica "O muiño baleiro", de Carme López Taboada; "O premexentes non pode cos paxaros rebezos (ou memorias dun escribano)", de María Campos Domínguez; e un interesante estudio de Luis Francisco Rebello sobre "O teatro portugués actual".

VEN DE aparecer unha nova edición de *Fontamara,* de Ignazio Silone. Como é sabido, os feitos ocurren nunha pequena e paupérrima aldea do sur de Italia. Os sucedos desencadéanse pola supresión da luz, cando os campesiños —que non teñen diñeiro— non pagan as facturas. Este non é máis que o prólogo das desgracias que lle agardaban á aldea. A resistencia antifascista fai súa a causa de Fontamara. Pero tal feito non lles aforra aos campesiños o sofrimento derivado da súa actitude. Noustante, no curso da desigoal loita, os campesiños descobren —o mesmo que tódolos campesiños pobres da terra— que tamén eles teñen dereito á esperanza.

CLAUSURARONSE EN Carballiño as "Xornadas de cine en Galicia", coa proxección en estreno do vídeo *Os gozos e as sombras.* Marino Dónega falou do sistema que empregou para dobrar ao galego este primeiro capítulo da obra de Torrente Ballester, valéndose dunha linguaxe popular e emprestándolle principal atención á sintaxe. O director do dobraxe, Xoan Guisán, sinalou que a duración do mesmo fora dunhas setenta e dúas horas. Apuntou, asimesmo, as limitacións técnicas que actualmente sofren, e o feito de non poder traducir os títulos de creto por falla de tempo.

NO ANFITEATRO da Facultade de Letras da Universidade Clásica de Lisboa, realizouse un encontro de Jorge Luis Borges con estudiantes e intelectuais. Borges, que nun dos seus poemas saúda aos seus maiores portugueses, manifestou o desexo de visitar Moncorvo nunha prósima viaxe. Tal desexo obedece ao feito de que en Moncorvo nacera o bisabó do escritor, Francisco Borges, quen como mariñeiro, emigrou á Arxentina a comezos do século pasado. O primeiro ministro portugués, en nome do Presidente da República, condecorou a Borges co colar da Orden de Santiago da Espada.

O MUSEO do Pobo Galego ven de convocar o III Premio de Etnografía "Vicente Risco", que versará sobre o tema "Crencias e prácticas relixiosas", dotado con 200.000 pesetas. Pola súa parte, os concellos da comarca de Carballiño e a Diputación de Ourense, acordaron a creación do premio "Antón Losada Diéguez", de frecuencia anual. Adxudicaráselle ao mellor traballo sobre calquera aspecto de Gali-

cia, e o seu importe será de un millón de pesetas.

NUN ACTO celebrado en Barcelona recibiron a "Creu de Sant Jordi", os escritores galegos Ramón Piñeiro e Basilio Losada. Trátase da máxima distinción que concede a "Generalitat" de Cataluña. Nesta ocasión foron Piñeiro e Losada os únicos non cataláns que recibiron a condecoración, entregada nunha solemne ceremonia presidida por Jordi Pujol. Na súa intervención glosou a relevancia do codirector de "Grial". Entre as personalidades distinguidas figuraron María del Mar Bonet, Jordi Carbonell, Ferrater i Mora, Teresa Pamies, Joan Pelegrí, Mari Sampere, Antonio Moragas e outros.

O PROFESOR Rodrigues Lapa foi homenaxeado pola Cámara Municipal de Anadia, terra da súa naturalidade e onde reside. Presidíu a sesión solene o primeiro ministro portugués Mario Soares. Na súa intervención, acentuou, sobre todo, a súa condición de "cidadán e discípulo" do homenaxeado. Falaron tamén o ministro de Educación e o Prof. Costa Ramalho. Pola noite celebrouse un sarau con música e teatro. Abriuno o Prof. António José Saraiva, cunha introdución sobre a vida e a obra de Rodrigues Lapa, que agora conta oitenta e sete anos de edade.

MONTADA POLO Seminario de Sargadelos, fíxose no Museo "Carlos Maside" unha exposición gráfico-bibliográfica e documental arredor da vida e da obra de Castelao. Posteriormente, instalouse a mesma exposición no Palau Moja de Barcelona. No acto inaugural participaron o "conseller" de Cultura de Cataluña, Joan Rigol, Ramón Piñeiro, Ramón Martínez López e Valentín Paz Andrade. Todos eles destacaron nos seus parlamentos o significado da figura de Castelao no proceso de recuperación de Galicia como nacionalidade. Paralelamente á exposición no Palau Moja, a Galería Sargadelos de Barcelona presentou os figurins e decorados que Luis Seoane realizou para a obra teatral de Ricardo Salvat, "Castelao e a súa época".

O GRUPO Galego de Aarau, en Suiza, celebrou unha exposición-venda do libro galego e un concurso cultural naquela localidade. No acto inaugural pronunciou unha documentada conferencia sobre "A cantiga popular en Galicia", o catedrático de Literatura en Zurich, Domingo Blanco Pérez. Pasou revista ás colecciónes de cantigas principais que apareceron nos diversos países a partir dos primeiros románticos, con especial referencia ás do noso país. Rematou facendo unha reflexión sobre a decadencia actual da cantiga; decadencia que achacou, entre outras causas, á crecente desruralización, á falta de profesionalización do cantador de cantigas, e á competencia da canción funcional (bailable).

O COLEXIO Oficial de Arquitectos de Galicia organizou nas saas do Museo do Pobo Galego, unha interesante exposición sobre a arquitectura coruñesa recollida no *Catálogo* de Xosé Luis Martínez e Xan X. Casabella, que se refire ao período entre 1890 e 1940. A entidade organizadora pretende, a través da mostra e do catálogo, achegar ás xentes aos temas arquitecturais e urbanísticos do país; e á toma de conciencia de que o legado constructivo das xeneracións máis próximas, é tamén un patrimonio cultural que compre protexer e conservar.

PUBLICACIÓNS RECIBIDAS

DESARROLLO URBANO Y CRISIS SOCIAL EN FERROL, por *Enrique Clemente Cubillas*.

Editado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, ven de aparecer esta obra de acusado interés. Despois dunha axustada Introdución, o autor desenvolve o seu estudio a través de catro capítulos. Ocúpase no primeiro da situación xeográfica do Ferrol na rede urbana de Galicia. Trata despois do nacimento da cidade no século XVIII. A seguido, da evolución da poboación e as características demográficas durante os séculos XIX e XX. Finalmente, analiza o crecimento espacial contemporáneo. O traballo, realizado con rigor e avalorado con gráficas e fotografías, remata cunha ilustrativa Conclusión sobre Crisis urbana e conflito social.

AGUREOK MAITEMINDU BEAR EZ, *Antzerti. Urria, 1984.*

Co presente título acaba de se publicar, en edición bilingüe, un volume co texto da obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*. A versión á lingua vasca foi feita por don Antonio M. Labaienek Itzulia. O libro está precedido dun limiar do propio tradutor titulado "Galizia eta Euskal Herria".

LINGUISTICS. University of California.

Na serie de publicacións especializadas que co epígrafe xenérico de "Linguistics" ven editando a Universidade californiana, figuran tres volumes de recente aparición. Velahí os seus temas e autores: *Yuki Vocabulary*, por Jesse O. Sawyer e Alice Schlicter; *Plains Miwok Dictionary*, por Catherine A. Callaghan; e *The function of word order in turkish grammar*, por Eser Emine Erguvanli.

ENCRUCILLADA. Novembro-decembro 1984.

Este novo número encétase cun ensaio de Andrés Torres Queiruga sobre "Vicente Risco entre a ortodoxia e o galeguismo", no que tenta unha profundización nos aspectos biográfico, cultural e político do escritor ourensán. Na serie de estudios inclúense outros dous, de Xosé Chao Rego e Manuel Regueiro Tenreiro. Na de aportacións inxirense textos de García Cendán, Rico Verea, Liñares Giraut e M.ª do Pilar Campo. Sobre "Pais e mestres" publica unha entrevista María Luisa Brei. O número complétase coas seccións habituais de "Documentos" e "Crónicas", e cunha dramatización paralitúrxica de Manolo Regal.

PORTHANIANUM CLASSICAL SCHOLARSHIP, por *Iiro Kajanto. Helsinki, 1984.*

Despois dun breve prefacio, o tema da obra desenvólvese en oito capítulos, correspondentes aos seguintes epígrafes: "Introduction", "Corpus Porthanianum", "Classical Scholarship", "Porthan and the latin languaje", "Teacher of rhetoric", "Poetry and poetics", "New trends in classical scholarship", e "Conclusion".

BROTÉRIA. Lisboa, dezembro 1984.

Abrese o número desta revista lisboeta de cultura e información, cun estudio de Hervé Carrier sobre "Futuro e função da Universidade". Entre os demais ensaios que figuran no sumario, son de sinalar o que Elze Vonk Matias escribe sobre "Modernidade do *Auto da Alma* de Gil Vicente", e o de António Lopes relativo a "*A vitima expiatoria* em René Girard".

COLÓQUIO. LETRAS. Lisboa, novembro de 1984.

Inclúe cinco ensaios referentes a diversos temas, de Casimiro de Brito, Ofelia Paiva Monteiro, Silvina Rodrigues Lopes, Giovanni Pontiero e Laura F. Bulger. No apartado de "Documentos", José Carlos González presenta un "Prefácio inédito de Raul Proença". No de "Ficção" publícase "Uma desgraça" de João de Araujo Correia. Colaboran seis poetas con diversas composicións. Recolle tamén o número varias Notas e Comentários, Cartas do Brasil e de España, e as acostumadas recensións críticas.

REVISTA DE LETRAS. São Paulo, 1983.

No interesante Sumario figuran diversos temas xenéricos, nos que colaboran varios especialistas: "Contos sobre contos e processos de contar", "Mário de Andrade e os contemporáneos: no inicio da década de vinte", "Fogo morto: unha narrativa scénica", "A posse do discurso em São Bernar-

do", "O feijão e a publicidade", "Orlanda Amarilis", "A ambiguidade do fantástico em literatura", "Introdução ao estudo dos géneros literários", e "O humanismo poético: Dante Alighieri". Sobre todos estes temas escriben, desde distintos ángulos, A. M. dos S. Silva, M. A. de O. Faria, M. S. Risso, C. C. A. S. Jubran, C. E. Fantinati, F. Mendonça, C. A. C. L. de Abreu Ribeiro, S. D'Onofrio, e D. Tringali.

CALIGRAMA. REVISTA INSULAR DE FILOLOGÍA. Palma de Mallorca, 1984.

Cunha coidada presentación, e ricos de contido, acaban de aparecer os dous primeiros volumes desta revista, editada pola Sección de Filoloxía Hispánica da Facultade de Filosofía e Letras mallorquina. Entre os traballos que figuran no primeiro deles, destacamos: "Un hipotético soneto surrealista de Valle-Inclán", de José Servera Baño, e "Surrealismo, movimiento surrealista y poesía surrealista en Portugal", de Perfecto E. Cuadrado, segredario de redacción da revista. No segundo volume, anotamos: "Antígona Vélez o la poesía convertida en tragedia", de Carme Bosch, e "Aproximación a la semiótica teatral", de A. Patricia Trapero Llobera, entre as diversas colaboracións.

ANNALI. SEZIONE ROMANZA. Istituto Universitario Orientale. Nápoli, 1984.

Este interesante volume ven adicado a Giuseppe Carlo Eossi. Micke Bal abre o sumario cun traballo no que se ocupa da función do nome propio como "mise en abysme". Mariantonia Liborio escribe sobre "Les glissements de l'*inventio*". E Giulia Papoff trata da "Histoire et témoignage dans l'oeuvre d'André Chamson". Na sección "Contributi e Rassegne" colaboran sobre diversos temas, Jacques Bergassoli, Pasquale Buonincontro, Angelo Colombo, Mirella Galdenzi, Mat Mouniama, Véronique Portevin, Maria Grazia Scelfo, e Barbara Spaggiari.

ESTUDIO. Revista trimestral. Madrid, julio-diciembre 1984.

Trátase dun número monográfico, "Homenaje a Guillermo Vázquez Núñez", con motivo do seu centenario. Gumersindo Placer encétao cunha Cronoloxía histórica e intelectual do homenaxeado. José M. Vallejo fai del unha semblanza. Ricardo Sanlés publica unha antoloxía epistolar. Despois, unha longa serie de colaboradores tratan da figura mercedaria desde distintos ángulos. Pola súa parte, Secundino Hernández estudia a "Prosopografía tirsiana en *Los Cigarrales de Toledo*". Jaime Asensio inserta un traballo sobre "Tirso: *vestir hipócrita* o de anascote (Marta la Piadosa)". E Sol Bonifaci outro relativo a "Las bodas en el teatro de Tirso".

LINGUA E LITERATURA. Universidade de São Paulo, 1980.

Nesta nova edición da revista dos Departamentos de Letras da Faculdade de Filosofía, Letras e Ciencias Humanas da Universidade paulista, figura un copioso sumario. Entre os diversos artigos, todos eles de interés, cabe destacar: "Réflexion sur la Métaphysique de Cecilia Meireles", por André Camlong; "Aspectos judaicos de *A Celestina*, obra-prima da Literatura espanhola", por Célia Berretini; "Carpentier y el surrealismo", por Irleman Chiampi; "Vicente Huidobro: futurista y cuantico", por Klaus Müller-Bergh; e "Influenze del futurismo su Ungaretti".

FIGURAS ILUSTRES DE LA MEDICINA GALLEGA: TABOADA Y LEAL, por Antonio Meijide Pardo.

Fai o autor neste traballo monográfico unha sipnosis biográfica do ilustre médico do pasado século. Inxire despois diversos Apéndices de indudable interés: certificación sobre os estudios de Taboada Leal no convento viveirense de Santo Domingo; testemuño do Xusticia de Oca sobre o exercicio médico do galeno naquela parroquia; certificacións do Axuntamento de Vigo; do Gremio de Mar do porto de Muros; e varios máis referentes a actividades realizadas por Taboada Leal. O traballo compleméntase con vintecinco Notas relativas aos documentos compulsados.

LETRAS DE HOJE. Rio Grande do Sul, junho de 1984.

Presenta esta edición algunhas palestras e comunicacións dun Seminario sobre o "Ensino de Linguas Estrangeiras no Brasil". Nunha primeira etapa recóllense palestras de cuño xeral sobre o ensino de linguas: do Dr. Irmao Elvo Clemente, do Dr. Eddy Rosseel, do Dr. Mouriño Mosquera, e de Lynn Mário T. Menezes de Sousa. Nunha segunda etapa ofrécense artigos baseados en investigacións máis especializadas de área de ensino de linguas estranxeiras. Entre eles, de Maria Helena Cúrcio, Prof. Lyris Wiedemann, Iria Werlang, Leonor Scliar, e Leci Borges Barbisan. Nunha terceira etapa, preséntanse dous traballos: sobre "Um método aproximativo para a solução de homografias em textos de linguagem natural", e sobre "A linguagem religiosa".

EDITORIAL GALAXIA S. A. VIGO

LIBROS DE ENSAIOS

E. Spranger / PROBLEMAS HUMÁNS.

Arlene T. Lesser / LA PASTORELA MEDIEVAL HISPÁNICA. PASTORELAS Y SERRANAS GALAICO-PORTUGUESAS.

Eduardo Moreiras / FOLLAS DE VAGAR.

Luis Seoane / COMUNICACIÓNS MESTURADAS.

Victoria Armesto / VERBAS GALEGAS.

Francisco Fernández del Riego / LETRAS DO NOSO TEMPO.

Xohán Vicente Viqueira / ENSAIOS E POESÍAS.

Ramón Piñeiro / OLLADAS NO FUTURO.

García-Sabell / ENSAIOS II.

V. F. Freixanes / UNHA DUCIA DE GALEGOS.

Castelao / DIARIO 1921.

Ricardo Carballo Calero / ESTUDOS ROSALIANOS.

M. A. Borreguero / A POESÍA DE C. E. FERREIRO.

A. Veiga / ALGUNAS CALAS SOBRE EL ORIGEN DEL GALLEGO.

C. Fernández de la Vega / O SEGREDO DO HUMOR.

Ramón Piñeiro / FILOSOFÍA DA SAUDADE.

Vicente Risco / MITTELEUROPA.

Manuel Mandianes Castro / LOURESES. ANTROPOLOXÍA DUNHA PARROQUIA GALEGA.

J. Rof Carballo / MITO E REALIDADE DA TERRA NAI.

GRIAL, REVISTA GALEGA DE CULTURA

Suscripción anual (4 números)	2.300	ptas.
Extranxeiro	3.100	"
Número solto	700	"
Extranxeiro	950	"



EDITORIAL
GALAXIA.SA